

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 29 de ABRIL de 2011**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 29 de abril de 2011, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/11, do 25 de marzo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 4.901 á nº 7.400, de 2011.

### **Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico**

3.-Convenio coa Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto Estudo do nome das rúas. As Mariñas, terra de xornalistas.

4.-Convenio coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2011.

5.-Convenio coa Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para financiar o ciclo de conferencias “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2011.

6.-Convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para realizar un ciclo de “Concertos monográficos” da Orquestra Sinfónica de Melide en concellos da provincia.

7.-Convenio co Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o Programa de actividades culturais durante o ano 2011.

8.-Convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar a V fase do proxecto de publicación do inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela na provincia da Coruña.

9.-Convenio co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para financiar o programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural.

10.-Convenio coa Fundación Luís Tilve para financiar o proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UXT e dos movementos sociais de Galicia, VII fase.

11.-Convenio co Concello de Ortigueira para a celebración do Festival Internacional do Mundo Celta 2011.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

12.-Aprobar a modificación do financiamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011.

13.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Skateparks parque Sobrado-Meicende” do Concello de Arteixo, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007 co código 07.3100.0017.0.

### **Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

14.-Aprobar a modificación das Bases reguladoras da convocatoria de axudas aos establecementos de hostalería e restauración da marca “Refuxios do Río Mandeo”, cofinanciado con Fondos Feder.

15.-Aprobación inicial do expediente de cesión de uso dun local á Fundación Meniños no Edificio A Milagrosa e aprobación do texto do convenio.

16.-Aprobación inicial do expediente de cesión de uso dun local á Fundación Odontolóxica Solidaria no Edificio A Milagrosa e aprobación do texto de convenio.

17.-Aprobación da rectificación do inventario de bens inmobles.

18.-Aprobar os pregos adaptados á Lei 2/2011 de economía sustentable:

- Procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Procedemento negociado das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.

19.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza para a compra de terreos para planta de residuos.

20.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro Empresarial da Construción Barbanza, para o financiamento da adecuación do terreo para accesos ao Centro de Formación.

21.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Tordoia para adquirir os terreos para a Gardería Municipal e deixar sen efecto o convenio suscrito co Concello de Tordoia formalizado o 9-12-2009, motivado pola necesidade de regularizar o soar conforme ao planeamento.

22.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión para o acondicionamento da parcela piscina cuberta municipal.

23.-Modificar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para financiar a Casa da Cultura.

24.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para financiar o proxecto de dotación de material sanitario para os centros sanitarios de Smara-Campamentos de refuxiados de Tindouf.

25.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Innova, para financiar o proxecto de fortalecemento institucional do Centro Educativo Técnico Produtivo “Alcides Salomon Zorrilla” para persoas con discapacidade no Perú.

26.-Aprobar o convenio de colaboración entre a. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Integro para a Diversidade Funcional das Comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra para financiar un vehículo adaptado e rotulado.

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo**

27.-Aprobar a modificación das bases reguladoras do “Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas de Muros-Noia, O Barbanza e O Sar”.

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

28.-Aprobar a Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

29.-Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora do Boletín Oficial Provincial da Coruña.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

30.-Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora da seguridade viaria na DP 2205 Santo André de Teixido á Pedra P.Q. 0+000 a 1+560 Cedeira (0911100009.1).

31.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2011 3ª fase integrado polo proxecto: proxecto actualizado do proxecto modificado DP 0807 Tatín a San Isidro por Moruxo (segunda fase) Bergondo. Código 1111300003.0.

32.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2011 1ª fase, integrado polo proxecto: mellora da seguridade viaria DP 3801 Sigüeiro a San Mauro P.Q. 8+040 ao 8+900 (Oroso). Código 1111300001.0.

33.-Concesión dunha prórroga ao Concello de Santiago para que remita a documentación da base 3.2 do Texto refundido das bases de colaboración entre a

Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han de incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2008-2011 para o proxecto complementario do proxecto Travesía na DP 7803 Santiago a Figueiras P.Q. 3,52 a 4,00. Santiago.

34.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2011 terceira fase, integrado polo proxecto: acondicionamento e pavimentación da estrada DP 9302 de Santo Adrián a Zas. Zas. Código 1111700003.0.

35.-Modificación do acordo plenario do 25 de febreiro de 2011, relativo á aprobación do proxecto reformado da obra de acondicionamento DP 3404 Serra de Outes a Dumbría P.Q. 31+230 ao 31+510 (tramo 1), incluído na 4ª fase do Plan de vías provinciais 2009.

36.-Dar por realizada a fase de información pública no expediente expropiatorio para a execución das obras incluídas no proxecto: acondicionamento da DP 4904 das Somozas a Balocos por Moeche, P.Q. 7 ao 8 (Moeche). Ratificar a solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación.

37.-Aprobar o proxecto reformado de mellora da seguridade viaria e nova capa de rodaxe nas DP 1706, DP 5807 e DP 7507. Cambre, Oleiros e Sada (0911000033.0).

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

38.-Informe final ou resumo de actuacións na execución do Plan de auditorías para o exercicio do control financeiro das subvencións pagadas pola Deputación provincial no exercicio 2009 e proposta do Plan de control financeiro para as subvencións pagadas no exercicio 2010.

39.-Dar conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2010.

40.-Dar conta do informe de estabilidade orzamentaria da liquidación do exercicio 2010 da Unidade Institucional que conforma a Deputación provincial.

41.-Dar conta dos informes sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011, en aplicación do establecido na Lei 3/2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163 de 6 de xullo de 2010).

42.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Melide en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

43.-Modificar a Ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios.

44.-Aprobar as bases singulares para a xestión por delegación da recadación executiva das sancións de tráfico do Concello da Coruña e aceptación da devandita delegación.

45.-Aceptar a delegación de competencias tributarias acordada polo Concello de Carballo en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

46.-Aceptar a delegación de competencias tributarias acordada polo Concello de Carballo en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

47.-Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Carballo.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE ABRIL DE 2011

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de abril de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTE

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	Non adscrito
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOAN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten o Sr. Cabo Pérez e as Sras. Pérez Fernández e Seixas Naia.

O Sr. Fernández Mourinho entra comenzada a sesión, no punto número catro.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/11, DO 25 DE MARZO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 31/11, do 25 de marzo.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 4.901 Á Nº 7.400, DE 2011.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 4.901 á nº 7.400, de 2011.

### **3.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN DA PRENSA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO ESTUDO DO NOME DAS RÚAS. AS MARIÑAS, TERRA DE XORNALISTAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio, cuxo texto se transcribe ao final do presente acordo, coa Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto Estudo do nome das rúas. As Mariñas, terra de xornalistas, cun orzamento subvencionado de trinta e sete mil cinco centos euros (37.500 €).

2.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“ **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. As Mariñas, Terra de xornalistas.***

Na Coruña, o



## REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Manuel González Menéndez, Presidente da Asociación da Prensa da Coruña

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

2.- A Asociación da Prensa da Coruña, dentro das actividades dirixidas ao rescate da memoria dos principais creadores xornalísticos e literarios da cidade e de Galicia, está a realizar unha liña especializada de publicacións, sobre a presenza dos xornalistas nos rúes das cidades, cunha dobre finalidade: a posta en valor do coñecemento de xornalistas e a súa implantación social a través dos rúes das cidades.

3.- Como continuación do traballo iniciado no ano 2008 co tomo adicado aos xornalistas no rúe da cidade da Coruña, que seguiu en 2009, co adicado aos xornalistas de Santiago de Compostela e, no ano 2010, co adicado aos xornalistas de Ferrol, no ano 2011 realizarase o estudo: *As Mariñas, terra de xornalistas*, no que se recollerán os nomes dos xornalistas que dan nome a rúas en Betanzos, Culleredo, Cambre, Oleiros, Bergondo, Abegondo, Carral, Sada e Arteixo.

Con este proxecto preténdese salientar o papel de determinados xornalistas que fixeron historia non só no mundo da comunicación, tamén no ámbito da cultura galega nos dous últimos séculos, especialmente os máis vinculados ao rexurdimento galego a fins do século XIX e principios do XX.

4 - A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña coinciden en valorar positivamente esta liña de publicacións polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. As Mariñas, terra de xornalistas* que se realizará nas seguintes fases:

- \* Localización e avaliación dos personaxes.
- \* Busca documental: literaria e gráfica.
- \* Elección de autores dos textos.
- \* Realización do material gráfico actual: localización das rúas.

- \* Elaboración da premaqueta e infografía.
- \* Redacción de textos.
- \* Edición e impresión.
- \* Distribución.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

A Asociación da Prensa da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Redacción, colaboracións	6.000.-
Documentación, materiais	2.000.-
Fotografía, infografía	5.500.-
Deseño, maquetación	4.250.-
Edición	14.000.-
Distribución	4.000.-
Varios	1.750.-
<b>Total</b>	<b>37.500 €</b>

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación da Prensa da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

## **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación da Prensa da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación da Prensa da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación da Prensa da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación da Prensa da Coruña.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación da Prensa da Coruña unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación da Prensa da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación da Prensa da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación da Prensa da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación da Prensa da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación da Prensa da Coruña na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación da Prensa da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación da Prensa da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

- 1.- A Asociación da Prensa da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- 3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación da Prensa da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

- 1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

- 1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
- 2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.
- 3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación da Prensa da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da Asociación de Prensa da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **4.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA PARA FINANCIAR PROGRAMAS EDUCATIVOS E DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O ANO 2011.**

(Entra no salón o Sr. Fernández Mouriño)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio, cuxo texto se transcribe ao final do presente acordo, coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2011, cun orzamento subvencionado de sesenta e nove mil cincocentos vinte euros (69.520 €).

2.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

**“ Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de *Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2011***

Na Coruña, o

#### **REÚNENSE**

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario D. José Luís Almau Supervía.

D. Xoán Costa Casas, presidente da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigar nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente á educación na cultura, e moi especialmente á promoción e fomento da utilización da nosa lingua.

Así mesmo, a Deputación apoia o fomento da lingua mediante distintas actuacións orientadas á consecución do obxectivo da súa normalización na nosa comunidade.

2.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega é unha entidade de carácter cultural que ten por finalidade a promoción de toda clase de estudos sociais e pedagóxicos sobre a sociedade galega, incidindo no estudo dos métodos pedagóxicos existentes, e buscando acadar os mais axeitados para aplicar no ensino en Galicia, na procura dunha cada vez maior dinamización da cultura e a lingua galegas.

3.- Como parte das actividades de fomento da lingua a Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolve o proxecto *Tiralle da lingua*, dirixido ao profesorado e ao alumnado, coa finalidade de incentivar o uso oral do galego e, polo tanto, a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova; tamén desenvolve o programa *Aprender para educar*, que é un programa de formación dirixido ás familias, de interrelación e exposición de experiencias.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de *Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2011* co seguinte contido:

#### *Tiralle da lingua.-*

Este proxecto desenvólvese en dúas fases:

- \* Xornadas de expresión oral dirixidas ao profesorado de primaria, ESO e bacharelato de toda Galicia, que teñen lugar en Santiago, durante dous días.
- \* Concurso de relato oral dirixido ao alumnado, con sesións de animación lingüística, contacontos ou teatro nos centros que pasan á fase final do concurso, que se celebra no Teatro Principal de Santiago.



### Aprender para educar.-

Este proxecto desenvólvese nos concellos de Carballo, Culleredo e Melide, en catro fases:

- \* Recollida de información nas ANPAS.
- \* Información e formación; nesta fase realizaranse conferencias con coloquio.
- \* Formación de pais e nais como animadores e condutores de grupo, o que permitirá a formación de grupos de aprendizaxe.
- \* Realización de oito obradoiros dirixidos ao alumnado.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

### ***Tíralle da lingua.- Xornadas de expresión oral***

* Publicidade: deseño e maquetación	1.000.-
* Envíos a centros	1.000.-
* Docencia	2.000.-
* Axudas de custo : comidas e desprazamentos	600.-
* Impresión de programas e carteis	1.500.-
* Elaboración de programa, xestión e organización	2.500.-
* Imprevistos	1.200.-
<b>Subtotal</b>	<b>9.800.-</b>

### ***Tíralle da lingua.- Concurso de relato oral***

* Catro primeiros premios	1.200.-
* Catro segundos premios	600.-
* Premios aos centros	2.000.-
* Trinta sesións de contacontos nos centros	6.000.-
* Dinamización e presentación do concurso	1.900.-
* Maquetación, impresión e distribución de publicidade	4.000.-
* Organización e xestión	3.500.-
* Axudas de custo : comidas e desprazamentos	1.400.-
* Imprevistos	2.000.-
<b>Subtotal</b>	<b>22.600.-</b>

### ***Aprender para educar***

* Planificación, coordinación, organización e xestión	7.500.-
* Relatores das charlas e obradoiros	13.000.-
* Servizo de gardería e actividades	1.500.-
* Deseño e maquetación da publicidade	2.200.-
* Impresión e envío da publicidade	5.100.-
* Material para asistentes	3.000.-
* Gastos do encontro final coas familias	1.300.-
* Publicidade nos medios	920.-
* Imprevistos	2.600.-
<b>Subtotal</b>	<b>37.120.-</b>
<b>Total de gastos</b>	<b>69.520 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **55.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,11 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só chegará o importe que represente o 79,11 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Socio-Pedagóxica Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Socio-Pedagóxica Galega, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Socio-Pedagóxica Galega unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Socio-Pedagóxica Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Socio-Pedagóxica Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación Socio-Pedagóxica Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Socio-Pedagóxica Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

## **5.-CONVENIO COA REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA PARA FINANCIAR O CICLO DE CONFERENCIAS “UNHA MEDICINA AO SERVIZO DA SOCIEDADE” DURANTE O ANO 2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

**“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa que se recolle na base 49ª das de execución do presuposto 2011, a favor da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, no senso de que se destine a financiar o ciclo de conferencias: “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2011**

**2.- Aprobar o texto do convenio correspondente á dita subvención, por importe de 15.000 €, e cun presuposto subvencionado de 18.850 €.**

**3.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.**

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para financiar o ciclo de conferencias “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2011.**

Na Coruña, o

### **REUNIDOS**

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José Carro Otero, Presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

### **MANIFESTAN**

**1.-** Que ámbalas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

**2.-** Que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten disposto organizar un ciclo de conferencias titulado **“Unha medicina ao servizo da sociedade”**.

O propósito deste ciclo é contribuír a mellorar a información da xuventude naqueles temas socio-sanitarios que, por abuso e mala práctica, xeran serios problemas de gran preocupación xeral.

**3.-** Que a Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á difusión dos coñecementos médicos para mellorar o nivel sanitario da poboación da provincia, polo que ten a intención de impulsar o desenvolvemento daquelas prácticas que contribúan a esta difusión.

4 - A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia coinciden en valorar positivamente este ciclo de conferencias, polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para financiar o ciclo de conferencias *Unha medicina ao servizo da sociedade, durante o ano 2011* que tratarán os seguintes temas:

- \* Adicións: alcoholismo, tabaquismo e drogas naturais e de deseño.
- \* Sexualidade: sexualidade responsable, vacina contra o virus do papiloma humano, anticoncepción na actualidade, embarazo non desexado e a pílula “do día despois”.
- \* Alimentación: ortorexia e vigorexia, anorexia, obesidade xuvenil, necesidade de nutrientes e diabete xuvenil.
- \* Práctica de vida saudable: beneficios da actividade físico-deportiva, medio ambiente e a súa influencia no benestar físico e psíquico, inconvenientes do ocio incontrolado, enfermidades vencelladas ao modo de vida actual e contaminación acústica e problemas derivados.
- \* Varios: accidentes de tráfico, agresividade no ámbito escolar e social, piercing e tatuaxes e cirurxía estética.

O ciclo estará integrado por 20 conferencias en centros de ensino secundario dos seguintes concellos: Ames, Arzúa, Boiro, Camariñas, Carballo, Carnota, A Coruña, Culleredo, Curtis, Ferrol, Melide, Miño, Negreira, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Teo, Val do Dubra e Zas (en reserva: Cambre, Cee, Laxe, Ponteceso, Noia, Ribeira e Vimianzo).

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Desprazamentos para organización	900.-
Imprenta	2.850.-
Correo, mensaxería	250.-
Honorarios conferenciantes	5.500.-
Desprazamentos conferenciantes	600.-
Medios audiovisuais: mantemento e repostos	300.-
Fotografía, programas power point, gráficos, etc	650.-
Secretaría	7.800.-
<b>Total</b>	<b>18.850 €</b>



### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,58 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,58 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75 %** do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa chegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación chegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e superará o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

## **6.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL MÚSICA SINFÓNICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA REALIZAR UN CICLO DE “CONCERTOS MONOGRÁFICOS” DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE MELIDE EN CONCELLOS DA PROVINCIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago correspondente á subvención nominativa, por importe de 65.600 €, concedida para a realización dun ciclo de “Concertos monográficos”, da Orquestra Sinfónica de Melide, cun orzamento subvencionado de 83.700 €.

2.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para a realización dun ciclo de “Concertos monográficos” da Orquestra Sinfónica de Melide en concellos da provincia.**

Na Coruña, o

### **REÚNENSE**

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

D. Fernando Vázquez Arias, Presidente da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

### **EXPOÑEN**

1.- Que o 26 de outubro de 2005 e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, foron aprobados os estatutos da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é a contribución ao desenvolvemento global da comunidade, tanto no eido da cultura, como nos aspectos sociais, que axuden a conseguir a mellora na vida da comunidade, mediante a organización de todo tipo de actividades que abarquen os ámbitos culturais, entre outros.

Entre estas actividades está a Orquestra Sinfónica de Melide, da que é titular a Asociación.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dun ciclo de **“Concertos monográficos”** da Orquestra Sinfónica de Melide co obxectivo de achegar a música clásica ás pequenas poboacións, promover grandes montaxes, apoiar aos artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto o financiamento dun ciclo de “**Concertos monográficos**” da Orquestra Sinfónica de Melide en catro concellos da provincia.

Nestes concertos interpretaranse dous programas que poderán ser escollidos polos concellos:

“Cantata Melidá”, obra sinfónico-coral para orquestrar, coro, soprano, tenor e barítono.  
“Música do cine”, temas de bandas sonoras.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a **Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.**

A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

* Gastos de artistas	47.000.-
* Equipo eléctrico	7.000.-
* Alugamento de tarimas	7.400.-
* Alugamento de equipo de son	3.300.-
* Desprazamentos	4.000.-
* Producción dos concertos	10.000.-
* Publicidade	3.000.-
* Servizo de restauración e hospedaxe	2.000.-

**Total de gastos** **83.700 €**

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **65.600 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,38 %**.

No caso de que o gasto xustificadonon acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **78,38 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75 %** do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.



Con esta relación chegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ciclo de “Concertos monográficos”.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio,

aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

### **7.-CONVENIO CO CENTRO DE ESTUDOS MELIDENSES-MUSEO DA TERRA DE MELIDE PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, correspondente á subvención nominativa, por importe de 29.475,62 €, concedida para financiar o “Programa de actividades culturais durante o ano 2011”, cun orzamento subvencionado de 36.844,52 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o *Programa de actividades culturais durante o ano 2011.***

Na Coruña,

### REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña.

D. Xosé Manuel Broz Rei, Director do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

### MANIFESTAN

Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias se atopa o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os museos da provincia desenvolven no espallamento da cultura da nosa terra.

Que o Museo da Terra de Melide é o único museo comarcal de toda a provincia, e naceu coas achegas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Melide e Plan Leader da Unión Europea, constituíndo o cerne dunha concienciación social, e da posta en valor duns elementos que eran testemuñas da nosa antigüidade.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, coa vontade de promover a potenciación das actividades culturais na zona, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o *Programa de actividades culturais durante o ano 2011.*

#### **II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

* Gastos de persoal	26.974,52.-
* Publicación do Boletín nº 24	3.600,00.-
* Publicación dunha guía de festas, feiras e gastronomía	3.200,00.-
* Elaboración de calendarios de cruceiros	650,00.-
* Explicacións, paneis e letreiros	400,00.-
* Edición de postal	320,00.-
* Edición de marcapáxinas	350,00.-
* Edición dun plano de Melide	450,00.-
* Colocación de cámaras de vixilancia	900,00.-

**Total de gastos** **36.844,52 €**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **29.475,62 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide na documentación achegada .

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a

extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

## **8.-CONVENIO CO ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A V FASE DO PROXECTO DE PUBLICACIÓN DO INVENTARIO DOS FONDOS PARROQUIAIS DA DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa que se recolle na base 49ª das de execución do presuposto 2011, a favor do Arcebispado de Santiago de Compostela, no senso de que se destine a financiar a V fase do proxecto de publicación do Inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña.

2.- Aprobar o convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 72.000 €, concedida para financiar a V fase do proxecto de publicación do Inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña, cun orzamento subvencionado do 108.513,74 €.

3.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“ **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar a V fase do proxecto de publicación do Inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña.**

Na Coruña, o

### **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

O Excmo e Rvdo. Sr. D. Julián Barrio Barrio, Arcebispo de Santiago de Compostela.

Ámbalas partes no nome e a representación que desempeñan e coa capacidade legal para este acto

## MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas partes recoñecen o interese e valor histórico do conxunto formado polos fondos parroquiais depositados no Arquivo Histórico Diocesano: trátase dunha colección de documentos que abarcan dende o século XV ata a metade do século XX, recollidos e concentrados no Arquivo Histórico Diocesano dende a súa fundación no ano 1975 e, sobre todo, nos últimos oito anos, mediante os diversos proxectos financiados pola Deputación da Coruña.

A documentación está formada por libros manuscritos, cartapacios e impresos, nun número aproximado de 18.250 cartapacios e 37 pergamínos soltos, procedentes dos arquivos de 711 parroquias; as datas da documentación están entre 1443 e 2001, aínda que o comezo dos arquivos parroquiais se sitúa na segunda metade do século XVI.

Os libros parroquiais teñen un especial interese xa que os rexistros civís comezaron a súa andadura no ano 1870, polo que son practicamente a única fonte de datos de tipo xenealóxico dende o século XVI ata o presente.

Tamén é documentación moi importante para o coñecemento da produción artística e cultural, da antropoloxía e a socioloxía da nosa terra, da medicina, da xeografía...

3.- Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, no que se fixan as actuacións que se desenvolverán no Arquivo Histórico Diocesano, de acordo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar a *V fase do proxecto de publicación do Inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña.*

Nesta quinta fase do proxecto realizaranse os seguintes traballos:

- \* Publicación dos fondos correspondentes ás parroquias da provincia da Coruña, comprendidas entre as letras D e O, completas.
- \* Calendario, recollida, traslado e transferencia dos arquivos parroquiais xa programados.
- \* Desinfección da documentación transferida.
- \* Limpeza e catalogación.
- \* Informatización dos fondos.
- \* Restauración.
- \* Uso e consulta.
- \* Revisión e actualización dos arquivos parroquiais.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

O Arcebispado de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal (equipo de 5 persoas)	93.300,06.-
Limpeza	4.513,68.-
Materiais consumibles	7.500,00.-
Axudas de custo e quilometraxe	3.200,00.-
<b>Total</b>	<b>108.513,74 €</b>

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **72.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **66,35 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,35 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Arcebispado de Santiago de Compostela obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Arcebispado de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Arcebispado de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Arcebispado de Santiago de Compostela.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao Arcebispado de Santiago de Compostela unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo director do Arquivo Histórico Diocesano, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Arcebispado de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Arcebispado de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Arcebispado de Santiago de Compostela na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Arcebispado de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O Arcebispo de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Arcebispo de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Arcebispo de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Arcebispo de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Arcebispo de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.



2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Arcebispado de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Arcebispado de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do Arcebispado de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos

informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

#### **9.-CONVENIO CO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA-CEIDA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa que se recolle na base 49ª das de execución do presuposto 2011, a favor do Centro de Extensión Universitaria de Galicia-Ceida, no senso de que se destine a financiar o **Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural**

2.- Aprobar o texto do convenio correspondente á dita subvención, por importe de 40.000 €, e cun orzamento subvencionado de 119.371,52 €.

3.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“ **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o**

***Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural.***

Na Coruña o

**REUNIDOS**

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Provincial da Coruña

D. Carlos Vales Vázquez, Director Xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que representan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración suscrito o 5 de decembro de 1997 por a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

\* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.

\* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

\* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o *Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural* que, a través da Deputación de Coruña, pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA para financiar o *Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural*, cos seguintes obxectivos:

- \* Fomentar actitudes participativas na conservación do patrimonio, especialmente o mariño, presentando boas prácticas que minimizan o impacto das actividades humanas.
- \* Invitar a colectivos, institucións e empresas a coñecer os distintos aspectos históricos, patrimoniais e naturais do Castelo de Santa Cruz e o seu contorno.
- \* Descubrir as potencialidades que, para un desenvolvemento local sustentable, ten a declaración do espazo protexido.
- \* Dar as ferramentas necesarias para comprender os valores culturais e naturais do litoral galego.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Director do programa	13.390,86.-
4 Educadores ambientais	92.238,72.-
Documentalista	4.611,94.-
Seguro de accidentes e R.C.	630,00.-
Materias e servizos do V Congreso Escolar	3.000,00.-
Gastos diversos (teléfono, envíos, fotocopias)	5.500,00.-
<b>Total de gastos</b>	<b>119.371,52 €</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **33,51 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 33,51 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/172A/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, o CEIDA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CEIDA.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao CEIDA unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CEIDA.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe

constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O CEIDA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CEIDA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do CEIDA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.



3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **10.-CONVENIO COA FUNDACIÓN LUÍS TILVE PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA UXT E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS DE GALICIA, VII FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa que se recolle na base 49ª das de execución do presuposto 2011, a favor da Fundación Luís Tilve, no senso de que se destine a financiar o Proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais de Galicia, **VII** fase.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Luís Tilve correspondente á subvención nominativa, por importe de 32.000 €, concedida para financiar o “Proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais de Galicia, VII fase”, cun presuposto subvencionado de 40.000 €.

3.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para financiar a continuación do “Proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais de Galicia, VII fase”.**

Na Coruña, o

**REUNIDOS**

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

D. Jesús Mosquera Sueiro, Presidente da Fundación Luís Tilve.

Ámbalas partes, no nome e na representación que desempeñan e coa capacidade legal para este acto

**EXPOÑEN**

1.- A Fundación Luís Tilve é unha institución co carácter de fundación cultural privada, constituída en Santiago de Compostela o día 9 de outubro de 1989, que foi declarada de interese galego por Orde do 1 de abril de 1991, da Xunta de Galicia.

2.- A Fundación Luís Tilve é a depositaria do arquivo histórico e documental da UGT Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

A Fundación creou o *Arquivo Histórico do Movemento Obreiro*, que forma parte da rede de Arquivos de Galicia e da Rede de Arquivos da UGT e a *Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo*, integrada na rede de Bibliotecas de Galicia.

3.- Ámbalas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

4.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- En base ás razóns sinaladas, a Deputación da Coruña vén de financiar seis fases do proxecto, mediante os correspondentes convenios de colaboración asinados a partir do ano 2004.

Nestes anos, a Fundación organizou un arquivo que cumpre coas mellores condicións marcadas pola arquivística, organizou unha biblioteca especializada no mundo obreiro e laboral de gran calidade, recompilou material documental en risco de desaparecer e unha gran cantidade de actividades de investigación que axudan a coñecer e comprender o noso pasado.

6.- Nesta sétima fase continuarase co labor de clasificación e catalogación; ademais, os traballos tecnolóxicos iniciados ten que mellorarse e actualizarse, o que obriga a un labor de transformación de formatos materiais a dixitais, de descrición en novas bases de datos, etc.

7.- En relación ás bases indicadas subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é financiar o *“Proxecto de investigación, estruturación e conservación do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais en Galicia, VII fase”*, a través do que se pretenden conseguir os seguintes obxectivos:

- \* Identificar, clasificar, ordenar, describir e expurgar a nova documentación achegada ao arquivo da Fundación.
- \* Continuar co proceso de busca e recompilación de documentación relativa aos movementos sociais nos distintos arquivos galegos e españois, así como facer copia da documentación que poida resultar de interese, engadíndoa á documentación do arquivo.
- \* Continuar co proceso de recompilación hemerográfica de carácter obreira e social en museos, bibliotecas e hemerotecas de toda España, coa intención de adquirir copias ou orixinais para a súa inclusión no arquivo e biblioteca da Fundación e, na medida do posible, dixitalizar o material.
- \* Continuar co proceso de busca e compilación de cartelería de carácter obreiro para a súa clasificación, ordenación, descrición, difusión e conservación.
- \* Dixitalizar a nova documentación fotográfica achegada, coa fin de mellorar a súa difusión e adaptación ás TIC, garantindo a súa conservación.
- \* Conservar esta nova documentación custodiándoa nas mellores condicións, garantindo a súa seguridade e a orde máis axeitada, mediante as técnicas arquivísticas de clasificación, descrición e ordenación, procedendo logo á publicación do inventario co seu cadro de clasificación ou dunha guía do arquivo.
- \* Catalogar as novas obras monográficas e seriadas que vaian chegando, introducindo a información na base de datos en rede do *Proxecto Meiga*. Estas obras integranse na *Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo*.

\* Servir aos cidadáns en xeral, e á administración e á organización sindical, en particular, garantindo a consulta e favorecendo a investigación, a información e a xestión administrativa; así como facilitando sistemas de reprodución que aseguren tanto a conservación como o uso da documentación.

\* Engadir a nova información á páxina web, no espazo denominado *Centro Documental*, así como mellorar a calidade do material documental que se ha consultar neste apartado web, para que poida ser consultado a través da rede.

\* Elaborar publicacións froito dos traballos de investigación realizados e da información adquirida.

\* Transformar formatos documentais antigos (cintas de audio en casset, cintas de vídeo en VHS, Beta, etc.) en formatos actuais de fácil lectura e uso (Cd, DVD, etc.).

\* Engadir novos perfís á base de datos biográfica do movemento obreiro coa fin de que sexa incluída na web a través do *Centro Documental*.

\* Difundir os estudos realizados, a documentación e o fondo bibliográfico a través de prensa, seminarios, xornadas, publicacións, exposicións, etc.

\* Catalogar o novo material audiovisual, conservándoo en caixas especiais.

\* Realizar conferencias e mesas redondas nas que se dea a coñecer os resultados das investigacións levadas a cabo.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

A Fundación Luís Tilve desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>* Gastos de persoal</i>	
Persoal técnico e administrativo	34.765.-
<i>* Subministracións exteriores</i>	
Comunicacións, material funxible	1.000.-
<i>* Outros gastos</i>	
Seminarios, reunións, desprazamentos	2.400.-
<i>* Gastos diversos</i>	
	1.835.-
<b>Total</b>	<b>40.000 €</b>

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **32.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Luís Tilve obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Luís Tilve.

A coordinación do proxecto correspóndelle ao presidente e ao secretario da Fundación Luís Tilve, que terán as seguintes funcións:

- \* Marcar as liñas de actuación de acordo co proxecto.
- \* Facer un seguimento da marcha dos traballos e ordenar a súa temporalización.
- \* Aprobar o traballo realizado así como os gastos.
- \* Certificar os informes, pagos e traballos realizados, para o seu envío á Deputación.

A Fundación contará cun equipo técnico de persoal especializado en arquivística e catalogación, que será contratado para facer os traballos obxecto do presente convenio.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Luís Tilve, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Luís Tilve deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Luís Tilve.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Luís Tilve unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Luís Tilve, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Luís Tilve deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Luís Tilve para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Luís Tilve da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Luís Tilve na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Luís Tilve terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Fundación Luís Tilve deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Fundación Luís Tilve destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Luís Tilve deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Luís Tilve poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Luís Tilve queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e superará o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Luís Tilve serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.



2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Luís Tilve será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da Fundación Luís Tilve, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **11.-CONVENIO CO CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA 2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Concello de Ortigueira correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para financiar o Festival Internacional do Mundo Celta 2011, cun orzamento subvencionado de 500.000 €.

2.- Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

“ **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para a celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta 2011***

Na Coruña, o

### **REÚNENSE**

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Rafael Girón Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de Ortigueira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local.

Ambas partes se recoñecen mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

### **EXPOÑEN**

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ortigueira exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins establecidos na normativa vixente.

2.- No Concello de Ortigueira véñese celebrando dende hai 33 anos o *Festival Internacional do Mundo Celta*, o cal acadou renome tanto a nivel nacional, como internacional, promovendo o concello de Ortigueira e, dunha forma indirecta no ámbito cultural, turístico e social a provincia e a comunidade autónoma que o declarou de Interese turístico para Galicia.

3.- Actualmente o *Festival Internacional do Mundo Celta*, foi declarado de interese turístico de Galicia e nacional e no ano 2005 foi declarado de interese turístico internacional polo Goberno de España. Por todo iso debe coidarse moito a calidade da programación artística, infraestruturas e servizos, de xeito que acade en cada edición, un nivel máis alto; isto supón uns altos que non poden financiarse exclusivamente a través dos presupostos xerais do Concello.

4.- Atendendo á finalidade da actuación que pretende o Concello de Ortigueira e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promove en diversos ámbitos ao municipio e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu presuposto de gastos, é polo que ambas administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira que permita a celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta 2011* os días 7, 8, 9 e 10 de xullo de 2011.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ortigueira.

O Concello de Ortigueira desenvolverá as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

#### 1.- Alugamento de infraestruturas

Escenarios, iluminación, son, electricidade, xeradores, produción,persoal de produción, backline, tarimas, sanitarios, autobuses,  
Medios de transporte 189.500.-

#### 2.- Contratacións artísticas

Caxés de grupos, bandas de música, desprazamentos, hoteis,  
alimentación, servizo de restauración, gastos diversos 130.000.-

#### 3- Organización e coordinación

Seguros, persoal contratado, protección civil, seguridade,  
protocolo, promoción e publicidade, prensa, cartelería, imprenta,  
Merchandising, imprevistos 180.500.-

**Total de gastos 500.000 €**

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **20 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ortigueira obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Corresponderalle ao Concello de Ortigueira o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ortigueira axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. O Concello de Ortigueira incluírá en toda a publicidade que realice con motivo do ***Festival Internacional do Mundo Celta*** e na súa páxina web á Deputación Provincial da Coruña como institución que subvenciona o evento. Ademais reservarase un espazo no recinto do Festival para que esta poida instalar un posto e así mesmo un tempo destinado á emisión de vídeos publicitarios da Deputación entre as actuacións artísticas do escenario principal.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ortigueira.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ortigueira do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe do 60% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se ha xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

*Segundo prazo*, por importe do 40 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

2.- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ortigueira terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ortigueira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a

partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ortigueira para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ortigueira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello de Ortigueira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Ortigueira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ortigueira poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ortigueira queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ortigueira serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ortigueira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do Concello de Ortigueira, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ortigueira, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento. “



## 12.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o acordo plenario desta Deputación provincial do 25 de febreiro de 2011 polo que se aproba o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2011, cunha previsión de asignación estatal para o cofinanciamento deste plan de 3.048.820,66 €, así como o seu Plan complementario.

Vista a Resolución da Presidencia desta Deputación, nº 5231, do 24 de marzo de 2011, pola que se consideran cumpridas as condicións ás que foi sometido o acordo plenario do 25 de febreiro de 2011 relativo á aprobación do POS 2011, e considérase definitivamente aprobado o devandito plan.

Vista a Resolución do secretario de Estado de Cooperación Territorial do 28 de marzo de 2011 pola que se asigna a esta Deputación provincial unha subvención como achega do Estado ao cofinanciamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para a anualidade 2011 de 3.023.778,17 €.

Vista a minoración de 25.042,49 € que esta achega definitiva do Estado ao financiamento do POS 2011 representa en relación coa asignación estatal inicialmente comunicada a esta entidade.

Tendo en conta que hai unha obra do Concello de Santiago de Compostela á que podería aplicarse a minoración da subvención estatal definitivamente aprobada con respecto á inicialmente prevista e simultaneamente incrementar na mesma medida, a achega de Deputación fondos propios, de forma que iso non afecte ao importe total da obra aprobada.

1.- Aprobar a modificación do financiamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2011 acordada polo Pleno desta Deputación na sesión celebrada o 25 de febreiro de 2011. A modificación está motivada pola minoración da achega estatal definitivamente asignada en relación coa comunicada inicialmente, que supón unha diminución de 25.042,49 €. O resumo modificado de cifras globais de financiamento dos dous apartados en que se estrutura o plan é o que se indica a seguir:

		<b>POS 2011</b>				
		FINANCIAMENTO DO PLAN				
SECCIÓN	PARTIDA	MPT	DEP.-F. P.	TOTAL PRESUPUESTARIO	CONCELLO	TOTAL
POS- obras de investimento	0501 / 459A / 76201	3.023.778,17	15.020.354,69	18.044.132,86	2.161.542,64	20.205.675,50
POS- gastos correntes	0501 / 459A 46201	0,00	6.152.668,18	6.152.668,18	0,00	6.152.668,18
	<b>TOTAIS</b>	<b>3.023.778,17</b>	<b>21.173.022,87</b>	<b>24.196.801,04</b>	<b>2.161.542,64</b>	<b>26.358.343,68</b>

A modificación afecta unicamente a obra "Senda peonil v.p. R-5-III-B, Polígono Tambre - Son de A." do Concello de Santiago de Compostela, incluída no POS 2011 co código 11.2100.0210.0 no sentido de diminuír nesta obra a achega do Estado na cantidade total minorada no plan, que ascende a 25.042,49€, incrementando na mesma medida a achega da Deputación, sen que iso afecte ao orzamento total da obra nin á achega municipal, segundo se detalla deseguido:

Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Senda peonil v.p. R-5-III-B, Polígono Tambre - Son de A.			
Código:	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
11.2100.0210.0			
Estado	56.152,46	31.109,97	-25.042,49
Deputación fondos propios	213.376,92	238.419,41	25.042,49
Concello	27.294,92	27.294,92	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>296.824,30</b>	<b>296.824,30</b>	<b>-0,00</b>

2.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.”

**13.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SKATEPARKS PARQUE SOBRADO-MEICENDE” DO CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007 CO CÓDIGO 07.3100.0017.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Skateparks parque Sobrado-Meicende”, do Concello de Arteixo, co código: 07.3100.0017.0, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP), anualidade 2007, cun orzamento de contrata de 61.058,92 €, que aínda que non supón variación económica nin do seu obxecto ou finalidade, si supón un cambio da situación da obra e unha alteración das partidas internas do seu presuposto superior a un 30% do presuposto de execución material, todo isto sen

prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno desta Deputación na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente aos proxectos inicialmente aprobados.”

		<b>Datos co 16% IVE</b>		
<b>Código</b>	<b>Denominación Concello</b>	<b>Deputación f.p.</b>	<b>Concello</b>	<b>TOTAL</b>
07.3100.0017.0	Skateparks parque Sobrado-Meicende Concello de Arteixo	61.058,92	0,00	<b>61.058,92</b>

#### **14.-APROBAR A MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN DA MARCA “REFUXIOS DO RÍO MANDEO”, COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a modificación das Bases reguladoras reguladoras da convocatoria de axudas aos establecementos de hostalería e restauración que soliciten a adhesión á Marca “Refuxios do Río Mandeo”, que desenvolven o contido do Proxecto reformulado denominado “Mandeo, posta en valor das concas fluviais 1ª fase: Río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013.

Tendo en conta que o obxecto da modificación é conceder un novo prazo para que os establecementos de hostalería e restauración adheridos á marca que non solicitasen axudas poidan presentar unha solicitude.

1.- Aprobar as Bases modificadas reguladoras da convocatoria de axudas aos establecementos de hostalería e restauración que soliciten a adhesión á Marca “Refuxios do Río Mandeo” do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos FEDER, cuxo texto figura no anexo a este acordo, e cuxa finalidade é conceder un novo prazo para que os establecementos de hostalería e restauración adheridos á marca que non solicitasen axudas poidan presentar unha solicitude.

2.- Remitir este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderanse definitivamente aprobadas estas bases reguladoras”.

BASES MODIFICADAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN QUE SOLICITEN A SÚA ADHESIÓN Á MARCA “REFUXIOS DO RÍO MANDEO” PARA A SÚA MELLORA, DENTRO DA ACTUACIÓN B.13 DO PROXECTO MANDEO (IMPULSAR UNHA REDE DE ALOXAMENTOS-RESTAURACIÓN DE CALIDADE. DEFINICIÓN MARCA PROPIA) COFINANCIADO NUN 70% CON FONDOS FEDER

## 1.- DENOMINACIÓN E FINALIDADE

A Deputación da Coruña está a executar o Proxecto Mandeo cofinanciado nun 70% con Fondos FEDER cuxa finalidade é “Potenciar o desenvolvemento sustentable dun territorio, a conca do río Mandeo”. O proxecto estrutúrase en catro bloques de actuacións:

- Bloque A: Optimización dos usos da auga.
- Bloque B: Achegamento do río á cidadanía. Dinamización turística.
- Bloque C: Educación e formación ambiental.
- Bloque D: Xestión, seguimento e avaliación do proxecto.

No marco do bloque B, achegamento do río á cidadanía e dinamización turística, a finalidade desta convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, é impulsar unha rede de aloxamentos-restauración de calidade nos 10 concellos incluídos no Proxecto Mandeo, (Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne, Sobrado), para consolidar a marca de calidade propia da Deputación denominada “Refuxios do Río Mandeo”.

## 2.- OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é subvencionar a mellora ou adaptación das infraestruturas dos establecementos de hostalería e restauración que soliciten a súa adhesión á marca de calidade “Refuxios do Río Mandeo”, de acordo coas bases publicadas no BOP N° 24 do 5 de febreiro de 2010.

### 2.1.- Actuacións subvencionables

A través desta liña de axudas pódense solicitar axudas a fondo perdido para a realización dos seguintes investimentos:

- Sinalización complementaria dos establecementos que integre a imaxe do proxecto
- Actualizacións informáticas e programas necesarios para a xestión
- Pequenas obras de reforma do local que contribúan a liquidar as deficiencias detectadas na fase de auditoría para a concesión do uso da marca

- Adquisición de mobiliario interior e exterior na liña dos modelos propostos
- Outras actuacións directamente relacionadas coa mellora dos establecementos e a calidade dos seus servizos

## 2.2.- Gastos subvencionables

Os gastos concretos que poden ser subvencionables son os que a seguir se relacionan:

- Gastos correspondentes ás obras executadas ou bens adquiridos.
- Honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde ata un importe total máximo do 7% do orzamento de execución material (IVE excluído)
- O importe subvencionable non inclúe o IVE.
- Non é subvencionable o gasto correspondente á licenza da obra, nin ningunha outra autorización
- Non se financiará a adquisición de bens de segunda man, nin gastos non admitidos pola lexislación tanto comunitaria como nacional, así como gastos financeiros, recargas, multas, etc.
- Se se considera que algún dos gastos propostos ten un importe superior ao de mercado, axustarase á baixa. No caso de obras servirán como referencia os que figuran na última Base de Prezos de Construción Galicia do Instituto Tecnolóxico de Galicia.

## 2.3.- Requisitos

Para a realización das sinalizacións, as obras e para a adquisición de mobiliario deberán utilizarse materiais de calidade, que sexan respectuosos co medio e coa contorna no que se atopan os establecementos, como pedra do país, madeira certificada FSC ou PEFC, etc.

A documentación técnica debe estar redactada e asinada por técnico competente. En todo caso, as obras deberán cumprir as normas do hábitat galego, así como a normativa específica de obrigado cumprimento aplicable, como a de accesibilidade, seguridade, etc.

## 3.- BENEFICIARIOS

Os destinatarios desta convocatoria son os establecementos de hostalería e restauración dos 10 concellos incluídos na conca do Río Mandeo que estean adheridos á marca de calidade propia “Refuxios do Río Mandeo” de acordo coas bases publicadas no BOP

Nº 24 de data 5 de febreiro de 2010, e non solicitasen axudas ao amparo das bases iniciais aprobadas polo Pleno o 25/06/2010 e publicadas no BOP nº 121 do 29/06/2010.

Aranga	Curtis
Bergondo	Irixoa
Betanzos	Oza dos Ríos
Cesuras	Paderne
Coirós	Sobrado

Están excluídas as seguintes empresas:

- As empresas de sectores excluídos na normativa mínimis.
- As empresas que incorran nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Cada establecemento poderá realizar unha soa solicitude, que pode conter unha ou varias actuacións sempre que de forma conxunta o seu orzamento total non exceda os 50.000,00 € (IVE incluído).

En todo caso, os establecementos nos que se realicen reformas comprométense a manter o seu uso de hostalería – restauración durante un período mínimo de 5 anos. No caso de mobiliario, este deberá manterse vinculado á actividade económica por un período mínimo de 3 anos.

#### 4.- FINANCIAMENTO

Na partida 0501/172D/771 do orzamento provincial existe un crédito por importe de 400.000,00 € destinado ao financiamento destas subvencións.

O importe da subvención que se conceda a cada solicitude poderá alcanzar ata o 50% do orzamento, IVE excluído, da actuación que se ha realizar se se trata de microempresas ou pequenas empresas, e ata o 40% en caso de medianas empresas.

Independentemente do importe do orzamento que se presente, o importe máximo da subvención que pode recibir cada un dos establecementos concrétase en 12.000,00 €.

Para os límites de microempresa, pequena e mediana empresa atenderase á Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresa, pequena e mediana empresa.

En virtude dos límites impostos pola normativa de Mínimis, Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de Mínimis, a subvención recibida non pode facer que o importe total das axudas deste tipo percibidas durante un período de tres anos sexa superior a 200.000 €.

## 5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os establecementos destinatarios destas axudas que desexen solicitar unha subvención ao abeiro desta convocatoria, deberán presentar no Rexistro Xeral desta Deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a documentación que máis adiante se indica.

Ademais, tamén poden presentar a documentación no Rexistro xeral dos concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Curtis, Irixoa e Paderne, incluídos no Proxecto Mando, por ter subscrito coa Deputación un convenio para a recepción de documentos.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Solicitud de subvención no modelo que figura como anexo I a estas bases
- CIF da empresa
- DNI do representante acompañado do correspondente poder
- No caso de que o solicitante opte por non autorizar á Deputación da Coruña para que realice as consultas sobre a súa situación de estar ao corrente de pagos coas administracións públicas, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Seguridade Social
- No caso de obras:
  - Título de propiedade.  

Debe achegarse copia do título de propiedade do inmovible. No caso de que o solicitante non sexa o seu dono, deberá achegarse o permiso do propietario/a para realizar as obras que se pretenden.
  - Memoria valorada ou proxecto técnico  

O documento debe estar elaborado e asinado por técnico competente e debe conter un orzamento detallado con medicións, prezos unitarios e prezo final con detalle de IVE. A descrición das partidas debe ser o suficientemente detallada e concreta para identificar os materiais que se van utilizar, dimensións, acabados, cores, etc. Ademais, deberá conter os planos de conxunto e detalle necesarios para a definición da actuación a realizar
  - Fotografías

Deben achegarse fotografías que reflectan a situación actual da parte do inmovible onde se vaian realizar as obras

- No caso doutras actuacións:

o Orzamentos

Deben presentarse orzamentos asinados polas empresas provedoras e con prazo de validez. Estará detallado a nivel de custo por unidades e cunha descrición tal que permita a obtención de orzamentos doutros provedores para os efectos de comprobar que o seu importe non é superior ao de mercado.

Para cada un dos gastos de subministracións que superen os 12.000,00 €, deberá achegarse un mínimo de 3 ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que fagan esas subministracións, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á presentación da solicitude de subvención. Estas excepcións deberán xustificarse.

o Documentación gráfica

Achegarase tamén a documentación gráfica suficiente, fotografías ou esbozo para a perfecta comprensión do investimento que se ha realizar.

O prazo de presentación estenderase desde o día seguinte da publicación das presentes bases no BOP ata o 31 de decembro de 2011.

As actuacións presentadas a estas axudas deben realizarse e pagarse dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e a data de xustificación establecida na Resolución de concesión da axuda.

Os documentos poderán presentarse en fotocopia acompañados do seu correspondente orixinal, para o seu cotexo e compulsa no rexistro da administración pública onde se presente.

## 6.-RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES

As solicitudes presentadas revisaranse na Deputación, que poderá solicitar toda a información que se considere necesaria para comprobar o cumprimento dos requisitos e para a correcta valoración da actuación solicitada.

Comprobarase que o local conta coa licenza que habilite o funcionamento da actividade (no momento da solicitude pode estar en trámite, e debe estar concedida necesariamente o día que termina o prazo de xustificación) e que o establecemento solicitante non teña débedas coa Deputación da Coruña.

Para a análise e valoración das solicitudes créase unha Comisión que estará formada por 1 presidente, 3 vogais e 1 secretario:



- Presidente: deputado responsable do proxecto Mandeo
- Vogais: 1 representante do Servizo de Arquitectura de Deputación, 1 representante do Servizo provincial de Vías e Obras e 1 representante da UDC.
- Secretario: un funcionario do Servizo de Xestión de Plans, con voz pero sen voto

Para a valoración das solicitudes presentadas teranse en conta os seguintes criterios:

Adecuación das actuacións propostas para solucionar as deficiencias postas de manifesto na auditoría realizada para a obtención do uso da marca	40 puntos
Adecuación da actuación proposta aos obxectivos do Proxecto Mandeo	30 puntos
Contribución á mellora da calidade ambiental e integración na súa contorna	30 puntos

A resolución das solicitudes presentadas realizarase mediante Resolución da Presidencia da Deputación, a proposta da citada Comisión.

Para poder concederse unha subvención a un establecemento solicitante, este debe contar xa co uso da Marca concedido pola Deputación.

A resolución de concesión das subvencións notificarase expresamente a todos os solicitantes e as subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

## 7.-EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO

A actuación subvencionada debe executarse axustándose na súa totalidade á documentación técnica presentada coa solicitude, sen que se admita ningunha modificación.

Pola natureza da actividade subvencionada está permitida a subcontratación do 100% da actividade subvencionada.

O beneficiario da axuda comprométese a garantir o estrito cumprimento da normativa de publicidade disposta no Regulamento 1828/2006, e en particular a colocar un cartel informativo das actuacións realizadas durante o transcurso das obras no que se faga mención ao financiamento dos fondos FEDER e que lle será facilitado pola Deputación no momento de concesión da axuda.

As actuacións subvencionadas deben executarse e xustificarse dentro do prazo indicado na resolución da concesión.

## 8.-XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

Unha vez realizada a actuación subvencionada, o beneficiario deberá presentar nos mesmos lugares indicados na base 5 a seguinte documentación:

- Modelo anexo II

O modelo anexo II a estas bases debidamente cuberto coa relación de todos os gastos realizados

- Facturas

Facturas conformadas polo establecemento de hostalería– restauración acompañadas no caso de obras da certificación (relación) dos traballos realizados, como mínimo polo importe do orzamento presentado.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 28 de novembro, e no artigo 73 do Regulamento de desenvolvemento da devandita lei, con carácter previo á realización da compulsa deberá estenderse unha dilixencia ou selo sobre o orixinal da factura, de maneira que quede constancia de que esta foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención da Deputación da Coruña e do FEDER.

- Se é o caso, copia cotexada da licenza de obra e xustificante de entrega ao xestor autorizado de residuos de obra.

- Xustificantes de pago dos gastos

Debe achegarse o xustificante do pago dos gastos subvencionados por un importe polo menos igual ao do orzamento presentado con data anterior ao de finalización do prazo de xustificación da axuda. Debe ser un xustificante bancario en que estea perfectamente identificada a transacción. Non se admitirán pagos por caixa. Os xustificantes de pagos telemáticos deberán estar conformados pola entidade bancaria. Os xustificantes que se acheguen deben ser orixinal ou copia cotexada.

- Fotografías

Fotografías en formato dixital e papel da situación final nas que se poida comprobar tanto a execución da actuación subvencionada, como a colocación do cartel de publicidade europea facilitado pola Deputación durante a execución das obras.

- Publicidade

Xustificantes da publicidade da subvención de Fondos FEDER e da Deputación (folletos, carteis, placas, etc.)

- Declaración

- Declaración baixo responsabilidade actualizada da data doutras axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade

No caso de que o gasto xustificado sexa menor que o do orzamento presentado, a axuda axustarase á baixa na mesma proporción na que se reduce o investimento. No entanto, se o gasto xustificado é inferior ao 75% do orzamento presentado, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha.

O cumprimento das medidas de publicidade é requisito indispensable para o mantemento da axuda.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da execución do investimento indicárase en cada resolución de concesión, pero debe terminar antes do 31 de maio de 2012, salvo prórroga expresamente concedida.

## 9.- COMPATIBILIDADE, SEGUIMENTO E CONTROL DAS AXUDAS RECIBIDAS

Esta liña de axudas é compatible con outras axudas da mesma natureza sempre que a suma dos importes concedidos non exceda os límites sinalados pola lexislación nacional ou comunitaria respecto diso.

As empresas deben realizar as actuacións requiridas, xustificar o cumprimento das condicións sinaladas nas bases, e someterse ás actuacións de comprobación segundo o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións. A Deputación da Coruña, por iniciativa propia ou a instancia doutros organismos nacionais ou comunitarios, poderá realizar as accións de inspección e control e obter os documentos necesarios para garantir o cumprimento das finalidades perseguidas por esta convocatoria de axudas.

Se unha vez pagada a axuda se observase algún incumprimento, iniciárase un procedemento de reintegro da axuda na que se requirirá á empresa beneficiaria o importe indebidamente cobrado así como os xuros legais percibidos e os incrementos sinalados na lexislación vixente, tendo consideración de ingreso de dereito público (art. 38 da Lei 38/2003).

## 10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, logo do informe de Secretaría e Intervención.

Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, así como a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento

## ANEXO I

<p style="text-align: center;"><b>MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS Á MARCA REFUXIOS DO RÍO MANDEO</b></p> <p style="text-align: center;"><b>DO PROXECTO MANDEO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER</b></p>
---

<b>1.- NOME DO ESTABLECEMENTO</b>
<input type="text"/>

<b>2.- RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA SOLICITANTE</b>
Denominación social: <input type="text"/>
Personalidade xurídica: <input type="text"/>
CIF / NIF: <input type="text"/>

<b>3.- REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA SOLICITANTE</b>
Nome e apelidos: <input type="text"/>
DNI: <input type="text"/>
Cargo: <input type="text"/>

<b>4.- DIRECCIÓN</b>
Rúa: <input type="text"/>
Concello: <input type="text"/>
Provincia: <input type="text"/>
Código postal: <input type="text"/>
Teléfono fixo: <input type="text"/>
Teléfono móbil: <input type="text"/>
Fax: <input type="text"/>

Páxina web:	<input type="text"/>
Correo electrónico:	<input type="text"/>

**5.- ACTUACIÓN PARA A QUE SOLICITA SUBVENCIÓN**  
(Utilizar follas adicionais se é necesario)

5.1.- Breve descripción da actuación:

Xúntase memoria valorada ou proxecto técnico

Si  Non

5.2.- Detalle de orzamento, indicando para cada partida do orzamento os seguintes datos:

-Descrición

- Prezos unitarios

- Medicións

- Total sen IVE

- Aplicación do IVE

- Total con IVE

Achégase orzamento detallado en folla independente:

Si  Non

5.3.- Importe de subvención que se solicita:	
- Subvención solicitada	<input type="text"/>
- Financiamento propio do establecemento	<input type="text"/>
- Outros (detallar)	<input type="text"/>
- TOTAL PRESUPOSTO IVE INCLUÍDO	<input type="text"/>
5.4.- Outras axudas ou subvencións públicas ou privadas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade (detallar importe e entidade concedente)	
<input type="text"/>	
5.5.- Prazo de execución	
<input type="text"/>	
5.6.- Xustificación de que a actuación proposta soluciona as deficiencias indicadas na auditoría do uso da marca	
<input type="text"/>	
5.7.- Xustificación da contribución á mellora da calidade ambiental e integración na súa contorna	
<input type="text"/>	

<b>6.- DECLARACIÓNS</b>
6.1.- Declaro que coñezo e acepto as bases da presente convocatoria, tanto os compromisos de solicitude como os requisitos da posterior xustificación Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
6.2.- Autorizo á Deputación para que obteña as certificacións acreditativas de estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social nos momentos de tramitación do expediente que sexa necesario

Si	Non
6.3.- Declaro que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións da Administración pública	
Si	Non
6.4.- No caso de que a actuación solicitada requira a obtención dalgunha autorización, permiso ou licenza, comprométome a obtela con carácter previo á súa execución	
Si	Non

<b>7.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:</b>
CIF da empresa
DNI do representante
Documento acreditativo da representación
Certificación expedida por unha entidade financeira cos datos do número de conta e titular
Título de propiedade
Autorización do propietario para realizar as actuacións propostas
Memoria valorada ou proxecto técnico
Orzamento detallado
Orzamentos de provedores
Fotografías
Outros (especificar)
<div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>

Lugar e data	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
Sinatura do solicitante	<div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>

Sr. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

## ANEXO II

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A  
MELLORA DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS Á  
MARCA REFUXIOS DO RÍO MANDEO

DO PROXECTO MANDEO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER

### 1.- NOME DO ESTABLECEMENTO

### 2.- RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA SOLICITANTE

Denominación social:

Personalidade xurídica

CIF / NIF:

### 3.- XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA

#### 3.1 Memoria descriptiva da actuación realizada

#### 3.2 Relación de gastos realizados:

Deberán detallarse para cada gasto os seguintes datos:

Concepto	CIF e nome emisor da factura	Nº e data factura	Importe factura	Data xustificante bancario pago



Importe total dos gastos realizados			
3.3 Detalle de financiamento do orzamento executado:			
Subvención da Deputación			
Financiamento propio establecemento			
Resto financiamento (detallar)			
Importe total dos gastos realizados			

<b>4.- ACREDITACIÓN DA PUBLICIDADE</b>	
Achégase documentación gráfica xustificativa do cumprimento da obriga de realizar a publicidade esixida nas bases	
Si	Non
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

<b>5.- DECLARACIÓNS</b>	
5.1.- Declaro que a actuación subvencionada foi executada de acordo coa documentación técnica e orzamento presentados coa solicitude	
Si	Non
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5.2.- Declaro que obtiven outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade	
Si	Non
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
En caso de marcar SI detállese o importe e entidade concedente	
5.3.- Declaro que os gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas cuxos xustificantes se relacionan máis arriba foron reflectidos na contabilidade da entidade.	
Si	Non
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

<b>6.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:</b>	
<input type="checkbox"/>	Facturas conformadas polo establecemento de hostalería, acompañadas da certificación (relación de traballos realizados)
<input type="checkbox"/>	Licenza de obra
<input type="checkbox"/>	Xustificante de entrega ao xestor autorizado de residuos de obra
<input type="checkbox"/>	Xustificantes bancarios do pago dos gastos

<input type="checkbox"/>	Fotografías da situación do establecemento tras a execución das actuacións
<input type="checkbox"/>	Fotografías da publicidade europea realizada
<input type="checkbox"/>	Outros (especificar)

Lugar e data	<input type="text"/>
Sinatura do solicitante	<input type="text"/>

Sr. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

**15.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DUN LOCAL Á FUNDACIÓN MENIÑOS NO EDIFICIO A MILAGROSA E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Iniciar expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325 m2 no edificio da Milagrosa para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia con carácter gratuíto.

A Deputación da Coruña conta cun local no edificio da Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 325 m<sup>2</sup> situado na segunda planta do colexio A Milagrosa

Mediante o acordo plenario do 24-2-2005 aprobouse o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio “A Milagrosa” polo que quedou cualificada

como ben patrimonial.

- MUNICIPIO: A CORUÑA.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña

A superficie do local é de 325,80 m<sup>2</sup>, na planta segunda, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia con carácter gratuíto

- REFERENCIA CATASTRAL:

7899201NH4979N0001FD

- ADQUISICIÓN: É PARTE DO PREDIO COMPRADO Á FAMILIA PUGA, POR ESCRITURA PÚBLICA DO 28 DE XULLO DE 1888 OUTORGADA POR D. MANUEL DEvesa GAGO, RECTIFICADA POR OUTRA DO 10 DE MAIO 1889. SOBRE O SOAR, CONSTRUIU A DEPUTACIÓN AS SÚAS EXPENSAS.

- REXISTRO: non consta

- DESTINO: CESION Á FUNDACION MENIÑOS

2ª) Aprobar o texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á FUNDACION MENIÑOS, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

3º) Someter o expediente para información pública polo prazo de 15 días, mediante o anuncio que se ha publicar no BOP, para oír reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación.

4º) Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

5º) Unha vez cumprido o trámite a que se refire o apartado 4º será sometido novamente o expediente a aprobación definitiva do Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO A MILAGROSA

A Coruña,

## **REUNIDOS**

Dunha parte, DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, Ilmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, D. José Luis Almau Supervía

e

Doutro, D. VALENTÍN ESCUDERO CARRANZA con NIF 15.963.006-V, presidente da FUNDACIÓN MENIÑOS (CIF G-15551120), designado como tal na reunión do Padroado da Fundación do 13 de decembro de 2008.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Meniños é unha fundación de carácter privado, sen ánimo de lucro e de natureza permanente.

A Fundación Meniños foi constituída en escritura autorizada polo notario de Betanzos, don León-Miguel López Rodríguez, o día 8 de marzo de 1996, co número 710 de protocolo, e declarada benéfico asistencial por Resolución da Consellería da Presidencia e Administración da Xunta de Galicia do 1 de abril de 1996 (publicada no Diario Oficial de Galicia do 16 de abril de 1996) e declarada de interese galego por resolución da Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia do 17 de abril de 1996 (Diario Oficial de Galicia do 22 de abril), constando debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia co número 1996/2.

Segundo.- A Fundación Meniños ten por obxecto (artigo 5.1 dos Estatutos) a protección da infancia de acordo co disposto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e os principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos por mor de inxustizas estruturais e persoais.

Terceiro.- Para cumprir con este fin, a Fundación Meniños promoverá as seguintes actividades (artigo 5.2 dos Estatutos):

- a) Facilitar a integración socio-familiar dos menores en situación de desamparo.
- b) Colaborar na eliminación ou diminución de situacións de risco que afecten á infancia e ás súas familias.
- c) Impulsar programas de estudo e formación permanente e reciclaxe de profesionais, procedendo mesmo á edición en calquera soporte e difusión por calquera canle de materiais e eventos de formación.
- d) Promover programas de información e sensibilización social en favor dos dereitos da infancia.
- e) Intervir, como institución colaboradora de integración familiar, nos casos legalmente previstos.
- f) Cooperar con organizacións de defensa e atención aos dereitos e necesidades da infancia dentro e fóra de España.
- g) Calquera outras actividades ou prestacións relacionadas co obxecto fundacional.

Cuarto.- Co fin de colaborar con entidades de iniciativa social dedicadas a desenvolver programas e actividades do sector da familia e infancia, a Deputación Provincial da Coruña en sesión plenaria celebrada o 25 de novembro de 2004 (BOP nº 283 do 10 de decembro de 2004) aprobou inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio de “A Milagrosa”.

Así mesmo, aprobouse inicialmente o expediente de cesión de uso do local na Milagrosa para actividades do sector da familia e a infancia e o prego de condicións no que se establecen os requisitos da cesión e os criterios para a selección da entidade beneficiaria desta.

En sesión plenaria ordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2005 aprobouse definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio de “A Milagrosa”, así como o expediente de cesión de uso a MENIÑOS, Fundación para a Infancia (agora Fundación Meniños por modificación do cambio de denominación en virtude de acordo do Padroado elevado a público en escritura autorizada polo notario da Coruña, D. Víctor Peón Rama o día 10 de marzo de 2008, co número 470 de protocolo) para o desenvolvemento de actividades de

apoio á familia e a infancia.

O 27 de abril de 2005, asínase o contrato administrativo nº 101/2005, de cesión de uso de espazos do Colexio A Milagrosa para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia entre a Deputación Provincial da Coruña e Meniños, Fundación para a Infancia. O período da cesión finalizou o 19 de outubro de 2010.

Con data do 19 de outubro de 2010 a Fundación Meniños presentou un escrito na Deputación da Coruña solicitando unha nova cesión.

**Local do edificio “A Milagrosa” que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro cunha superficie de 325,80 m2**

A Deputación da Coruña conta cun local no edificio da Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 325,8 m<sup>2</sup> nun adecuado estado de conservación para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia, infancia con carácter gratuíto.

Mediante o acordo plenario do 24-2-2005 aprobouse o expediente de desafeción parcial do edificio A Milagrosa cunha superficie de 325,80 m<sup>2</sup> quedando cualificada como ben patrimonial.

- MUNICIPIO: A Coruña.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña

Sendo a superficie do local de 325,80 m<sup>2</sup>, na planta segunda, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuíto

- REFERENCIA CATASTRAL:

7899201NH4979N0001FD

- ADQUISICIÓN: É PARTE DO PREDIO COMPRADO Á FAMILIA PUGA, POR ESCRITURA PUBLICA DO 28 DE XULLO DE 1888 OUTORGADA POR D. MANUEL DEVESA GAGO, RECTIFICADA POR OUTRA DO 10 DE MAIO 1889. SOBRE O SOAR, CONSTRUÍU A DEPUTACION ÁS SÚAS EXPENSAS.

- REXISTRO: non consta

- DESTINO: CESION Á FUNDACION MENIÑOS

Quinto.- A Deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso do local.

Por todo o exposto, acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### Primeira.- OBXECTO

A Deputación Provincial da Coruña autoriza á Fundación Meniños a usar con carácter gratuíto os espazos situados na planta 2ª do Colexio da Milagrosa e cunha superficie de 325,80 m<sup>2</sup> útiles, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia, con carácter gratuíto.

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, para os efectos de aluguer, nun prezo de 7 €/m<sup>2</sup> mes, o que resulta en 109.468,80 euros para os catro anos da cesión (a razón de 2.280,60 euros ao mes), de acordo coa taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, aínda que o cesionario non terá que aboar o devandito importe.

## Segunda.- OBRIGAS DO CESIONARIO

- Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaraos a Fundación Meniños exclusivamente para as fins indicadas. Para estes efectos, a Fundación quedará obrigada a presentar anualmente (durante o primeiro trimestre de cada ano) unha memoria explicativa dos plans, programas e actividades desenvolvidas pola entidade no ámbito da provincia.
- A publicidade da Deputación debe aparecer resaltada en todos os documentos e dípticos, explicitándose a cesión dos locais á Fundación. Nunha parte principal da páxina web debe indicarse, xunto ao logotipo da Deputación, a cesión dos locais. Así mesmo, en todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración entre ambas as institucións.
- Do Programa de integración familiar que Meniños desenvolve na provincia, cederá 2 prazas á Deputación, ao dispor do Fogar Infantil Emilio Romay (F.I.E.R.), para traballar a integración familiar. As ditas prazas serán xestionadas polo F.I.E.R. e para iso redactarase un programa de mutuo acordo entre Meniños e o F.I.E.R. para a súa xestión.
- A Fundación comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, polo que non poderá realizar obras sen a autorización da Deputación.
- En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueloutros que se deriven do uso dos locais correrán por conta da Fundación Meniños, cos correspondentes contadores individuais.
- A Fundación Meniños, dentro do prazo máximo de 1 mes contado desde a entrega do inmovible, deberá iniciar as actividades para as que se autoriza a cesión, dotándose dos medios persoais e materiais máis adecuados para cumprir cos fins da cesión.
- O Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, etc) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.
- O pago do IBI do inmovible será por conta da Fundación Meniños

## Terceira.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

O prazo de cesión de uso do local será de catro anos, como máximo, contado desde a sinatura do presente convenio. Non obstante a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Fundación Meniños a indemnización ningunha, polo que deberá devolver os bens en perfecto estado de conservación.

## Cuarta.- CAUSAS DE REVERSIÓN

Serán causas de reversión automaticamente da cesión de uso:

- 1) O cumprimento do prazo de cesión.

2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no presente convenio e, en especial, as seguintes:

- . Deixar de respectar as actividades que constitúen o obxecto da cesión.
- . Prestar inadecuadamente tales actividades.
- . O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos servizos sociais, sanitarios, laborais e seguridade social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicable.
- . A realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.
- . O incumprimento pola entidade cesionaria da obriga de conservación do inmovible.

A finalización do presente convenio por calquera destas causas produciría a reversión do local coas súas eventuais melloras e accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados á Fundación por medio do presente convenio.

A Deputación Provincial non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puidese levar a cabo a Fundación para o cumprimento dos seus fins, sen que por tanto, se poida entender que a reversión implique a sucesión de empresa establecida na lexislación.

#### Quinta.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, as partes quedan suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA MENIÑOS

Salvador Fernández Moreda

Valentín Escudero Carranza

### **16.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DUN LOCAL Á FUNDACIÓN ODONTOLÓXICA SOLIDARIA NO EDIFICIO A MILAGROSA E APROBACIÓN DO TEXTO DE CONVENIO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Iniciar expediente de cesión de uso á Fundación Odontoloxía Solidaria dun local de 152 m<sup>2</sup> no edificio da Milagrosa para instalar a Clínica Dental de 4º Mundo da Fundación e desenvolver a atención, por parte de profesionais voluntarios, en materia de saúde bucodental a persoas en situación ou risco de exclusión social de toda a provincia da Coruña.

A Deputación da Coruña conta cun local no edificio da Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 152 m<sup>2</sup> cun adecuado estado de conservación incluíndo unha dotación completa de aseos.

Mediante o acordo plenario do 29-9-2005 aprobouse o expediente de desafección parcial do edificio A Milagrosa cunha superficie de 455 m2 polo que quedou cualificada como ben patrimonial.

Os bens obxecto de cesión de uso valoraranse, para os efectos de aluguer, nun prezo de 7 €/m<sup>2</sup> mes, o que resulta en 72.000 euros para os seis anos da cesión (a razón de 1.000 euros ao mes), de acordo coa taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, aínda que o cesionario no terá que aboar o dito importe.

- MUNICIPIO: A CORUÑA.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña

A superficie do terreo é de 152 m2, na planta baixa. Ten acceso independente desde os xardíns posteriores ao centro e conta cun itinerario accesible para persoas con mobilidade reducida. Teñen nas inmediacións instalacións de fontanería e saneamento así como a dotación dun local de aseos de uso exclusivo.

- REFERENCIA CATASTRAL:

7899201NH4979N0001FD

- ADQUISICIÓN: É PARTE DO PREDIO COMPRADO Á FAMILIA PUGA, POR ESCRITURA PÚBLICA DO 28 DE XULLO DE 1888 OUTORGADA POR D. MANUEL DEVESA GAGO, RECTIFICADA POR OUTRA DO 10 DE MAIO 1889. SOBRE O SOAR, CONSTRUÍU A DEPUTACIÓN ÁS SÚAS EXPENSAS.

- REXISTRO: non consta

- DESTINO: CESIÓN A FUNDACIÓN ODONTOLOXÍA SOLIDARIA

2ª) Aprobar o texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á FUNDACION ODONTOLOXÍA SOLIDARIA, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

3º) Someter o expediente a información pública polo prazo de 15 días, mediante o anuncio que se ha publicar no BOP, para oír reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación.

4º) Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

5º) Unha vez cumprido o trámite a que se refire o apartado 4º será sometido novamente o expediente a aprobación definitiva do Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A Fundación Odontoloxía Solidaria PARA A CESION DUN LOCAL de 152 m2 no edificio da Milagrosa para instalar a Clínica Dental do 4º Mundo da Fundación e desenvolver a atención, por parte de profesionais voluntarios, en materia de saúde bucodental a persoas en situación ou risco de exclusión social de toda a provincia da Coruña.

A Coruña,



## REUNIDOS

Dunha parte, DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, Ilmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, D. José Luis Almau Supervía

e

Doutro D. JOSÉ MANUEL DÍAZ LÓPEZ-DÓRIGA con NIF 13085272-C, presidente da FUNDACIÓN ODONTOLOXÍA SOLIDARIA (CIF G-81833667), designado como tal na reunión do Padroado da Fundación do 29 de novembro de 2008.

Ambos os dous facultados para a sinatura do presente convenio en nome e representación das devanditas entidades, en virtude das facultades que lles confiren respectivamente os artigos 21 e 34 da Lei 7/85, 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 61 e 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.

## EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Odontoloxía Solidaria é unha entidade privada, sen ánimo de lucro.

A Fundación Odontoloxía Solidaria foi constituída en virtude de escritura pública outorgada ante o notario de Madrid, Don Eduardo González Oviedo, o día 17 de setembro de 1997, co número 3.134 do seu protocolo, emendada mediante outra, outorgada ante o mesmo notario de Madrid, o día 24 de marzo de 1998, co número 1.161 de orde do seu protocolo. Está inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, Subdirección Xeral de Fundacións e Entidades Tuteladas, co número 288/1070 de arquivo-rexistro e clasificada como Fundación Benéfico Asistencial por Orde Ministerial do 19 de novembro de 1998.

Segundo.- A Fundación Odontoloxía Solidaria ten por obxecto (artigo VI dos estatutos) conseguir o “dereito universal á saúde oral”, mediante a promoción e desenvolvemento de programas preventivos, formativos e/ou asistenciais na área da saúde oral.

Terceiro.- Para cumprir con este fin, a Fundación Odontoloxía Solidaria realiza as actividades que, con carácter simplemente enunciativo e non taxativo, se indican deseguido (artigo VII dos Estatutos):

1.- Fomentar mediante cursos, bolsas de formación e premios, o estudo, por investigadores nacionais e estranxeiros, dos seguintes temas:

- a) Técnicas de prevención da carie e a enfermidade periodontal.
- b) Fomento e promoción da saúde oral, especialmente en comunidades marxinadas.
- c) Técnicas de educación para a saúde. Formación de “líderes” en saúde oral.
- d) Estudo dos hábitos parafuncionais, nutricionais, hixiénicos e de saúde oral das poboacións deprimidas.
- e) Concreción de programas polos que poidan incrementarse a instrución, a educación e formación, en materia de saúde oral, dos habitantes da comunidade diana.
- f) Calquera outros temas que suxiran os enunciados antes e os fins da Fundación.

2.- Implementación de programas preventivos, formativos e/ou asistenciais na área da saúde

oral en comunidades desfavorecidas ou marxinas, dentro e fóra de España.

3.- Reunir sen discriminación nin exclusións, a todos os médicos estomatólogos, odontólogos, estudantes, hixienistas, auxiliares de clínica, protésicos, educadores, membros da industria e sociedades do sector dental, entidades profesionais e administrativas así como a calquera outro cidadán ou entidade que voluntariamente acheguen a súa colaboración aos fins da asociación.

4.- Concienciar ao conxunto da profesión odontolóxica, ás autoridades e á sociedade en xeral, das necesidades das poboacións, comunidades ou grupos sociais marxinas na área da saúde oral, así como desenvolver unha resposta solidaria con eles.

5.- Mobilizar, mediante cooperación nacionais e estranxeiras, todos os recursos humanos e materiais posibles, que permitan o desenvolvemento dos fins da Fundación, sen que iso supoña unha diminución da súa independencia.

6.- Difundir por todos os medios ao seu alcance os fins da Fundación, a nivel nacional e internacional, contactando con todo tipo de persoas, entidades e organismos que poidan colaborar para que os seus fins poidan levar a cabo.

7.-Establecer colaboracións e programas conxuntos con organizacións non gobernamentais, administracións públicas, fundacións ou outras entidades privadas que faciliten a realización dos seus fins.

8.- Realizar convenios con universidades, outras institucións educativas, colexios e asociacións profesionais, sociedades científicas, etc., para a formación dos equipos humanos e a promoción dos programas de cooperación e axuda ao desenvolvemento.

Cuarto.-A Deputación da Coruña conta cun local no edificio da Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 152 m<sup>2</sup> nun adecuado estado de conservación incluíndo unha dotación completa de aseos.

Mediante o acordo plenario do 29-9-2005 aprobouse o expediente de desafección parcial do edificio A Milagrosa cunha superficie de 455 m<sup>2</sup> polo que quedou cualificada como ben patrimonial.

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, para aos efectos de aluguer, nun prezo de 7 €/m<sup>2</sup> mes, o que resulta en 72.000 euros para o seis anos da cesión (a razón de 1.000 euros ao mes), de acordo coa taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, aínda que o cesionario non terá que aboar o devandito importe.

- CONCELLO: A Coruña.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña

Sendo a superficie do terreo de 152 m<sup>2</sup>, na planta baixa. Ten acceso independente desde os xardíns posteriores ao centro e conta cun itinerario accesible para persoas con mobilidade reducida. Teñen nas súas inmediacións instalacións de fontanería e saneamento así como a dotación dun local de aseos de uso exclusivo.

Quinto.- A Deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso do local.

Por todo o exposto, acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio a cesión de uso a título gratuito á Fundación Odontoloxía Solidaria dos espazos situados na planta baixa do edificio da Milagrosa e cunha superficie de 152,00 m<sup>2</sup>, para a instalación da Clínica Dental do 4º Mundo da Fundación e desenvolver a atención, por parte de profesionais voluntarios, en materia de saúde bucodental a persoas en situación ou risco de exclusión social de toda a provincia da Coruña.

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, para os efectos de aluguer, nun prezo de 7 €/m<sup>2</sup> mes, o que resulta en 72.000 euros para os seis anos da cesión (a razón de 1.000 euros ao mes), de acordo coa taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, aínda que o cesionario non terá que aboar o devandito importe.

O perfil do usuario é aquela persoa sen recursos económicos suficientes para facer fronte a un tratamento odontolóxico privado, que demande o tratamento por iniciativa propia e que se atope en situación de seguimento e apoio social por parte dos servizos sociais municipais correspondentes, cuxo persoal será quen derive ao usuario á Fundación. Os tratamentos incluídos serán as obturacións e reconstrucións de pezas definitivas, o tratamento endodóntico de incisivos e premolares definitivos, a profilaxe periodontal e as próteses amovibles (completas e esqueléticas). Non se inclúen os tratamentos de urxencia, de dentición decidua (temporal), de ortodoncia, de prótese fixa (coroas), con implantes dentais, tratamentos endodónticos de molares, periodontais sofisticados (cirurxía periodontal), nin os de finalidade puramente estética.

### Segunda.- OBRIGAS DO CESIONARIO

- Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaraos a Fundación Odontoloxía Solidaria exclusivamente para os fins indicados. Para estes efectos, a Fundación quedará obrigada a presentar anualmente (durante o primeiro trimestre de cada ano) unha memoria explicativa dos plans, programas e actividades desenvolvidas pola entidade no ámbito da provincia.
- A publicidade da Deputación debe aparecer resaltada en todos os documentos e dípticos, explicitándose a cesión dos locais á Fundación. Nunha parte principal da páxina web debe indicarse, xunto ao logotipo da Deputación, a cesión dos locais. Así mesmo, en todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración entre ambas as institucións.
- As obras de acondicionamento precisas para adecuar o local ás fins sinaladas serán realizadas pola Fundación pola súa conta, previo coñecemento e aprobación da Deputación. Así mesmo, a Fundación comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, polo que non poderá realizar obras sen a autorización da Deputación.
- A Fundación Odontoloxía Solidaria, dentro do prazo máximo de 6 meses contados desde a sinatura do presente convenio, deberá finalizar as obras de acondicionamento e iniciar as actividades para as que se autoriza a cesión, dotándose dos medios persoais e materiais máis adecuados para cumprir cos fins da cesión.
- En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueloutros que deriven do uso dos locais correrán por conta da Fundación

Odontoloxía Solidaria, quen deberá instalar os correspondentes contadores individuais.

- G) O pago do IBI do inmovible será por conta da Fundación Odontoloxía Solidaria

- O Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, etc.), poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

#### Terceira.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

O prazo de cesión de uso do local será de seis anos, como máximo, contados desde a finalización das obras de acondicionamento deste e o inicio das actividades. Para estes efectos as obras deberán estar finalizadas e as actividades iniciadas, no prazo máximo de 6 meses contados desde a sinatura deste convenio. Non obstante a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Fundación Odontoloxía Solidaria a ningunha indemnización, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación.

#### Cuarta.- CAUSAS DE REVERSIÓN

Serán causas de reversión automaticamente da cesión de uso:

- 1) O cumprimento do prazo de cesión.
- 2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecida no presente convenio e, en especial, as seguintes:
  - . Deixar de respectar as actividades que constitúen o obxecto da cesión.
  - . Prestar inadecuadamente tales actividades.
  - . O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos servizos sociais, sanitarios, laborais e seguridade social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicable.
  - . A realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.
  - . O incumprimento da entidade cesionaria do deber de conservación do inmovible.

A finalización do presente convenio por calquera destas causas produciría a reversión do local coas súas eventuais melloras e accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados á Fundación por medio do presente convenio.

A Deputación provincial non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puidese levar a cabo a Función para o cumprimento dos seus fins, sen que por tanto, se poida entender que a reversión implique a sucesión de empresa prevista na lexislación.

#### Quinta.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, as partes quedan suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA ODONTOLOXÍA SOLIDARIA

Salvador Fernández Moreda

José Manuel Díaz López-Dóriga

### **17.-APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar a rectificación do inventario de bens da Deputación da Coruña.
2. Remitir unha copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do establecido no artigo 32.1 do Regulamento de bens.”

### **18.-APROBAR OS PREGOS ADAPTADOS Á LEI 2/2011 DE ECONOMÍA SUSTENTABLE:**

- **Procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.**
- **Procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.**
- **Procedemento negociado das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“

1. Aprobar os pregos tipo que a continuación se indican
  - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para contratar mediante procedemento aberto (multiplicidade de criterios de valoración) as obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.
  - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para contratar mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) as obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.
  - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para contratar mediante procedemento negociado as obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.
2. Publicar o contido dos citados pregos, para darlles unha maior difusión, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

# **PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACION) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS**

PREGO ADAPTADO Á LEI 2/2011 DO 4 DE MARZO DE ECONOMIA SUSTENTABLE

## **I.-Elementos do contrato**

### **1.1) Obxecto do contrato**

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire o epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co establecido no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co disposto no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

### **1.2) Delimitación do contrato**

Para os efectos do presente prego e da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 14.1 da LCSP.

Neste sentido no epígrafe 0 do cadro de características indícase esta circunstancia.

## **2) Orzamento do contrato e tipo de licitación**

Sínálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se

indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

### **3) Financiamento**

#### **3.1. Obras de carácter anual:**

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada no epígrafe 3 do cadro de características do contrato.

#### **3.2. Obras de carácter plurianual:**

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra no epígrafe 2.B. En consecuencia o presente gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

### **4) Revisión de prezos**

Atendendo á natureza da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

### **5) Prazo de execución**

**5.1.-** O prazo de execución do contrato será o que se sinala no epígrafe 4 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O prazo contarase sempre en **días naturais**.

**5.2.- Prórrogas.-** O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

**5.3.- Prazos parciais.-** Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

**5.4.- Reaxuste de anualidades.-** A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase ao realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

### **6) Capacidade para contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 43 e 49 da

LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

### **7) Clasificación do contratista**

Para contratar coa administración a execución dunha obra de importe igual ou superior á cantidade establecida no artigo 54.1 da LCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que conste no expediente e que se indica no epígrafe 5 do cadro de características do contrato.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 12.1.g.

### **8) Unións temporais de empresas**

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 56.5 LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

## **II.- Adxudicación**

### **9) Procedemento de adxudicación**

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación)

### **10) Anuncio e perfil de contratante**



10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: o procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 126 e 42 da LCSP) e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

10.1.b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: de conformidade co disposto nos artigos 14 e 126.1 parágrafo segundo da LCSP, o anuncio de licitación publicarase, ademais, no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

10.2. Perfil de contratante: co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 8 do cadro de características do contrato, e de conformidade cos disposto nos art. 42, 37, 125, 126, 135, 138,175, 176, 181 e 309 da LCSP

## **11) Proposicións: lugar e prazo de presentación**

### **11.A) CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA (ART.14 LCSP)**

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos **vinte e seis días naturais** contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (art. 143.2 LCSP), en horas de nove a trece e en tres sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

De conformidade co artigo 96 da LCSP, no suposto que o expediente se declare de **tramitación urxente** o prazo de presentación de proposicións será de **trece días naturais**, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio, ben sexa o BOP ou perfil do contratante

### **11.B) CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA (ART. 14 LCSP)**

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de **cincuenta e dous días naturais**, contados desde a data de envío do anuncio á Comisión Europea (Diario Oficial da Unión Europea). O devandito prazo reducirase a **trinta e seis días naturais ou en casos excepcionais debidamente xustificadas ata vinte e dous días**, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 125 do LCSP (143.1 LCSP).

## **12) Proposicións: documentación**

## **12.1.- Sobre A: subtítulo "Documentación"**

Conterá a seguinte documentación:

### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1)** Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

**A-2)** Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**A-3)** Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4)** Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

**A-5)** Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados

signatarios do Acordo sobre contratación pública da organización mundial de comercio.

**A-6)** Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

**B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España**

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 do LCSP).

**C) Poderes:**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do rexistro mercantil.

**D) Verificación de poderes:**

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos verificar previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

**E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:**

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*Con DNI*

*e domicilio en*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*en nome propio ou en representación da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

*- Título:*

*Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP*

*Así mesmo declara que se está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa proponente)*

**F) Clasificación e acreditación de solvencia mediante compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso:**

**F.1 Documento de clasificación empresarial:** certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 5 do cadro de características.

No entanto para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten ante o órgano de contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 do LCSP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso do últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

**F.2 Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.** Para estes efectos os licitadores deberán concretar os medios materiais e persoais que se adscribirán á obra, de conformidade co disposto 53.2 da LCSP. Neste sentido os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) Currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade destes pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

- Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás características destes de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de

características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 210.2.e. da LCSP.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori. A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, previos os informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerárase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

#### **G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:**

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP e a solvencia técnica mediante: 1º.- a relación das obras executadas no curso do últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e 2º.-compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Para estes efectos os licitadores deberán chegar a seguinte documentación:

##### **- Medios persoais:**

A) currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade destes pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

##### **- Medios materiais:**

a) Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás características destes de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de

características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 210.2.e. da LCSP.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori. A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, previos os informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerárase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

#### **H) Unións temporais de empresas**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 8 do presente prego.

#### **I) Declaración de empresas vinculadas**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

#### **J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados

nos apartados: A), B), C), D), E) e F.1) sempre que os citados documentos estean vixentes.

**K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación**

Axustarase ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*con residencia*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*segundo DNI N<sup>o</sup>*

*en nome propio ou da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

*- Título:*

*Autoriza á administración contratante para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa proponente)*

**L) Índice de documentos que integran o sobre**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

**12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".**

Conterá as seguintes referencias técnicas:

1.- Con carácter xeral:

**A .1) Programa de traballo:**

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por

contrata a prezos de proxecto (detallado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregárase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

#### **A.2) Actuación ambiental:**

d) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais
- rexeneración de espazos
- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.
- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.

#### **B) Plan de control de calidade:**

##### **B.1) Plan de control interno de calidade**

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- control de calidade nos materiais que se han empregar
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- control de calidade nas probas finais de instalacións
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade;

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade: medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.

##### **B.2) Porcentaxe de control interno**

O licitador indicará a porcentaxe sobre o orzamento de execución material que vai destinar a este control interno.



O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

A dirección de obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes, cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade.

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

### B.3) Porcentaxe de control de calidade externo.

A administración, a través da dirección e de acordo co establecido na cláusula 29 do prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

No caso de que o contratista ofertara unha porcentaxe maior, para os efectos de valoración, non se computa o 1% mínimo obrigatorio a que se refire o apartado anterior; é dicir, se unha empresa oferta o 3% de incremento de control de calidade externo, obterá 9 puntos (de acordo coa valoración do ANEXO IV) pero, a efectos financiamento polo contratista, a porcentaxe destinada a control externo que ha contratar a administración será do 4% (3% ofertado polo adxudicatario máis 1% mínimo obrigatorio).

A oferta realizarase conforme ao seguinte modelo:

*D.D<sup>a</sup>..... en nome e representación da empresa ..... comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o . . .% (1) sobre o orzamento de execución material da obra cuxa denominación é a seguinte ....., e por tanto a cantidade máxima a financiar é do*

*A: 1%*

*B: % de incremento ofrecido*

*TOTAL (A+B) .....%, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme ao disposto na cláusula 12.2 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.*

*(Lugar, data e firma)*

*(1) Expresado con seis decimais*

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

### **C) Esquema do plan de seguridade e saúde:**

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se han adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

#### **2.- Con carácter específico:**

Só para aqueles contratos nos que se indique no epígrafe 4 do cadro de características do contrato (ANEXO I) que este criterio será obxecto de valoración.

- Proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais):

A empresa presentará unha memoria sobre a organización do proceso construtivo, na que -no seu caso, razoando as vantaxes que signifique para a administración- expresarase unha proposta, debidamente xustificada, de redución nos prazos de execución.

A dita memoria conterá un programa de execución das obras, describindo mediante diagramas os tempos (expresados en días naturais) actividades e previsións de custos (expresadas en unidades monetarias oficiais).

3.- Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no seu persoal cun número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2%.

4.- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

### **12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica"**

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

## **13) Documentos: orixinais e copias**

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

#### **14) Garantía provisional**

En consonancia co disposto no art. 91 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

#### **15) Apertura de plicas e adxudicación**

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e apertura de sobres de referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 144 de LCSP, e 22 e 27 do Real decreto 817/2009 do 8 de maio, pola que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007

##### **15.1 Apertura e valoración das ofertas.**

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

##### **1ª Fase: Valoración dos criterios de valoración do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración excepto o factor prezo**

As empresas que non superen a puntuación mínima de 16 puntos na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental e Plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo.

Na puntuación mínima a que se refire o apartado anterior non se computan en ningún caso as propostas de redución de prazos.

##### **2ª Fase: Valoración das ofertas económicas**

Procedemento:

Para os efectos dispostos na primeira fase, polo Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado (cuxa composición designará o órgano de contratación a proposta da Mesa de Contratación), emitirase informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios (excepto o factor prezo) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: “Referencias técnicas”.

Para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

## **15.2 Rexeitamento de proposicións**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

**15.2.1.-** A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

### **15.2.2.- Criterios de valoración:**

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

#### FASE I:

##### 1) Con carácter xeral:

Control de calidade, ata 13 puntos, detallado en:

- Plan de control interno de calidade: de 0 a 3 puntos
- Porcentaxe destinada a control interno de calidade: de 0 a 1 punto
- Porcentaxe destinada a control externo de calidade: de 0 a 9 puntos.
- Programa de traballo: de 0 a 17 puntos
- Programa de actuación ambiental: de 0 a 8 puntos
- Plan de seguridade e saúde: de 0 a 12 puntos.

##### 2) Con carácter específico:

Ademais dos indicados anteriormente na FASE 1 e nos supostos a que se refire a cláusula 12.2.2, engadirase:

- Proposta de redución de prazos: de 0 a 10 puntos

Só para aqueles contratos que expresamente se indiquen no cadro de características do contrato.

##### 3) Disposición común: exclusións

As empresas que non superen a puntuación mínima de 16 puntos na FASE I coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: programa de control interno de calidade, programa de traballo e protección ambiental, e plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

### FASE II

- Oferta económica: ata 40 puntos

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

### **15.2.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**15.2.3.1.-** Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

**15.2.3.2.-** Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67.

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º .- Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.

2º .- Volume de obra xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

3º .- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 6ª da LCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

### **15.3 Renuncia:**

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias dispostas na LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 2 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .145.4 do LCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 136.3

**15.4.** No acordo ou resolución de adxudicación o órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a dirección da obra se realice mediante contrato de servizos logo da tramitación do correspondente expediente de contratación.

## **16) Adxudicación**

**16.1.** Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- a. A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.
- a) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

- c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

**16.2** De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 49.2.d) e 50.2.e) da Lei 34/2010

**16.3** O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

**16.4** A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

## **III.- Formalización do contrato**

### **17) Formalización do contrato**

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 310.1 a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fosen imputables á administración, indemnizarse ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

#### **IV.- Execución do contrato**

##### **18) Acta de comprobación do replanteo**

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato coas consecuencias para os efectos establecidos no artigo 220 da LCSP.

##### **18.2.- Comezo das obras e comunicación de apertura do centro de traballo**

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.



Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

**18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.-** Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderá ao presidente da Corporación logo do informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo, corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

## **19) Carteis e sinais**

**19.1.-** Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a Administración provincial. O devandito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o devandito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido o devandito prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

**19.2.- Fotografías**

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración a reportaxe fotográfica ou en vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

## **20) Ocupación de terreos**

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

## **21) Desenvolvemento dos traballos**

**21.1.-** O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 da LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

**21.2.-** Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

**21.3.-** Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

**21.4.-** Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

**21.5.-** Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos a contar desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 219 da LCSP.

## **22) Dirección e inspección das obras**

A dirección e inspección das obras corresponde ao técnico-director destas (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. No entanto, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

## **23) Lexislación laboral e Seguridade Social**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

## **24) Prevención de riscos laborais**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

## **24. bis) Produción e xestión de residuos**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

## **25) Responsabilidade. Danos**

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

## **26) Gastos de transporte e almacenaxe**

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convidado e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

## **27) Custodia e conservación**

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento delas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso se deriven.

## **28) Gastos de anuncios e tributos e varios**

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan no epígrafe 13 do cadro de características do contrato.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procedese, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

## **29) Control de calidade**

A administración, a través da dirección e de acordo co establecido na cláusula 29 do prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra ou, no seu caso, da porcentaxe que, excedendo deste 1%

(expresado con seis decimais), ofrezga o adxudicatario, con arranxo ao seguinte modelo:

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o adxudicatario conforme o establecido na cláusula 12.2 e cuxo estrito cumprimento esixirá a administración a través da dirección facultativa, tanto no que se refire ao programa de control, ensaios, como a cantidades destinadas a esta finalidade.

### **30) Dereitos do adxudicatario**

**30.1.-** Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo coa disposición transitoria 8ª da Lei 15/2010 do 5 de xullo pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o devandito aboamento deberá efectuarse dentro dos seguintes prazos:

a) Entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011 o prazo no que as administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 50 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

b) Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012 o prazo no que as administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 40 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

c) Do 1 de xaneiro de 2013 en diante o prazo no que as administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 30 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

**30.2** Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 200.4 da LCSP., modificada pola Lei 15/2010 do 5 de xullo.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

**30.3.-** Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

**30.4.-** Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento das perdas que como consecuencia diso se orixine, se a demora da administración fose superior a oito meses.

**30.5.-** Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 201 da LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

### **31) Aboamento da obra executada**

**31.1. Medicións.-** A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

**31.2.- Relacións valoradas.-** A dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

**31.3.- Certificacións.-** As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranas a dirección facultativa nos dous días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

### **31.4.- Pagos**

**31.4.1.-** Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

Terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

#### **31.4.2. Aboamentos a conta por materiais acumulados**

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acumulados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- e) Que o contratista constitúa aval de acordo co establecido no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais acumulados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio

económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederáase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

#### **31.4.3.** Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d) Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

#### **31.4.4.** Garantías por aboamentos a conta por materiais acumulados e por instalacións e equipos.

Para realizar o devandito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 215 .2 da LCSP.

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

**31.5.-** Os contratistas que, conforme o artigo anterior, teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

## **32) Prórrogas**



Se o atraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

### **33) Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas**

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

No suposto de que o adxudicatario ofertara redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

<b>REDUCCIÓN (% sobre o prazo de execución)</b>	<b>Penalidades</b>
Ata un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Ata un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Ata un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Ata un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 45%	0,90 por cada 1.000 euros
Ata un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis	1 por cada 1.000 euros

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

### **34) Modificacións de obras**

**34.1.-** En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá, darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes o prepararan un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Non obstante o disposto no apartado anterior só poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 217 da LCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite establecido nel iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que se refire a disposición final segunda da LCSP. No entanto, cando con posterioridade a elas houber necesidade de introducir no proxecto modificacións das establecidas no art. 217 da LCSP haberán de ser recollidas tales variacións na proposta que se vai elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

**34.2.-** Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 202 e no título V do libro I da LCSP

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria deste, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias establecidas nos [artigos 155.b\)](#) e [158.b\)](#).

Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

A modificación non poderá exceder do 10% do prezo do contrato

Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

1. As modificacións non previstas neste prego só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, produciuse con posterioridade á adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme ao establecido nesta cláusula non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do establecido no apartado anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

- a) cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
- b) cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
- c) cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
- d) cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
- e) en calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte nel presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

**34.3.-** Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a elas serán fixados pola administración, logo da audiencia ao

contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executatalas directamente.

**34.4.-** Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o prezo deste, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído ) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en Plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

### **35) Cesión de contrato e subcontrato de obras**

#### **a) Cesión de contrato**

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes de un contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 209 da LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

#### **b) Subcontratación**

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 210 e 211 da LCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato .

O incumprimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, establecido no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato, considerárase incumprimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de

agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 211 da LCSP.

### **36) Recepción das obras e certificación final**

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 218 da LCSP.

O contratista ten a obrigaón de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigaón o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 31.2 deste prego.

**Obras contratadas polos concellos:** Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

### **37) Prazo de garantía**

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigaón, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, por conta do contratista.

### **38) Liquidación e devolución da garantía definitiva**

#### **A) Obras contratadas pola Deputación**

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 219 do LCSP (responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 200.4. da LCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de constrinximento.

## **B) Obras contratadas polos Concellos**

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

## **39) Causas de resolución**

Serán as dispostas nos artigos 206 e 220 do LCSP, cos efectos establecidos no artigo 208 e 222.

## **40) Réxime xurídico**

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo

e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 310 da LCSP, na súa redacción dada pola Lei 34/2010 do 5 de agosto os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

## ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

<b>0. REGULACION HARMONIZADA</b>	a) contrato non suxeito a regulación harmonizada      ^ b) contrato suxeito a regulación harmonizada      ^	
<b>1. PROXECTO</b>		
<b>1.bis. CODIFICACIÓN</b>	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
<b>2. PRESUPOSTO</b>	A) Obras anuais	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B) Obras Plurianuais	Exercicio Presupostario Importe (IVE INCLUÍDO) 2011 2012...
<b>3. APLICACIÓN PRESUPOSTARIA</b>		
<b>4. PRAZO DE EXECUCIÓN</b>	FIXADO NO PROXECTO: REDUCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: <input type="checkbox"/> aplicable no presente prego <input type="checkbox"/> non aplicable	
<b>4-BIS PORCENTAXE SUBCONTRATAION</b>	.....% do prezo de adjudicación	
<b>5. CLASIFICACIÓN</b>		
<b>6. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS</b>		
<b>7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN</b>		
<b>8. PERFIL DE CONTRATANTE</b>	8.1 Enderezo páxina web: www..... 8.2 Publicación de adjudicación I (indicar a opción elixida): a) en BOP      ^ b) en perfil de contratante      ^	
<b>9. GARANTÍA DEFINITIVA</b>		
<b>10. TAXAS DO CONTRATO</b>		
<b>11. REVISIÓN DE PREZOS</b>		
<b>12. CONTROL DE CALIDADE</b>		
<b>13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA</b>		

**OUTROS DATOS:**

**INFORMACIÓN**

**PERFIL DE CONTRATANTE:** .....

**TELÉFONO:**.....

**CORREO ELECTRÓNICO** .....

**LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO.....**



## ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con domicilio en \_\_\_\_\_.  
rúa \_\_\_\_\_  
nº \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_  
Fax (optativo) \_\_\_\_\_  
dirección de correo electrónico (optativo) \_\_\_\_\_  
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) N° \_\_\_\_\_  
actuando en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_).  
\_\_\_\_\_  
DNI ou CIF N° \_\_\_\_\_  
e con domicilio en \_\_\_\_\_.  
rúa \_\_\_\_\_  
nº \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_  
Fax (optativo) \_\_\_\_\_  
dirección de correo electrónico (optativo) \_\_\_\_\_

Toma parte no procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A ) Prezo sen IVE..... euros .  
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE ) % ..... importe ..... euros  
C) TOTAL ( A+ B ) .....EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

1.  Non concorre con empresas vinculadas.
2.  Concorre coa\s seguinte/s empresa/s:  
Denominación  
CIF

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_  
O LICITADOR (asinado e rubricado)

### ANEXO III: MODELO DE SOBRE

#### MODELO DE SOBRE

- A. DOCUMENTACIÓN
- (1) B. REFERENCIAS TÉCNICAS
- C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)  
presentada por .. \_\_\_\_\_  
Teléfono \_\_\_\_\_  
Fax \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

*(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.*

*(2) Indicar o título do contrato.*

## ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

### DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

#### FASE 1

#### A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

##### a) Programa de traballo (cláusula 12.2.1.A.1):

Valorarase de 0 a 17 puntos conforme ao seguinte detalle (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental específico e adaptado á obra	De 10,01 a 17 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental xenérico e parcialmente adaptado	De 5,1 a 10 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental insuficiente	De 0,1 a 5 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental non adaptado e incompleto	0 puntos

##### b) Programa de actuación ambiental (cláusula 12.2.1.A.2):

Valorarase de 0 a 8 puntos conforme seguinte detalle (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	De 5 a 8 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	De 2 a 4,99 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente	De 0,1 a 1,99 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta	0 puntos

##### b) Plan de control de calidade (cláusula 12.2.1.B)

Valorarase de 0 a 13 puntos conforme seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

<b>PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 1,51 a 3,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0,51 a 1,50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0,00 a 0,50 puntos
<b>PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) á//s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
<b>PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times \%$ incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)

c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): de 0 a 12 puntos

Valórase de 0 a 12 puntos conforme seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra	De 10 a 12 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado	De 6,50 a 9,99 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente	De 0,1 a 6,49 puntos
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	0 puntos

## **B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO**

Só aplicable a aqueles contratos nos que quede especificado no epígrafe 4 do cadro de características do contrato (ANEXO I).

Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 12.2.2 do presente prego): de 0 a 10 puntos.

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

### **Puntuación máxima**

Calcularase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se han adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderá un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.

### **Proceso de puntuación**

A seguir, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.

Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que igualem a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen


reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.

Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:



## REDUCIÓN DE PRAZOS

### EXCLUSIÓN

As empresas que non superen a puntuación mínima de 16 puntos na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: programa de control interno de calidade, programa de traballo e plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da 2ª fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios. (Cláusula 15.1)

### FASE II

a) **Oferta Económica**: De 0 a 40 puntos. De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

## 1. Notacións

- $P$  : : prezo de licitación,
- $n$  : : número de ofertas,
- $O_1, O_2, \dots, O_n$  : valor das  $n$  ofertas,
- $O_m$  : media das ofertas presentadas ( $O_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n O_i$ ),
- $B_1, B_2, \dots, B_n$  : baixas absolutas ( $B_i = P - O_i$ ,  $i = 1, \dots, n$ ),
- $B_m$  : baixa absoluta media ( $B_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n B_i = P - O_m$ ),
- $b_1, b_2, \dots, b_n$  : baixas porcentual con respecto a  $P$  ( $b_i = \frac{B_i}{P} \times 100$ ,  $i = 1, \dots, n$ ),
- $b_{max}, b_{min}$  : baixas porcentuais máxima e mínima,
- $b_m$  : baixa porcentual media ( $b_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n b_i = \frac{B_m}{P} \times 100$ ),
- $V_{max}$  : máxima valoración posible,
- $W_{max}$  : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- $W_i$  : valoración previa da oferta  $i$ -ésima entre 0 e  $W_{max}$ ,  $i = 1, \dots, n$ ,
- $V_i$  : valoración final da oferta  $i$ -ésima entre 0 e  $V_{max}$ ,  $i = 1, \dots, n$ .

*Nota.*- Dado que as baixas negativas correspondería a ofertas superiores ao prezo de licitación (e por tanto non admisibles), suponse que as baixas  $b_i$  son iguais ou maiores que cero

## 2. Algoritmo de valoración de ofertas

### 3. Algoritmo p2.1. Valoración máxima inicial de acordo coas ofertas presentadas

$$W_{max} = \frac{b_{max} - b_{min}}{100} V_{max}$$

### 2.2. Valoración previa entre 0 y $W_{max}$

Unha puntuación inicial  $W_i$  da oferta  $i$ -ésima calcúlase por interpolación por tramos do seguinte modo (ver a figura 1):

- Se  $b_i \leq b_m$  (oferta entre o prezo licitación –baixa nula- e a oferta media) entón a

súa valoración é proporcional entre os valores 0 y  $\frac{8W_{max}}{10}$  :

$$W_i = \frac{8W_{max}}{10b_m} b_i,$$

- Se  $b_i > b_m$  (baixa superior á baixa media) entón a súa valoración é proporcional entre  $\frac{8W_{max}}{10}$  y  $W_{max}$  :

$$W_i = \frac{2W_{max}}{10(b_{max} - b_m)} (b_i - b_m) + \frac{8W_{max}}{10}.$$

•

### 2.3. Valoración final entre 0 e $V_{max}$

En xeral, as puntuacións iniciais anteriores resultan moi pequenas, sobre todo cando as ofertas son moi iguais. Por tanto, as baixas non terían moito peso na adjudicación dos contratos ou concursos. Proponse unha alternativa de reescalado das valoracións previas para trasladar as puntuacións ao intervalo  $[0, V_{max}]$ , sumando a cada valoración previa unha cantidade  $S$  case-proporcional á baixa:

- Se  $b_{max} \leq 20$ :  $S = (V_{max} - W_{max}) \frac{b_{max}}{20}$ ,

- Se  $b_{max} \geq 20$ :  $S = V_{max} - W_{max}$ .

A valoración final das ofertas obtense agora do modo seguinte (figura 1):

$$V_i = W_i + S \frac{b_i}{b_{max}}, \quad i = 1, \dots, n.$$

Nótase que a puntuación máxima  $V_{max}$  só atangue se a baixa máxima ( $b_{max}$ ) é igual ou superior ao 20% (figura 2).

*Nota.*- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense  $b_1 = b_2 = \dots = b_n = b_m = b_{max} = 0$  polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ( $V_i = 0$ ). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas

son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propomos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que  $b_{max} \leq 10^{-6}$ .

#### 2.4. Fórmula completa para valoración de ofertas

1. Definición de  $W_{max}$ :

$$W_{max} = \frac{b_{max} - b_{min}}{100} V_{max}.$$

2. Definición de  $S$ :

- Si  $b_{max} \leq 20$ :  $S = (V_{max} - W_{max}) \frac{b_{max}}{20}$ ,
- Si  $b_{max} \geq 20$ :  $S = V_{max} - W_{max}$ .

3. Valoración das ofertas cando  $b_{max} > 10^{-6}$ . Para  $i = 1, \dots, n$ :

- Se  $b_i \leq b_m$  entón

$$V_i = \frac{8W_{max}}{10b_m} b_i + S \frac{b_i}{b_{max}},$$

- Se  $b_i > b_m$  entón

$$V_i = \frac{2W_{max}}{10(b_{max} - b_m)} (b_i - b_m) + \frac{8W_{max}}{10} + S \frac{b_i}{b_{max}}.$$

4. Valoración das ofertas cando  $b_{max} \leq 10^{-6}$ :

- Para  $i = 1, \dots, n$ :  $V_i = 0$ .



Figura 1: Representación gráfica de as puntuacións se .

Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se  $b_{max} > 20$  ..

### 3. Algoritmo para detectar as ofertas temerarias

#### 3.1. Definición das ofertas temerarias

O artigo 85 do R.D. 1098/2001 do 12 outubro, ofertas temerarias defínense do seguinte modo:

*(Apartado 5 do art. 85 do RD 1098/2001)*

De acordo co apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001, “*excepcionalmente, e atendendo ao obxecto do contrato e circunstancias do mercado, o órgano de contratación poderá motivadamente reducir nun terzo no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares as porcentaxes establecidas nos apartados anteriores*”.

Nese caso a definición das ofertas temerarias quedaría como segue:

- *Número de ofertas: 1.* A oferta é temeraria se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67%, o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67
- *Número de ofertas: 2.* Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior á outra en máis dun 13,33%.
- *Número de ofertas: 3.* Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluíranse para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, considerásense temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67.
- *Número de ofertas: 4 ou máis.* Considerásense temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calculácese unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre o tres ofertas de menor contía.

#### 3.2. Fórmula completa para detección de ofertas temerarias

*(Apartado 5 do art. 85 do RD 1098/2001)*

- $n = 1$  : Se  $b_1 > 16,67$  , entón a oferta 1 (única) é temeraria.
- $n = 2$  : Supoñemos que  $O_1 \geq O_2$  . Se  $O_2 < 0,8667 \times O_1$  entón a oferta 2 é temeraria.
- $n = 3$  : Supoñemos que  $O_1 \geq O_2 \geq O_3$  . Sexa  $O_m^*$  definida como:

$$O_m^* = \begin{cases} \frac{1}{2}(O_2 + O_3) & \text{se } O_1 > 1,0667 \times O_m, \\ O_m & \text{se } O_1 \leq 1,0667 \times O_m. \end{cases}$$

- Para  $i = 1, 2, 3$ , si  $b_i > 16,67$  o  $O_i < 0,9333 \times O_m^*$  a oferta  $i$  é temeraria.
- $n \geq 4$  : Supoñemos que  $O_1 \geq O_2 \geq \dots \geq O_n$ . Si  $O_1 > 1,06667 \times O_m$ , sexa  $l$  o índice tal que  $1 \leq l \leq n$  y

$$O_1 \geq O_2 \geq \dots \geq O_l > 1,06667 \times O_m, \quad O_{l+1} \leq 1,06667 \times O_m.$$

Definimos

$$O_m^* = \begin{cases} \frac{1}{n-l}(O_{l+1} + \dots + O_n) & \text{se } O_1 > 1,06667 \times O_m \text{ e } l \leq n-3, \\ \frac{1}{3}(O_{n-2} + O_{n-1} + O_n) & \text{se } O_1 > 1,06667 \times O_m \text{ e } l > n-3, \\ O_m & \text{se } O_1 \leq 1,06667 \times O_m. \end{cases}$$

Para  $i = 1, 2, \dots, n$ , se  $O_i < 0,9333 \times O_m^*$  a oferta  $i$  é temeraria.

DILIXENCIA: Que se estende para facer constar que a fórmula poderá consultarse no seguinte enderezo de correo electrónico: <http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/>

**O XEFE DO SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN**

**Luís Jaime Rodríguez Fernández**

**PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN : FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS**

**PREGO ADAPTADO Á LEI 2/2011 DO 4 DE MARZO DE ECONOMÍA SUSTENTABLE**

**I.-Elementos do contrato**

**1.1) Obxecto do contrato**

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire o epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto

técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co establecido no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co disposto no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

## **1.2) Delimitación do contrato**

Para os efectos do presente prego e da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 14.1 da LCSP.

Neste sentido no epígrafe 0 do cadro de características indícase esta circunstancia.

## **2) Orzamento do contrato e tipo de licitación**

Sínálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

## **3) Financiamento**

### **3.1. Obras de carácter anual:**

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada no epígrafe 3 do cadro de características do contrato.

### **3.2. Obras de carácter plurianual:**

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra no epígrafe 2.B. En consecuencia o presente gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

## **4) Revisión de prezos**

Atendendo á natureza da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

## **5) Prazo de execución**

**5.1.-** O prazo de execución do contrato será o que se sinala no epígrafe 4 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O prazo contarase sempre en días **naturais**.

**5.2.- Prórrogas.-** O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

**5.3.- Prazos parciais.-** Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

**5.4.- Reaxuste de anualidades.-** A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase ao realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

## **6) Capacidade para contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 43 e 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

## **7) Clasificación do contratista**

Para contratar coa administración a execución dunha obra de importe igual ou superior á cantidade establecida no artigo 54.1 da LCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que conste no expediente e que se indica no epígrafe 5 do cadro de características do contrato.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 12.1.g.

## **8) Unións temporais de empresas**

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 56.5 LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

## **II.- Adxudicación**

### **9) Procedemento de adxudicación**

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) e como consecuencia adxudicarase á empresa que presente a oferta económica máis vantaxosa consistente no prezo máis baixo sen prexuízo do establecido no presente prego en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

### **10) Anuncio e perfil de contratante**

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: o procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 126 e 42 da LCSP) e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

10.1.b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: de conformidade co disposto nos artigos 14 e 126.1 parágrafo segundo da LCSP, o anuncio de licitación publicarase, ademais, no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

10.2. Perfil de contratante: co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 8 do cadro de características do contrato, e de conformidade cos disposto nos art. 42, 37, 125, 126, 135, 138,175, 176, 181 e 309 da LCSP

### **11) Proposicións: lugar e prazo de presentación**

11.A) CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA (ART.14 LCSP)

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos **vinte e seis días naturais** contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (art. 143.2 LCSP), en horas de nove a trece e en tres sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

De conformidade co artigo 96 da LCSP, no suposto que o expediente se declare de tramitación **urxente** o prazo de presentación de proposicións será de trece **días naturais**, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio, ben sexa o BOP ou perfil do contratante

#### 11.B) CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA (ART. 14 LCSP)

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de cincuenta e **dous días naturais**, contados desde a data de envío do anuncio á Comisión Europea (Diario Oficial da Unión Europea). O devandito prazo reducirase a trinta e **seis días naturais ou en casos excepcionais debidamente xustificadas ata vinte e dous días**, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 125 do LCSP (143.1 LCSP).

### **12) Proposicións: documentación**

#### **12.1.- Sobre A: subtítulado "Documentación"**

Conterá a seguinte documentación:

##### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1)** Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

**A-2)** Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**A-3)** Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4)** Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

**A-5)** Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da organización mundial de comercio.

**A-6)** Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

## **B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España**

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 do LCSP).



**C) Poderes:**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do rexistro mercantil.

**D) Verificación de poderes:**

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos verificar previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

**E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:**

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*Con DNI*

*e domicilio en*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*en nome propio ou en representación da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

*- Título:*

*Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP*

*Así mesmo declara que se está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa proponente)*

**F) Clasificación e acreditación de solvencia mediante compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso:**

**F.1 Documento de clasificación empresarial:** certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 5 do cadro de características.

No entanto para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten ante o órgano de contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 do LCSP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso do

últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

**F.2 Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.** Para estes efectos os licitadores deberán concretar os medios materiais e persoais que se adscribirán á obra, de conformidade co disposto 53.2 da LCSP. Neste sentido os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) Currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade destes pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

- Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás características destes de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 210.2.e. da LCSP.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori .A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, previos os informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerárase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

### **G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:**

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP e a solvencia técnica mediante: 1º .- a relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e 2º .-compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Para estes efectos os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade destes pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

a) Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás características destes de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 210.2.e. da LCSP.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori .A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, previos os informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerárase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

## **H) Unións temporais de empresas**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 8 do presente prego.

## **I) Declaración de empresas vinculadas**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

## **J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F.1) sempre que os citados documentos estean vixentes.

## **K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación**

Axustarase ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*con residencia*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*segundo DNI N<sup>o</sup>*

*en nome propio ou da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

- Título:

*Autoriza á administración contratante para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa proponente)*

## **L) Índice de documentos que integran o sobre**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

### **12.2. Sobre B: subtítulo "Referencias técnicas"**

Ao tratarse dun procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo, os licitadores non terán que presentar o sobre de "referencias técnicas".

### **12.3. Sobre C: Subtítulo "Oferta económica"**

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

## **13) Documentos: orixinais e copias**

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

## **14) Garantía provisional**

En consonancia co disposto no art. 91 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

## **15) Apertura de plicas e adxudicación**

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 144 de LCSP.

### **15.1 Apertura das ofertas**

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase aos licitadores interesados para que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

### **15.2 Rexeitamento de proposicións**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

### **15.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**15.3.1.-** Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

**15.3.2.-** Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67.

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º .- Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.

2º .- Volume de obra xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

3º .- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 6ª da LCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

#### **15.4 Renuncia:**

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias dispostas na LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 15 días, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .145.4 do LCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 136.3

**15.5.** No acordo ou resolución de adxudicación o órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e naqueles

casos en que a dirección da obra se realice mediante contrato de servizos logo da tramitación do correspondente expediente de contratación.

## **16) Adxudicación**

**16.1.** Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

**16.2** De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 49.2.d) e 50.2.e) da Lei 34/2010

**16.3** O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

**16.4** A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.



### **III.- Formalización do contrato**

#### **17) Formalización do contrato**

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 310.1 a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fosen imputables á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

### **IV.- Execución do contrato**

#### **18) Acta de comprobación do replanteo**

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato coas consecuencias para os efectos establecidos no artigo 220 da LCSP.

#### **18.2.- Comezo das obras e comunicación de apertura do centro de traballo**

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

**18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.-** Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderá ao presidente da Corporación logo do informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo, corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

## **19) Carteis e sinais**

**19.1.-** Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a Administración provincial. O devandito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o devandito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido o devandito prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa

total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

### **19.2.- Fotografías**

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración a reportaxe fotográfica ou en vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

## **20) Ocupación de terreos**

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

## **21) Desenvolvemento dos traballos**

**21.1.-** O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 da LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

**21.2.-** Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

**21.3.-** Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

**21.4.-** Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará

durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

**21.5.-** Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos a contar desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 219 da LCSP.

## **22) Dirección e inspección das obras**

A dirección e inspección das obras corresponde ao técnico-director destas (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. No entanto, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

## **23) Lexislación laboral e Seguridade Social**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

## **24) Prevención de riscos laborais**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

## **24. bis) Producción e xestión de residuos**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

## **25) Responsabilidade. Danos**

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

## **26) Gastos de transporte e almacenaxe**

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convidado e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

## **27) Custodia e conservación**

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento delas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso se deriven.

## **28) Gastos de anuncios e tributos e varios**

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan no epígrafe 13 do cadro de características do contrato.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procedese, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

## **29) Control de calidade externo**

A administración, a través da dirección e de acordo co establecido no Prego de prescricións técnicas e epígrafe 12 do cadro de características do contrato, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por

conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

### **30) Dereitos do adxudicatario**

**30.1.-** Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo coa disposición transitoria 8ª da Lei 15/2010 do 5 de xullo pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o devandito aboamento deberá efectuarse dentro dos seguintes prazos:

Entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011 o prazo no que as administracións teñen a obrigaçión de aboar o prezo das obrigaçións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 50 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012 o prazo no que as administracións teñen a obrigaçión de aboar o prezo das obrigaçións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 40 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Do 1 de xaneiro de 2013 en diante o prazo no que as administracións teñen a obrigaçión de aboar o prezo das obrigaçións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 30 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

**30.2** Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 200.4 da LCSP., modificada pola Lei 15/2010 do 5 de xullo.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar

conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

**30.3.-** Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

**30.4.-** Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento das perdas que como consecuencia diso se orixine, se a demora da administración fose superior a oito meses.

**30.5.-** Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 201 da LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

### **31) Aboamento da obra executada**

**31.1. Medicións.-** A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

**31.2.- Relacións valoradas.-** A dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

**31.3.- Certificacións.-** As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranas a dirección facultativa nos dous días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

**31.4.- Pagos**

**31.4.1.-** Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

Terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

**31.4.2. Aboamentos a conta por materiais acumulados**

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acumulados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- e) Que o contratista constituía aval de acordo co establecido no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais acumulados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.



### **31.4.3.** Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.
- c) O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- d) Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

### **31.4.4.** Garantías por aboamentos a conta por materiais acumulados e por instalacións e equipos.

Para realizar o devandito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 215 .2 da LCSP.

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

**31.5.-** Os contratistas que, conforme o artigo anterior, teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

## **32) Prórrogas**

Se o atraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

### **33) Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas**

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

### **34) Modificacións de obras**

**34.1.-** En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá, darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes o prepararan un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Non obstante o disposto no apartado anterior só poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 217 da LCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite establecido nel iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que se refire a disposición final segunda da LCSP. No entanto, cando con posterioridade a elas houber necesidade de introducir no proxecto modificacións das establecidas no art. 217 da LCSP haberán de ser recollidas tales variacións na proposta que se vai elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

**34.2.-** Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 202 e no título V do libro I da LCSP

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria deste, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias establecidas nos [artigos 155.b\)](#) e [158.b\)](#).

Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

A modificación non poderá exceder do 10% do prezo do contrato

Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

1. As modificacións non previstas neste prego só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- a. Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- b. Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- c. Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

- d. Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, produciuse con posterioridade á adxudicación do contrato.
- e. Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme ao establecido nesta cláusula non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do establecido no apartado anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

- a. cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
- b. cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
- c. cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
- d. cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
- e. en calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte nel presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

**34.3.-** Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a elas serán fixados pola administración, logo da audiencia ao contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

**34.4.-** Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o prezo deste, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído ) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en Plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

### **35) Cesión de contrato e subcontrato de obras**

#### **a) Cesión de contrato**

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes de un contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 209 da LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

#### **b) Subcontratación**

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 210 e 211 da LCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato .

O incumprimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, establecido no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato, considerárase incumprimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 211 da LCSP.

### **36) Recepción das obras e certificación final**

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 218 da LCSP.

O contratista ten a obrigaón de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigaón o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 31.2 deste prego.

**Obras contratadas polos concellos:** Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

### **37) Prazo de garantía**

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigaón, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, por conta do contratista.

### **38) Liquidación e devolución da garantía definitiva**

#### **A) Obras contratadas pola Deputación**

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 219 do LCSP (responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigaóns pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 200.4. da LCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle

un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de constrinximento.

## **B) Obras contratadas polos Concellos**

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

## **39) Causas de resolución**

Serán as dispostas nos artigos 206 e 220 do LCSP, cos efectos establecidos no artigo 208 e 222.

## **40) Réxime xurídico**

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 310 da LCSP, na súa redacción dada pola Lei 34/2010 do 5 de agosto os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

## ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

<b>0. REGULACION HARMONIZADA</b>	a) contrato non suxeito a regulación harmonizada      ^ b) contrato suxeito a regulación harmonizada      ^	
<b>1. PROXECTO</b>		
<b>1.bis. CODIFICACIÓN</b>	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
<b>2. PRESUPOSTO</b>	A) Obras anuais	..... Euros (IVE INCLUIDO)
	B) Obras plurianuais	Ejercicio Presupostario Importe (IVE INCLUIDO) 2011 2012...
<b>3. APLICACIÓN PRESUPOSTARIA</b>		
<b>4. PRAZO DE EXECUCIÓN</b>	FIXADO NO PROXECTO: REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: <input type="checkbox"/> aplicable no presente prego <input type="checkbox"/> non aplicable	
<b>4-BIS PORCENTAXE SUBCONTRATAION</b>	.....% do prezo de adjudicación	
<b>5. CLASIFICACIÓN</b>		
<b>6. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS</b>		
<b>7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN</b>		
<b>8. PERFIL DE CONTRATANTE</b>	8.1 Enderezo páxina web: www..... 8.2 Publicación de adjudicación I (indicar a opción elixida): a) en BOP      ^ b) en perfil de contratante      ^	
<b>9. GARANTÍA DEFINITIVA</b>		
<b>10. TAXAS DO CONTRATO</b>		
<b>11. REVISIÓN DE PREZOS</b>		
<b>12. CONTROL DE CALIDADE</b>		
<b>13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA</b>		

**OUTROS DATOS:**

**INFORMACIÓN**

**PERFIL DE CONTRATANTE:** .....

**TELÉFONO:**.....

**CORREO ELECTRÓNICO** .....

**LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO.....**



## ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con domicilio en \_\_\_\_\_.  
rúa \_\_\_\_\_  
nº \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_  
Fax (optativo) \_\_\_\_\_  
dirección de correo electrónico (optativo) \_\_\_\_\_  
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) N° \_\_\_\_\_  
actuando en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_).  
\_\_\_\_\_  
DNI ou CIF N° \_\_\_\_\_  
e con domicilio en \_\_\_\_\_.  
rúa \_\_\_\_\_  
nº \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_  
Fax (optativo) \_\_\_\_\_  
dirección de correo electrónico (optativo) \_\_\_\_\_

Toma parte no procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A ) Prezo sen IVE..... euros .  
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE ) % ..... importe ..... euros  
C) TOTAL ( A+ B ) .....EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- a) \_\_\_ Non concorre con empresas vinculadas.  
b) \_\_\_ Concorre coa\vs seguinte/s empresa/s:  
Denominación  
CIF

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_  
O LICITADOR (asinado e rubricado)

## ANEXO III: MODELO DE SOBRE

### MODELO DE SOBRE

- (1) A. DOCUMENTACIÓN  
B. REFERENCIAS TÉCNICAS  
C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)  
presentada por .. \_\_\_\_\_  
Teléfono \_\_\_\_\_  
Fax \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

*(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.*

*(2) Indicar o título do contrato.*

## **PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS**

### **PREGO ADAPTADO Á LEI 2/2011 DE 4 DE MARZO DE ECONOMIA SUSTENTABLE**

#### **I.-Elementos do contrato**

##### **1.1) Obxecto do contrato**

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire o epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e

Saúde, de acordo co establecido no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co disposto no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

## **1.2) Delimitación do contrato**

Para os efectos do presente prego e da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 14.1 da LCSP.

Neste sentido no epígrafe 0 do cadro de características indícase esta circunstancia.

## **2) Orzamento do contrato e tipo de licitación**

Sínálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

## **3) Financiamento**

### **3.1. Obras de carácter anual:**

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada no epígrafe 3 do cadro de características do contrato.

### **3.2. Obras de carácter plurianual:**

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra no epígrafe 2.B. En consecuencia o presente gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

## **4) Revisión de prezos**

Atendendo á natureza da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

## **5) Prazo de execución**

**5.1.-** O prazo de execución do contrato será o que se sinala no epígrafe 4 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O prazo contarase sempre en **días naturais**.

**5.2.- Prórrogas.-** O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

**5.3.- Prazos parciais.-** Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

**5.4.- Reaxuste de anualidades.-** A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase ao realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

## **6) Capacidade para contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 43 e 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

## **7) Clasificación do contratista**

Para contratar coa administración a execución dunha obra de importe igual ou superior á cantidade establecida no artigo 54.1 da LCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que conste no expediente e que se indica no epígrafe 5 do cadro de características do contrato.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 12.1.g.

## **8) Unións temporais de empresas**

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 56.5 LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

## **II.- Adxudicación**

### **9) Procedemento de adxudicación**

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado.

### **10) Anuncio e perfil de contratante**

**a) Procedemento sen publicidade obrigatoria por razón da contía.-** Contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior ao establecido no art. 161.2 da LCSP: de acordo co establecido no art. 161.2 en relación co art. 155.d, este procedemento non require a publicación de anuncios en boletíns oficiais ou no perfil de contratante.

No entanto, deberá consultarse, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

A pesar de non ser obrigatorio, o órgano de contratación poderá optar tamén por calquera destas dúas modalidades:

A.- publicar un anuncio en prensa

B.- publicar un anuncio no perfil de contratante

No cadro de características do contrato indicárase por cal deste tres modalidades se opta.

Dado que a publicidade non é obrigatoria, non se aplican as normas dos arts. 147 a 150 da LCSP

**b) Procedemento con publicidade obrigatoria por razón da contía.-** Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior ao establecido no art. 161.2 da LCSP e non superen o límite establecido no art. 155.d) da LCSP:

Prazo para presentación de solicitudes de participación: será de **dez** días contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aínda que poderá substituírse esta publicación pola inserción do correspondente

anuncio no perfil de contratante. A opción elixida indícase no cadro de características.

Serán de aplicación ao procedemento negociado nestes casos as normas contidas nos arts. 147 a 150 da LCSP.

## **1) Proposicións: lugar e prazo de presentación.**

### **a) Procedemento sen publicidade obrigatoria por razón da contía**

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, dentro do prazo do **oito días naturais** a contar do día seguinte ao da recepción da invitación para que se oferte ou ao da publicación en prensa ou no perfil de contratante, segundo sexa a modalidade elixida de acordo co indicado no epígrafe 6 do cadro de características, en horas de nove a trece e en tres sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

**b) Procedemento con publicidade obrigatoria por razón da contía.-** As solicitudes de participación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, dentro do prazo do **dez días naturais** contado ao día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante, segundo sexa a modalidade elixida de acordo co indicado no epígrafe 6 do cadro de características, en horas de nove a trece e en tres sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

## **12) Proposicións: documentación**

### **a) Procedemento sen publicidade obrigatoria por razón da contía**

#### **12.1.- Sobre A: subtítulo "Documentación"**

Conterá a seguinte documentación:

#### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1)** Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

**A-2)** Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**A-3) Empresas comunitarias.**

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).**

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

**A-5) Empresas non comunitarias.**

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da organización mundial de comercio.

**A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.**

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

**B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España**

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 do LCSP).

**C) Poderes:**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do rexistro mercantil.

**D) Verificación de poderes:**

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos verificar previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

**E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:**

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*Con DNI*

*e domicilio en*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*en nome propio ou en representación da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

*- Título:*

*Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP*

*Así mesmo declara que se está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa proponente)*

**F) Clasificación e acreditación de solvencia mediante compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso:**

**F.1 Documento de clasificación empresarial:** certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 5 do cadro de características.



No entanto para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten ante o órgano de contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 do LCSP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso do últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

**F.2 Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.** Para estes efectos os licitadores deberán concretar os medios materiais e persoais que se adscribirán á obra, de conformidade co disposto 53.2 da LCSP. Neste sentido os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) Currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade destes pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

- Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás características destes de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Porcentaxe sobre o prezo de adjudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 210.2.e. da LCSP.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori. A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, previos os informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerárase incumprimento de obrigação esencial para os efectos establecidos no

art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

**G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:**

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP e a solvencia técnica mediante: 1º .- a relación das obras executadas no curso do últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e 2º .-compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Para estes efectos os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade destes pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

a) Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás características destes de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 210.2.e. da LCSP.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori .A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, previos os informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerárase incumprimento de obrigação esencial para os efectos establecidos no art. 206 f)

LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

#### **H) Unións temporais de empresas**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 8 do presente prego.

#### **I) Declaración de empresas vinculadas**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

#### **J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F.1) sempre que os citados documentos estean vixentes.

#### **K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación**

Axustarase ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*con residencia*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*segundo DNI N<sup>o</sup>*

*en nome propio ou da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

*- Título:*

*Autoriza á administración contratante para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa proponente)*

## **L) Índice de documentos que integran o sobre**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

### **12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".**

Conterá as seguintes referencias técnicas:

#### 1.- Con carácter xeral:

##### **A .1) Programa de traballo:**

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (detallado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: describirase a forma en que se documentará fotográficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregárase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

##### **A .2) Actuación ambiental:**

d) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais
- rexeneración de espazos
- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.
- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.

## **B) Plan de control de calidade:**

### **B.1) Plan de control interno de calidade**

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- control de calidade nos materiais que se han empregar
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- control de calidade nas probas finais de instalacións
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade;

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade: medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.

### **B.2) Porcentaxe de control interno**

O licitador indicará a porcentaxe sobre o orzamento de execución material que vai destinar a este control interno.

O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

A dirección de obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes, cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade.

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

### B.3) Porcentaxe de control de calidade externo.

A administración, a través da dirección e de acordo co establecido na cláusula 29 do prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

No caso de que o contratista ofertara unha porcentaxe maior, para os efectos de valoración, non se computa o 1% mínimo obrigatorio a que se refire o apartado anterior; é dicir, se unha empresa oferta o 3% de incremento de control de calidade externo, obterá 9 puntos (de acordo coa valoración do ANEXO IV) pero, a efectos de financiamento polo contratista, a porcentaxe destinada a control externo que ha contratar a administración será do 4% (3% ofertado polo adxudicatario máis 1% mínimo obrigatorio).

A oferta realizarase conforme ao seguinte modelo:

*D.D<sup>a</sup>..... en nome e representación da empresa ..... comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o ...% (1) sobre o orzamento de execución material da obra cuxa denominación é a seguinte ....., e por tanto a cantidade máxima a financiar é do*

*A: 1%*

*B: % de incremento ofrecido*

*TOTAL (A+B) .....%, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme ao disposto na cláusula 12.2 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.*

*(Lugar, data e sinatura)*

*(1) Expresado con seis decimais*

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

### C) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se han adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica

- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

## 2.- Con carácter específico:

Só para aqueles contratos nos que se indique no epígrafe 4 do cadro de características do contrato (ANEXO I) que este criterio será obxecto de valoración.

- Proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais):

A empresa presentará unha memoria sobre a organización do proceso construtivo, na que -no seu caso, razoando as vantaxes que signifique para a administración- expresarase unha proposta, debidamente xustificada, de redución nos prazos de execución.

A dita memoria conterá un programa de execución das obras, describindo mediante diagramas os tempos (expresados en días naturais) actividades e previsións de custos (expresadas en unidades monetarias oficiais).

3.- Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no seu persoal cun número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2%.

4.- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

### **12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica"**

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

#### **b) Procedemento con publicidade obrigatoria por razón da contía**

**As solicitudes de participación presentaranse en dúas sobres. Sobre D: sobre relativo aos criterios de selección baseados na solvencia dos licitadores e Sobre A: Documentación**

**O sobre D: sobre relativo aos criterios de selección baseados na solvencia dos licitadores conterá a seguinte documentación:**

Solvencia económica e financeira

1. Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo ao tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

Solvencia técnica nos contratos de obras.

a) Relación das obras executadas no curso do cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

e) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Ademais do establecido nos apartados anteriores, o licitador deberá presentar:

- Medios persoais:

A) Currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade deles pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente



prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 210.2.e. da LCSP.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori. A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, logo dos informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerárase incumprimento de obrigaón esencial aos efectos dispostos no art. 206 f) LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

### **12.1.- Sobre A: subtítulo "Documentación"**

Conterá a seguinte documentación:

#### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1)** Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

**A-2)** Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**A-3)** Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4)** Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde

están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

**A-5) Empresas non comunitarias.**

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da organización mundial de comercio.

**A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.**

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

**B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España**

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 do LCSP).

**C) Poderes:**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do rexistro mercantil.

**D) Verificación de poderes:**

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos verificar previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

### **E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:**

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incursoa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*Con DNI*

*e domicilio en*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*en nome propio ou en representación da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

*- Título:*

*Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursoa en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP*

*Así mesmo declara que se está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa propoñente)*

### **F) Clasificación**

**F.1 Documento de clasificación empresarial:** certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 5 do cadro de características.

No entanto para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten ante o órgano de contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 do LCSP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso do últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

### **H) Unións temporais de empresas**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 8 do presente prego.

### **I) Declaración de empresas vinculadas**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

**J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F.1) sempre que os citados documentos estean vixentes.

**K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación**

Axustarase ao seguinte modelo:

*D./D<sup>a</sup>*

*con residencia*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*segundo DNI N<sup>o</sup>*

*en nome propio ou da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

*- Título:*

*Autoriza á administración contratante para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da*

*Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.*

*(Lugar, data e sinatura da persoa proponente)*

#### **L) Índice de documentos que integran o sobre**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

**O órgano de contratación, previos o informe técnicos correspondentes e a proposta da Mesa de Contratación e conforme os criterios baseados na solvencia económica, financeira e técnica convidará as tres empresas que obteñan a maior puntuación nesta fase para que presenten a documentación detallada nos sobres B e C no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte ao da recepción da invitación escrita**

#### **13) Documentos: orixinais e copias**

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

#### **14) Garantía provisional**

En consonancia co disposto no art. 91 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

#### **15) Criterios de adxudicación**

15.1 Os criterios para a adxudicación do contrato son os que figuran no anexo IV.

De conformidade co establecido no art. 225 da LCSP naqueles contratos cuxo valor estimado supere o importe a que se refire o art. 161.2 da LCSP, a Mesa de Contratación (nos procedementos negociados con publicidade obrigatoria por razón da contía, ou cando se constituíse con carácter potestativo) deberá formular proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

No cao de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2%) de acordo co establecido na Disposición adicional 6ª da LCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

#### **15.2 Rexeitamento de proposicións**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese da presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no

importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

### **15.3 Renuncia:**

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias dispostas na LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

**15.4.** No acordo ou resolución de adxudicación o órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

## **16) Adxudicación**

**16.1.** Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- a) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora

fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

**16.2** De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 49.2.d) e 50.2.e) da Lei 34/2010

**16.3** O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

**16.4** A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

### **III.- Formalización do contrato**

#### **17) Formalización do contrato**

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 310.1 a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fosen imputables á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

#### **IV.- Execución do contrato**

##### **18) Acta de comprobación do replanteo**

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato coas consecuencias para os efectos establecidos no artigo 220 da LCSP.

##### **18.2.- Comezo das obras e comunicación de apertura do centro de traballo**

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

**18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.-** Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o



contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderá ao presidente da Corporación logo do informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo, corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

## **19) Carteis e sinais**

**19.1.-** Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinala a Administración provincial. O devandito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o devandito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido o devandito prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

### **19.2.- Fotografías**

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración a reportaxe fotográfica ou en vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

## **20) Ocupación de terreos**

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

## **21) Desenvolvemento dos traballos**

**21.1.-** O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 da LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

**21.2.-** Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

**21.3.-** Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

**21.4.-** Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

**21.5.-** Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos a contar desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 219 da LCSP.

## **22) Dirección e inspección das obras**

A dirección e inspección das obras corresponde ao técnico-director destas (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. No entanto, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

### **23) Lexislación laboral e Seguridade Social**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

### **24) Prevención de riscos laborais**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

### **24. bis) Produción e xestión de residuos**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

### **25) Responsabilidade. Danos**

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

### **26) Gastos de transporte e almacenaxe**

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convindo e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

### **27) Custodia e conservación**

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento delas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso se deriven.

## **28) Gastos de anuncios e tributos e varios**

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan no epígrafe 13 do cadro de características do contrato.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procedese, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

## **29) Control de calidade externo**

A administración, a través da dirección e de acordo co establecido no Prego de prescricións técnicas e epígrafe 12 do cadro de características do contrato, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra ou no seu caso da porcentaxe que, excedendo deste 1% (expresado con 6 decimais) ofrezca o adxudicatario.

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o adxudicatario conforme ao establecido na cláusula 12.2 e cuxo estrito cumprimento esixirá a administración a través da dirección facultativa, tanto no que se refire ao programa de control, ensaios, como a cantidades destinadas a esta finalidade.

## **30) Dereitos do adxudicatario**

**30.1.-** Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo coa disposición transitoria 8ª da Lei

15/2010 do 5 de xullo pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o devandito aboamento deberá efectuarse dentro dos seguintes prazos:

a) Entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011 o prazo no que as administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 50 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

b) Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012 o prazo no que as administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 40 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

c) Do 1 de xaneiro de 2013 en diante o prazo no que as administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 30 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

**30.2** Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 200.4 da LCSP., modificada pola Lei 15/2010 do 5 de xullo.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

**30.3.-** Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do

recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

**30.4.-** Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento das perdas que como consecuencia diso se orixine, se a demora da administración fose superior a oito meses.

**30.5.-** Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 201 da LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

### **31) Aboamento da obra executada**

**31.1. Medicións.-** A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

**31.2.- Relacións valoradas.-** A dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

**31.3.- Certificacións.-** As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranas a dirección facultativa nos dous días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

#### **31.4.- Pagos**

**31.4.1.-** Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

Terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

**31.4.2.** Aboamentos a conta por materiais acumulados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acumulados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- e) Que o contratista constitúa aval de acordo co establecido no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais acumulados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

### **31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.**

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización

da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d) Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

**31.4.4.** Garantías por aboamentos a conta por materiais acumulados e por instalacións e equipos.

Para realizar o devandito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 215 .2 da LCSP.

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

**31.5.-** Os contratistas que, conforme o artigo anterior, teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

## **32) Prórrogas**

Se o atraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

## **33) Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas**

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.



Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

No caso de que o adxudicatario houber ofertado redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

<b>REDUCIÓN (% sobre o prazo de execución)</b>	<b>Penalidades</b>
Ata un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Ata un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Ata un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Ata un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 45%	0,90 por cada 1.000 euros
Ata un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis	1 por cada 1.000 euros

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

### **34) Modificacións de obras**

**34.1.-** En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá, darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes o prepararan un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Non obstante o disposto no apartado anterior só poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do

proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 217 da LCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite establecido nel iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que se refire a disposición final segunda da LCSP. No entanto, cando con posterioridade a elas houber necesidade de introducir no proxecto modificacións das establecidas no art. 217 da LCSP haberán de ser recollidas tales variacións na proposta que se vai elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

**34.2.-** Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 202 e no título V do libro I da LCSP

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria deste, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias establecidas nos artigos 155.b) e 158.b).

Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

A modificación non poderá exceder do 10% do prezo do contrato

Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

1. As modificacións non previstas neste prego só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- a. Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- b. Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

- c. Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- d. Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, produciuse con posterioridade á adxudicación do contrato.
- e. Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme ao establecido nesta cláusula non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do establecido no apartado anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

- a. cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
- b. cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
- c. cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
- d. cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
- e. en calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorren ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte nel presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

**34.3.-** Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a elas serán fixados pola administración, logo da audiencia ao contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

**34.4.-** Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o prezo deste, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído ) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en Plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

### **35) Cesión de contrato e subcontrato de obras**

#### **a) Cesión de contrato**

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes de un contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 209 da LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

#### **b) Subcontratación**

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 210 e 211 da LCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe máxima establecida no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato .

O incumprimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, establecido no epígrafe 4 BIS do cadro de características do contrato, considerárase incumprimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 211 da LCSP.

### **36) Recepción das obras e certificación final**

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 218 da LCSP.

O contratista ten a obrigaón de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigaón o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 31.2 deste prego.

**Obras contratadas polos concellos:** Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

### **37) Prazo de garantía**

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigaón, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, por conta do contratista.

### **38) Liquidación e devolución da garantía definitiva**

#### **A) Obras contratadas pola Deputación**

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 219 do LCSP (responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigaóns pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 200.4. da LCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas

instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixírase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de constrinximento.

## **B) Obras contratadas polos Concellos**

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

## **39) Causas de resolución**

Serán as dispostas nos artigos 206 e 220 do LCSP, cos efectos establecidos no artigo 208 e 222.

## **40) Réxime xurídico**

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 310 da LCSP, na súa redacción dada pola Lei 34/2010 do 5 de agosto os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

## ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

<b>0. REGULACION HARMONIZADA</b>	a) contrato non suxeito a regulación harmonizada b) contrato suxeito a regulación harmonizada	
<b>1. PROXECTO</b>		
<b>1.bis. CODIFICACIÓN</b>	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
<b>2. PRESUPOSTO</b>	A) Obras anuais	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B) Obras Plurianuais	Exercicio Orzamentario Importe (IVE INCLUÍDO) 2011 2012...
<b>3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>		
<b>4. PRAZO DE EXECUCIÓN</b>	FIXADO NO PROXECTO: REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: <input type="checkbox"/> aplicable no presente prego <input type="checkbox"/> non aplicable	
<b>4- BIS PORCENTAXE SUBCONTRATACION</b>	.... % do prezo de adjudicación	
<b>5. CLASIFICACIÓN</b>		
<b>6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN</b>	<b>SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA:</b> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Consulta a tres empresas</li> <li>2. BOP</li> <li>3. Perfil de contratante</li> </ol> <b>CON PUBLICIDADE OBRIGATORIA:</b> a) publicación de licitación en BOP b) en perfil de contratante <b>B. LUGAR DE PRESENTACIÓN:</b>	
<b>7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN</b>	<b>SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA:</b> oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta (ou Perfil ou prensa)  <b>CON PUBLICIDADE OBRIGATORIA:</b> Fase de solicitudes de participación: dez días contados desde o día seguinte ao da publicación no BOP ou Perfil Fase de invitación: quince días contados desde o día seguinte á recepción da invitación para participar.	
<b>8. PERFIL DE CONTRATANTE</b>	8.1 Dirección páxina web: www..... 8.2 Publicación de adjudicación (indicar a opción elixida): a) en BOP b) en perfil de contratante	
<b>9. GARANTÍA DEFINITIVA</b>		
<b>10. TAXAS DO CONTRATO</b>		
<b>11. REVISIÓN DE PREZOS</b>		
<b>12. CONTROL DE CALIDADE</b>		

<b>13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA</b>	
--	--

**OUTROS DATOS:**

**INFORMACIÓN**

**PERFIL DE CONTRATANTE (se fose esixible): .....**

**TELÉFONO:.....**

**CORREO ELECTRÓNICO .....**

**LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO \_\_\_\_\_**



## ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con domicilio en \_\_\_\_\_.  
rúa \_\_\_\_\_  
nº \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_  
Fax (optativo) \_\_\_\_\_  
dirección de correo electrónico (optativo) \_\_\_\_\_  
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº \_\_\_\_\_  
actuando en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_.

\_\_\_\_\_ DNI ou CIF Nº \_\_\_\_\_  
e con domicilio en \_\_\_\_\_.  
rúa \_\_\_\_\_  
nº \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_  
Fax (optativo) \_\_\_\_\_  
dirección de correo electrónico (optativo) \_\_\_\_\_

Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras comprendidas \_\_\_\_\_ no \_\_\_\_\_ proxecto \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A ) Prezo sen IVE..... euros) .  
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE ) % ..... importe ..... euros  
C) TOTAL ( A+ B ) .....EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- a) \_\_\_ Non concorre con empresas vinculadas.  
b) \_\_\_ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación  
CIF

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_  
O LICITADOR (asinado e rubricado)

## ANEXO III: MODELO DE SOBRE

### MODELO DE SOBRE

- A. DOCUMENTACIÓN
- (1) B. REFERENCIAS TÉCNICAS
- C. OFERTA ECONÓMICA
- D. CRITERIOS DE SELECCIÓN BASEADOS NA SOLVENCIA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)  
presentada por .. \_\_\_\_\_  
Teléfono \_\_\_\_\_  
Fax \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

*(1) Indicar sobre A, B, C ou D segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.*

*(2) Indicar o título do contrato.*

## ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

### a) Procedemento negociado sen publicidade obrigatoria por razón da contía.

#### DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

##### FASE 1

##### A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

- a) **Programa de traballo** (cláusula 12.2.1.A.1): ..... puntos
- b) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12.2.1.A.2): ..... puntos
- b) **Plan de control de calidade** (cláusula 12.2.1.B) ..... puntos  
conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

<b>PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	puntos
<b>PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	puntos
<b>PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times X \%$ incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo ... puntos)

- c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): .....  
... puntos

##### B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO

Só aplicable a aqueles contratos nos que quede especificado no epígrafe 4 do cadro de características do contrato (ANEXO I).

Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 12.2.2 do presente prego): ..... puntos

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

## **FASE II**

a) **Oferta económica:** ..... puntos.

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

### **b) Procedemento negociado con publicidade obrigatoria por razón da contía**

#### FASE PREVIA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN BASEADOS NA SOLVENCIA

Solvencia económica e financeira

Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

Solvencia técnica nos contratos de obras.

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, os devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

..... puntos (indicalos)

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

..... puntos (indicalos)

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

..... puntos (indicalos)

d) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

..... puntos (indicalos)

e) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

..... puntos (indicalos)

NÚMERO MÍNIMO DE EMPRESAS SELECCIONADAS EN BASE AOS CRITERIOS ANTERIORES ÁS QUE SE CONVIDARÁ A PARTICIPAR: TRES (as que obteñan a maior puntuación).

AS OFERTAS SELECCIONADAS VALORARANSE CONFORME AOS CRITERIOS SEGUINTE:

**DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1**

**FASE 1**

**A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL**

a) **Programa de traballo** (cláusula 12.2.1.A.1): ..... puntos

b) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12.2.1.A.2): ..... puntos

b) **Plan de control de calidade** (cláusula 12.2.1.B) ..... puntos

conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

<b>PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	puntos
<b>PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	puntos
<b>PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times \%$ incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo ... puntos)

c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): .....  
... puntos

## **B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO**

Só aplicable a aqueles contratos nos que quede especificado no epígrafe 4 do cadro de características do contrato (ANEXO I).

Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 12.2.2 do presente prego): ..... puntos

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

## **FASE II**

a) **Oferta económica**: ..... puntos.

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

## **19.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA PARA A COMPRA DE TERREOS PARA A PLANTA DE RESIDUOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza para a compra de terreos para a planta de residuos cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 100.000 euros o que supón un coeficiente de financiamento do 20% con respecto a un orzamento de 500.000 euros que se aboarán de conformidade da cláusula 6ª do texto do convenio e con cargo á aplicación orzamentaria 0202/162A/76301, documento contable RC nº de operación 220110000109 (número de referencia 22011000619).”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE TERREOS DESTINADOS A UNHA PLANTA DE RESIDUOS

A Coruña,

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D.Rafael García Guerrero presidente da MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Entidade de ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA CON NIF: (P-6507201-1), para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe deseguido:

DENOMINACIÓN DO PREDIO: MATOGUEIRA en SAN MARTIN DE HERMEDELO "MONTE BARREIRO" PARROQUIA DE HERMEDELO MUNICIPIO DE ROIS, ten unha superficie de doce hectáreas e sesenta áreas.(126.000 m2)

SITUACIÓN E LINDEIROS: Matogueira cara o norte e oeste do nomeado "MONTE BARREIRO"

#### LINDEIROS:

NORTE: co número 313 do catálogo provincial dos de utilidade pública denominada Moares,

SUR: Monte Barreiro de José Vilas Blanco, Ángela Castro Veiga, Carmen Boullón Boullón, Ramón Sónora Boullón, Manuel Rey Pérez, Celestino Lorenzo Alfonsín, e máis de Manuel Víctor Suárez Nimo

LESTE: Monte Barreiro, Monte Barreiro de José Vilas Blanco, Ángela Castro Veiga, Carmen Boullón Boullón, Ramón Sónora Boullón, Manuel Rey Pérez e Celestino Lorenzo Alfonsín

OESTE: Monte Barreiro, Monte Barreiro de José Vilas Blanco, Ángela Castro Veiga, Carmen Boullón Boullón, Ramón Sónora Boullón, Manuel Rey Pérez e Celestino Lorenzo Alfonsín

#### REFERENCIA CATASTRAL:

INSCRICIÓN REXISTRAL:6577 no Rexistro da Propiedade de Padrón

### II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 500.000 EUROS.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000 € o que representa unha porcentaxe do 20,00%
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/162A/76301 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA unha vez que presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente.
- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE



BENEFICIARIA e acreditación da inscrición rexistral a prol da dita entidade, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.

·Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

·Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

·Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

·Deberá cumprir a cláusula V.2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.

\* Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmovible implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

3. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

5. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o día 1 de novembro de 2010 e conservará a súa vixencia ata o día 1 de novembro de 2011

2. Logo da solicitude da MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE  
CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA

Salvador Fernández Moreda

Rafael García Guerrero

#### **20.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN BARBANZA, PARA O FINANCIAMENTO DA ADECUACIÓN DO TERREO PARA OS ACCESOS AO CENTRO DE FORMACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro Empresarial da Construcción Barbanza, para o financiamento da adecuación do terreo para os accesos ao Centro de Formación cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 24.560,00 euros o que supón un coeficiente de financiamento do 80% con respecto a un orzamento de 30.700,00 euros que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do texto do convenio e con cargo á aplicación orzamentaria 0305/323A/781, documento contable RC nº de operación 220110012592 (número de referencia 22011003805).

A eficacia do presente convenio debe quedar supeditada á corrección das incidencias sinaladas respecto ao plano da parcela coa definición de superficies de actuación, polo xefe do Servizo de Arquitectura no seu informe do 20/04/2011.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN BARBANZA PARA O FINANCIAMENTO DA ADECUACIÓN DO TERREO PARA OS ACCESOS AO CENTRO DE FORMACIÓN

A Coruña, de 2011

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Manuel L. Pan Collazo, en representación do CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN BARBANZA

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1.-Que a Deputación Provincial da Coruña e O CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN BARBANZA consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de financiar de maneira conxunta o proxecto que se incorpora ao presente convenio.

2.-Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN BARBANZA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA, CIF V-15799604, para o financiamento da ADECUACIÓN DO TERREO PARA OS ACCESOS AO CENTRO DE FORMACIÓN tal como aparece definida esta no proxecto de execución, redactado por don Amancio Losada , arquitecto, colexiado Nº1463.

O CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

DESCRICIÓN	PREZO
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	21.862,98

13 % GASTOS XERAIS	2.842,19
6 % DE BENEFICIO INDUSTRIAL	1.311,78
18 % IVE	4.683,05
TOTAL ORZAMENTO	30.700

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 24.560 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadese o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

3-O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/323A/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Na condición de promotor, corresponderalle ao CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

## VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada ao CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación da súa aprobación polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CENTRO

EMPRESARIAL DA CONSTRUCIÓN DO BARBANZA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCIÓN DO BARBANZA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCIÓN DO BARBANZA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCIÓN DO BARBANZA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCIÓN DO BARBANZA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCIÓN DO BARBANZA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCIÓN DO BARBANZA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO



1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co establecido na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos RETROACTIVOS dende o 1 de maio do 2011, conservará a súa vixencia ata UN ANO contado dende a súa sinatura.
2. Logo da solicitude do CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio aprobouse por acordo plenario do 1 de de 2011  
“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O REPRESENTANTE DO CENTRO  
PROVINCIAL DA CORUÑA EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO  
BARBANZA

SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA

**21.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA ADQUIRIR OS TERREOS PARA A GARDERÍA MUNICIPAL E DEIXAR SEN EFECTO O CONVENIO SUBSCRITO CO CONCELLO DE TORDOIA FORMALIZADO O 9-12-2009, MOTIVADO POLA NECESIDADE DE REGULARIZAR O SOAR CONFORME AO PLANEAMENTO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Deixar sen efecto o convenio suscrito co Concello de Tordoia do 9 de decembro de 2009, motivado pola necesidade de regularizar o soar conforme ao planeamento como equipamento público para o cal foi necesario adquirir por parte do Concello de Tordoia o terreo lindeiro.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración co Concello de Tordoia para a adquisición de terreos para a gardería municipal sendo o importe total da adquisición de 120.000 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 100% que se financiará con cargo á aplicación 0202/942Z/76201.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA. PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICION DE PARCELA PARA SITUAR A GARDERÍA MUNICIPAL

A Coruña, de dous mil once

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña.  
E doutra parte o Sr Antonio Pereiro Liñares., alcalde-presidente do Concello de Tordoia  
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Tordoia ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia (CIF: P-1508500-D), para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe deseguido:

DENOMINACIÓN DO PREDIO :VIEIRA VELLA  
SITUACIÓN E LINDEIROS Segundo plano  
REFERENCIA CATASTRAL: 15085A019003590000RR e 6511006NH3761S00001KIB  
INSCRICIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade de Ordes, Tomo: 697 Libro: 59 Folio 9  
Predio: 6306 Inscripción: 5ª  
Importe: 100.000 euros  
DENOMINACION DO PREDIO: VIERA VELLA  
SITUACIÓN E LINDEIROS: Segundo plano  
REFERENCIA CATRASTRAL: 6511006NH3761S00001KIB  
Importe 20.000 euros

### II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de Tordoia, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 120.000 EUROS.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 120.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 100%
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o

seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de Tordoia o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Tordoia, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Tordoia deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, o Concello de Tordoia deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56º das de execución do orzamento para o ano 2011, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Tordoia pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
  - A) Descrición física e xurídica do ben.
  - B) Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
  - C) Valoración pericial.
  - D) Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
  - E) Determinación da data para a elevación á escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, aboarase o 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE TORDOIA, deixarse constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida, polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (60%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o Concello de Tordoia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Tordoia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Tordoia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Tordoia na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Tordoia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Tordoia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Tordoia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Tordoia poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Tordoia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmovible implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Tordoia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Tordoia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde o 1 de xuño de 2009 e conservará a súa vixencia ata o 31 de outubro do 2011

2. Logo da solicitude do Concello de Tordoia, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas



partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes, e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Tordoia, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O alcalde-presidente do Concello de Tordoia

Salvador Fernández Moreda

Antonio Pereiro Liñares

#### **22.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DA PARCELA DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes do Servizo de Fiscalización e deste Servizo de Patrimonio e Contratación e considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se vai realizar procede,

Aprobar a formalización e o texto dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión para financiar o acondicionamento da

parcela destinada a piscina cuberta municipal no Concello de Brión, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 150.000,00 euros, e que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00% do orzamento de execución, e que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do convenio, e con cargo á partida 0202/342A/76201.

Na autorización de Augas de Galicia, na condición particular número 4 indícase: “Se o abastecemento da piscina non procede da traida municipal, deberán soicitar a correspondente concesión administrativa perante Augas de Galicia, no caso de non tela outorgada.”

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA PARCELA DESTINADA Á PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

#### REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. José Luís García García, alcalde-presidente do Concello de Brión.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BRIÓN ambas as dúas partes

#### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BRIÓN con CIF P 1501300F, para o financiamento da obra de PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA PARCELA DESTINADA Á PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por CARBAJO Y BARRIOS. ARQUITECTOS ASOCIADOS SL, sociedade colexiada Nº COAG 20140.

O CONCELLO DE BRIÓN, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal

causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	106.822,39 €
GASTOS XERAIS	13.886,91 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	6.409,34 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	22.881,36 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	150.000,00 €

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 150.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE BRIÓN o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, O CONCELLO DE BRIÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE BRIÓN estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2011, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE BRIÓN pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación, e sen que poida superar o importe de 84.000,00 € :

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O CONCELLO DE BRIÓN estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o cumprimento desta. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos, durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BRIÓN na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, O CONCELLO DE BRIÓN terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

#### VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, O CONCELLO DE BRIÓN deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BRIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BRIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE BRIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes

certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE BRIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O CONCELLO DE BRIÓN poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, O CONCELLO DE BRIÓN queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55<sup>a</sup> das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización

da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adjudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BRIÓN serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención O CONCELLO DE BRIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o dous de novembro de dous mil doce.

2. Logo da solicitude do CONCELLO DE BRIÓN, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE BRIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN

Salvador Fernández Moreda

José Luís García García

#### **23.-MODIFICAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA FINANCIAR A CASA DA CULTURA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para financiar a realización da obra da Casa da Cultura de Cambre, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 800.000,00 euros, que representa unha porcentaxe de financiamento dun 26,06 % de financiamento do orzamento de execución por contrata que ascende a 3.069.909,88 euros e que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do convenio, e con cargo á partida 0202/169A/76201.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA FINANCIAR A REALIZACION DA  
OBRA DA CASA DA CULTURA DE CAMBRE

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda



E doutra parte, o Sr. Antonio Varela Saavedra, alcalde presidente do Concello de Cambre.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cambre ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre con CIF P1501700G, para o financiamento da obra de “CASA DA CULTURA”, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por don EMILIO CORTÉS VARELA , (ARQUITECTO)

O Concello de Cambre, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	2.186.234,07	□
GASTOS XERAIS	284.210,43	□
BENEFICIO INDUSTRIAL	131.174,04	□
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	468.291,34	□
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	3.069.909,88	□

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 800.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 26,06 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,06 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/169A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Cambre o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Cambre axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE CAMBRE estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2011, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Cambre pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O Concello de Cambre estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Cambre, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cambre na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Cambre terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Cambre deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise

xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cambre para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cambre da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Cambre deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Cambre destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cambre poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cambre queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cambre serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cambre será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o dous de novembro de 2014.

2. Despois da solicitude do Concello de Cambre, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cambre, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
CAMBRE

Salvador Fernández Moreda

Antonio Varela Saavedra

**24.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ PARA FINANCIAR O PROXECTO DE DOTACIÓN DE MATERIAL SANITARIO PARA OS**

## **CENTROS SANITARIOS DE SMARA-CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS DE TINDOUF.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o financiamento do proxecto de dotación de material sanitario para centros sanitarios de SMARA-CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS DE TINDOUF cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 48.017,71 euros o que supón un coeficiente de financiamento do 80% con respecto a un orzamento de 60.022,14 euros que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª do texto do convenio e con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/781, documento contable RC nº operación 220110012717 (número de referencia 22011003822).”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A “ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAÚ”, PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DO PROXECTO “DOTACIÓN DE MATERIAL SANITARIO PARA CENTROS SANITARIOS DE SMARA-CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS DE TINDOUF

A Coruña, ..... de ..... de 2011

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñe neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, en calidade de presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dña. María Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en representación da *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, CIF G-15924558, con domicilio social na Avda. do alcalde Gregorio Espino, 32 – Entreplanta C, Vigo (Pontevedra), en calidade de presidenta da citada asociación.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

### **EXPOÑEN**

A *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída no ano 2004, ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figura, entre outros, proporcionar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí e, en xeral, a promoción dos vínculos da sociedade galega co pobo e a cultura saharauí.

A Deputación da Coruña vén colaborando desde hai anos coa *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, mediante o apoio financeiro a distintos proxectos en prol da infancia dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria).

Nesta ocasión, a beneficiaria solicita o apoio da Deputación provincial para o financiamento dun proxecto que consiste fundamentalmente na dotación de diverso material sanitario con destino ao Hospital de Smara e aos dispensarios de sete Dairas (similar ás nosas municipalidades) que compoñen a Wilaya (similar ás nosas provincias) de Smara, que será

executado pola *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, en colaboración coa Delegación Saharauí para Galicia e co Ministerio de Saúde Pública Saharauí.

O Plan director da cooperación española 2009-2012 prevé entre as prioridades xeográficas da cooperación española a axuda ao pobo saharauí. Por outra banda, o Proxecto está en sintonía coas prioridades transversais e sectoriais do Plan director da cooperación galega 2010-2013, na medida que reforza o dereito ao desenvolvemento e contribúe á sensibilización e á educación para o desenvolvemento.

Tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola cal a Deputación da Coruña, ambas as partes acordan a celebración do presente convenio, con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO DO CONVENIO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, para financiar un proxecto de dotación de diverso material sanitario con destino ao Hospital de Smara e aos dispensarios de sete Dairas que compoñen a Wilaya de Smara, así como na realización de actividades complementarias de capacitación do persoal sanitario e de sensibilización e atención sanitaria da poboación local, con especial atención a mulleres e nenos das localidades sinaladas.

O obxectivo xeral do proxecto é a mellora das condicións sanitarias da poboación refuxiada saharauí, que se pretende lograr a través dos seguintes obxectivos específicos:

- Mellorar o nivel de operatividade das áreas de laboratorio, urxencias, hospitalización, xinecoloxía, odontoloxía, consultas, etc. do Hospital de Smara
- Mellorar o nivel de formación do persoal, e
- Mellorar a dotación e o mantemento do material sanitario

As actividades estarán a cargo dunha comisión integrada por representantes da *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, na que se integrará o persoal sanitario de orixe galega de carácter voluntario, xunto coa Delegación Saharauí para Galicia e o Ministerio de Saúde Pública Saharauí.

### II. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN

O orzamento total da execución do proxecto ascende a 60.022,14 €, e ten o seguinte detalle:

- Material sanitario (aparells de analíticas, ecógrafo, sonda, etc.)	54.572,14 €
- Desprazamentos comisión médica (i/v)	4.450,00 €
- Viáticos comisión médica en terreo	1.000,00 €
□ TOTAL	60.022,14 €

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE



1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento do proxecto cunha subvención máxima de CORENTA E OITO MIL CON DEZASETE EUROS, CON SETENTA E UNS CÉNTIMOS (48.017,71 €), o cal representa un coeficiente de financiamento do 80 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total establecido na cláusula II, a Deputación só aboará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento..
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/781, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que a concorrencia doutras axudas ou subvencións, supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

#### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. As actividades estarán a cargo da *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, en colaboración coa Delegación Saharauí para Galicia e o Ministerio de Saúde Pública Saharauí, polo que o outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria ou ás contrapartes locais. No entanto, en virtude do presente convenio, correspóndelle á *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* a realización das actuacións necesarias para o control, autorizacións preceptivas para o traslado do equipamento sanitario e do persoal voluntario, así como o seguimento, verificación e acreditación documental da entrega do material e da execución do proxecto.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Se o importe das prestacións supera os 12.000 euros, en caso de equipamento, ou 30.000, se se trata de obras, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet, deberase facer constar sempre o financiamento por parte da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A subvención provincial materializarase mediante a transferencia bancaria á conta facilitada pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, logo da presentación da correspondente conta xustificativa de gastos, integrada pola documentación que se indica deseguido, e na porcentaxe de financiamento establecido (80 %), sen que en ningún caso os pagos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (48.017,71 €):

1.1. Memoria da actuación suscrita polo representante da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das persoas participantes, actividades realizadas e dos resultados obtidos. Tamén se aludirá na memoria ao proceso de selección de provedores, acompañando os xustificantes das consultas e, cando proceda, da elección realizada.

1.2. Ampla reportaxe fotográfica das actividades realizadas e da entrega do material.

1.3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II. Con esta relación acompañaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias cotexadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para a cobranza dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.4. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias cotexadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para a cobranza dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

1.6. Acta de entrega/recepción do material sanitario, así como compromiso da contraparte de dedicalo ao destino para o que foi concibido por polo menos cinco anos máis.

1.7. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto

1.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. No entanto, poderase realizar un primeiro pago por importe de 28.810,63 € equivalente ao 60 % da subvención concedida), con carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Base 48ª das de execución do orzamento provincial para 2011, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pago anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o pago anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII, os compromisos de colaboración das contrapartes e a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto de dotación de material sanitario a Smara-Tindouf”, con cargo á que deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que correspondan á actividade ou investimento subvencionados. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

3. Con carácter previo aos pagos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

4. Os pagos que se realicen haberán de ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no devandito departamento.

#### VII. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. O proxecto obxecto de financiamento provincial terá que executarse antes do 30.06.2012, e, unha vez finalizado, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final antes do 31.08.2012.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e sen prexuízo das responsabilidades que haxa lugar. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorresen máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do xuro legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento en que se faga o pago

#### VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á firma do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarao de oficio esta.

#### IX. DESTINO E MANEXO DE FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día en que se realizou o pago ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas na Base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da Deputación vixente.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación vixente, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30.09.2012. No entanto, admitiranse xustificantes de gasto desde o 1.01.2011.

2. Logo da solicitude da entidade beneficiaria, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes, por causa debidamente xustificada e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de

novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición do contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecidas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí,

Pola Deputación da Coruña,

**25.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALIZA INNOVA, PARA FINANCIAR O PROXECTO DE FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL DO CENTRO EDUCATIVO TÉCNICO PRODUTIVO “ALCIDES SALOMON ZORRILLA” PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO PERÚ.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Innova, para a financiamento do proxecto de fortalecemento institucional do Centro Educativo Técnico Produtivo “ALCIDES SALOMON ZORRILLA” para persoas con discapacidade no Perú cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 54.965,60 euros o que supón un coeficiente de financiamento do 80% con respecto a un orzamento de 68.707,00 euros que se aboarán de conformidade da cláusula 6ª do texto do convenio e con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/781, documento contable RC nº operación 220110012721 (número de referencia 22011003826).”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA INNOVA, PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL DO CENTRO EDUCATIVO TÉCNICO PRODUTIVO “ALCIDES SALOMÓN ZORRILLA”, PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, NO PERÚ

A Coruña, ..... de ..... de dous mil once

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel Julio Galán Vázquez, DNI núm. 32.822.075-V, que intervéen neste acto en nome e representación da “Fundación Galicia Innova”, CIF G-15905839, con domicilio social na Rúa Cabo Santiago Gómez, 8 - A Coruña, na súa calidade de director xeral do Comité Executivo, segundo poder outorgado polo seu Padroado en reunión de 12.06.2007 e conforme cos estatutos fundacionais.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, A Fundación Galicia Innova é unha organización de natureza fundacional, constituída no ano 2003 ao abeiro da normativa galega reguladora do réxime das fundacións de interese galego (hoxe contida na Lei 12/2006, do 1 de decembro), declarada e inscrita como Fundación de interese galego en virtude da Orde do 19 de xaneiro de 2004 (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro de 2004), e inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento e no de Axentes Sociais.

Dende a súa constitución e de acordo cos seus estatutos, a Fundación Galicia Innova vén identificando e executando programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento, en colaboración con institucións públicas e organizacións e entidades privadas, tanto en España como noutros países, de xeito que acumula unha grande experiencia, especialmente no eido dos servizos de atención ás necesidades básicas da poboación.

En virtude dun convenio asinado no 2009 coa Fundación Galicia Innova (convenio 407/2009), a Deputación da Coruña comprometeuse ao cofinanciamento da “Identificación de programas de fortalecemento institucional no sector dos servizos sociais no Perú, para desenvolver, nunha fase posterior, actuacións concretas. Froito desta identificación subscribiuse no 2010 outro convenio de colaboración coa mesma entidade (o núm. 73/2010) no que se cofinanciou un proxecto que incide na formación e transferencia de coñecemento das institucións implicadas nos subsectores da discapacidade no citado país, cuxa execución está na súa última fase.

Con data do 6.04.2011, a Fundación Galicia Innova solicita novamente a colaboración da Deputación da Coruña, para darlle continuidade ao proceso de desenvolvemento do sector dos servizos sociais no Perú, a través do proxecto de fortalecemento institucional do “*Centro Educativo Técnico Productivo Alcides Salomón Zorrilla*”, para persoas con discapacidade, pertencente ao *Consello Nacional de Integración das Persoas con Discapacidade (CONADIS)*.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, establecida na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO DO CONVENIO

1. O proxecto que promove a beneficiaria denomínase “Fortalecemento institucional do *Centro Educativo Técnico Produtivo Alcides Salomón Zorrilla*, para persoas con discapacidade”, pertencente ao *Consello Nacional de Integración das Persoas con Discapacidade (CONADIS)*, centro creado en 2008 para o desenvolvemento e implantación de políticas educativas de formación profesional a persoas con discapacidade, co obxectivo de incrementar a súa inserción laboral.

2. O obxectivo xeral do proxecto consiste en mellorar a empregabilidade e a calidade de vida das persoas con discapacidade no Perú. Como obxectivos específicos sinálanse a mellora da formación técnica da mocidade e adultos con discapacidade, alumnos do citado centro educativo, así como diseminar as metodoloxías pedagóxicas e curriculares desenvolvidas polos demais centros similares pertencentes ao CONADIS, noutras rexións do Perú.

3. Da execución do proxecto beneficiaranse directamente tanto o persoal directivo, administrativo e docente do CONADIS, que é a contraparte local, como os estudantes do *Centro Educativo Técnico Produtivo Alcides Salomón Zorrilla (CETPRO Alcides Salomón Zorrilla)*, sen prexuízo de que indirectamente se beneficiará toda a poboación peruana con problemas de discapacidade.

4. A metodoloxía de traballo, segundo se detalla polo miúdo no documento de formulación do proxecto, consistirá na realización das seguintes actividades:

- 1.- Desenvolvemento do diagnóstico de xestión, pedagóxico e curricular do *CETPRO Alcides Salomón Zorrilla*.
2. Deseño e desenvolvemento dos protocolos/manuais operativos de xestión, pedagóxicos e curriculares dos centros educativos técnicos produtivos para a súa extrapolación a todo o país.
3. Validación dos protocolos/manuais operativos de xestión, pedagóxicos e curriculares dos centros educativos técnicos produtivos.
4. Edición dos protocolos/manuais operativos de xestión, pedagóxicos e curriculares dos centros educativos técnicos produtivos.
5. Desenvolvemento dunha xornada de presentación de resultados na cidade de Lima, que implica o deseño e creación do material informativo necesario.

### II. ORZAMENTO

O orzamento de gastos ascende a 68.707,00 €, que se resume nas seguintes partidas:

Dirección e coordinación do proxecto	8.640,00
2 responsables do traballo de campo	37.600,00
3 técnicos en sede	12.444,00
Desprazam. España-Lima i/v (2 pers.)	2.600,00
Viáticos	3.733,00
Edición de manuais e guías	2.940,00
Material de difusión de resultados	250,00
Instalacións e actos da presentación final	500,00
TOTAL	68.707,00



### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, cunha achega de 54.965,60 €, equivalente a un 80 % de coeficiente de financiamento.
2. Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicacións orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria ou ás contrapartes locais. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe das prestacións supera os 12.000 euros, en caso de equipamento, ou os 30.000, se se trata de obras, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

### VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria en dous prazos, coas seguintes condicións:

- 1.1. Primeiro prazo.- Por importe de 32.979,36 € (equivalente ao 60 % da achega concedida), con carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación da fianza ou garantía (Base 48ª das de execución do orzamento provincial para 2011, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:
  - 1.1.1. Non será posible expedir un pago anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo establecido, non se presentara a xustificación correspondente.
  - 1.1.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o aboamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula VIII, os compromisos de colaboración das contrapartes e a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto de fortalecemento institucional do *Centro Educativo Técnico Produtivo Alcides Salomón Zorrilla, para persoas con discapacidade*”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.
- 1.2. Segundo prazo.- Polo importe restante, despois da presentación da seguinte documentación:
  - 1.2.1. Memoria final da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria xuntarase unha reportaxe fotográfica das distintas actividades realizadas.
  - 1.2.2. Un exemplar do informe do diagnóstico de xestión, pedagóxico e curricular do *CETPRO Alcides Salomón Zorrilla*, así como dos protocolos/manuais operativos de xestión, pedagóxicos e curriculares dos centros educativos técnicos produtivos.
  - 1.2.3. Relación certificada e clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, as datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Na citada relación ou en documento independente deberá certificarse tamén a aprobación por parte do órgano competente da beneficiaria das facturas e demais documentación xustificativa de gastos presentada.
  - 1.2.4. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá redactarse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que se presentou como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
  - 1.2.5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
  - 1.2.6. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
  - 1.2.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa

remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

3. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas antes do 30.09.2012.

2. A xustificación final da execución do proxecto deberá presentarse un mes antes da finalización do prazo de vixencia ao que se refire a cláusula XIII do convenio.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise a xustificación final citada, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación final da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo aos aboamentos da subvención que sexan procedentes, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención

## X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €.

E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31.10.2012, porén admitiranse xustificantes de gasto dende o 01.01.2011.

2. Despois da solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo da Deputación da Coruña con data do 29 de abril de 2011.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña      Representación da “Fundación Galicia  
Innova

D. Salvador Fernández Moreda

D.Manuel Julio Galán Vázquez

**26.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA PARA FINANCIAR UN VEHÍCULO ADAPTADO E ROTULADO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN INTEGRO para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra con CIF G-15173263 e domicilio na estrada A Coruña-Fisterra Km. 50,5 A Pedra s/n Nanton 15149 Cabana de Bergantiños para financiar a adquisición dun vehículo adaptado para persoas con diversidade funcional, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 33.974,56€ ( o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª e 7ª do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231D/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA PARA O FINANCIAMENTO DE VEHÍCULO ADAPTADO PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

A Coruña,

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Adolfo López Baña, presidente da ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA con CIF G-15173263.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da DEPUTACIÓN DA CORUÑA e da entidade ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA, ambas as dúas partes pretenden mellorar o servizo de transporte adaptado a persoas con diversidade funcional na zona de actuación da dita entidade e para cubrir os desprazamentos das persoas que asisten ao Centro de Recursos de Íntegro (Centro Ocupacional e Centro de Día).

#### A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, con G-15173263, para o financiamento da adquisición do ben que se describe deseguido.

##### II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO BEN

Segundo o presuposto que achega a ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA, o orzamento máximo para a adquisición (vehículo adaptado e rotulado) ascende a 42468,20 EUROS, co seguinte detalle:

Nº UNIDADES	TOTAL IVE ENGADIDO
1 vehículo, adaptado e rotulado	42468,20€

##### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 33.974,56€, o que representa unha porcentaxe do 80,00 % .

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00€, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os

posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. A ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben ou equipamento, a ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA deberá rotular o vehículo co anagrama provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- 0 Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.



- 1 Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase redactar unha dilixencia na que conste que foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
  - 2 Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.
  - 3 Permiso de circulación do vehículo adquirido
  - 4 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
  - 5 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
  - 6 Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- A ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA estará obrigada a rotular o vehículo co anagrama da Deputación provincial que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

#### VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA na

documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu

caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación .
3. De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto .
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es).
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30 de novembro de 2011.
2. Logo da solicitude da ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora , da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro , xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia . Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo , reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN ÍNTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA
Salvador Fernández Moreda	Adolfo López Baña

### **27.-APROBAR A MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDO**

## **AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DE MUROS-NOIA, O BARBANZA E O SAR”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

**“1.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDO AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR:**

"Examinados os informes emitidos pola Sección de Promoción Económica e a Intervención provincial:

A modificación do primeiro parágrafo do punto 7 quedará redactado nos seguintes termos:

*A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da Deputación, e deberá realizala antes do 30 de setembro de cada exercicio. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante Resolución de Presidencia, logo da solicitude motivada do concello.”*

## **28.-APROBAR A ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Apróbase por unanimidade a seguinte ordenanza

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

### **ÍNDICE**

Exposición de motivos . 5

Título I. Disposicións xerais . 5

Artigo 1. Obxecto . 5

Artigo 2. Ámbito de aplicación . 6

Artigo 3. Definicións . 6

Artigo 4. Principios xerais de actuación . 8

Artigo 5. Dereitos dos cidadáns no marco da administración electrónica . 9

Artigo 6. Deberes dos cidadáns no marco das relacións administrativas establecidas a través de medios electrónicos . 10

<u>Título II. Servizos electrónicos e actuación administrativa .</u>	<u>11</u>
<u>Artigo 7.–Sistemas de acceso aos servizos electrónicos .</u>	<u>11</u>
<u>Artigo 8. Clases de actuacións .</u>	<u>12</u>
<u>Artigo 9. Selado de tempo .</u>	<u>12</u>
<u>Artigo 10. Coordinación da actuación realizada por medios electrónicos .</u>	<u>12</u>
<u>Artigo 11. Catálogo unificado de procedementos .</u>	<u>12</u>
<u>Artigo 12. Medios .</u>	<u>13</u>
<u>Artigo 13. Colaboración con outras administracións públicas .</u>	<u>13</u>
<u>Título III. Sede electrónica .</u>	<u>14</u>
<u>Artigo 14. Creación da sede electrónica e subsedes .</u>	<u>14</u>
<u>Artigo 15. Calidade e usabilidade .</u>	<u>14</u>
<u>Artigo 16. Seguridade .</u>	<u>14</u>
<u>Artigo 17. Ámbito da sede electrónica .</u>	<u>14</u>
<u>Artigo 18. Contidos relativos aos dereitos políticos .</u>	<u>15</u>
<u>Artigo 19. Contidos relativos aos servizos provinciais .</u>	<u>15</u>
<u>Artigo 20. Outros contidos .</u>	<u>16</u>
<u>Artigo 21. Carpeta cidadán .</u>	<u>16</u>
<u>Artigo 22. Operatoria para a validación de copias verificables .</u>	<u>16</u>
<u>Artigo 23. Acceso aos contidos da sede electrónica .</u>	<u>17</u>
<u>Título IV. Identificación e autenticación .</u>	<u>17</u>
<u>Artigo 24. Medios de identificación e autenticación .</u>	<u>17</u>
<u>Artículo 25. Identificación de sitios web .</u>	<u>17</u>
<u>Artigo 26. Selos electrónicos .</u>	<u>18</u>
<u>Artigo 27. Contornas cerradas de telecomunicación .</u>	<u>18</u>
<u>Artigo 28. Medios de identificación e autenticación .</u>	<u>18</u>
<u>Artigo 29. Utilización dos certificados de persoal ao servizo da Deputación da Coruña e de entidades vinculadas ou dependentes dela .</u>	<u>19</u>
<u>Artigo 30. Utilización doutros certificados de cargo ou representación .</u>	<u>19</u>
<u>Artigo 31. Utilización polos empregados de medios persoais de identificación e autenticación .</u>	<u>19</u>
<u>Artigo 32. Utilización de certificados recoñecidos .</u>	<u>19</u>

<u>Artigo 33. Outros medios de identificación e autenticación .</u>	<u>20</u>
<u>Artigo 34. Identificación e acreditación da vontade da cidadanía por parte dun empregado da Deputación .</u>	<u>20</u>
<u>Artigo 35. Representación .</u>	<u>20</u>
<u>Artigo 36. Rexistro de representantes .</u>	<u>20</u>
<u>Artigo 37. Emenda de defectos .</u>	<u>21</u>
<u>Artigo 38. Requisitos para a autenticación dos actos administrativos .</u>	<u>21</u>
<u>Artigo 39. Rexistro de medios de identificación e autenticación .</u>	<u>21</u>
<u>Artigo 40. Xestión de permisos.</u>	<u>21</u>
<u>Título V. Documentos electrónicos .</u>	<u>22</u>
<u>Artigo 41. Definicións .</u>	<u>22</u>
<u>Artigo 42. Metadatos .</u>	<u>22</u>
<u>Artigo 43. Documentos electrónicos auténticos achegados pola cidadanía .</u>	<u>23</u>
<u>Artigo 44. Formatos .</u>	<u>23</u>
<u>Artigo 45. Copias electrónicas auténticas de documentos en soporte papel</u>	<u>24</u>
<u>Artigo 46. Realización de copias electrónicas auténticas de documentos electrónicos auténticos .</u>	<u>25</u>
<u>Artigo 47. Obtención de copias verificables de documentos electrónicos auténticos .</u>	<u>25</u>
<u>Artigo 48. Finalidade das copias e competencia para a súa realización .</u>	<u>25</u>
<u>Artigo 49. Destrucción de documentos orixinais en soporte papel</u>	<u>26</u>
<u>Artigo 50. Conservación e destrución dos documentos electrónicos .</u>	<u>26</u>
<u>Artigo 51. Acceso aos expedientes e documentos electrónicos .</u>	<u>27</u>
<u>Artigo 52. Creación e finalidade do arquivo electrónico .</u>	<u>28</u>
<u>Artigo 53. Sinaturas de custodia .</u>	<u>28</u>
<u>Título VI. Actos de comunicación .</u>	<u>28</u>
<u>Artigo 54. Características e natureza do rexistro electrónico .</u>	<u>28</u>
<u>Artigo 55. Xestión do Rexistro electrónico .</u>	<u>29</u>
<u>Artigo 56. Información aos usuarios .</u>	<u>29</u>
<u>Artigo 57. Requisitos para a admisión dos documentos .</u>	<u>29</u>
<u>Artigo 58. Cómputo de prazos .</u>	<u>30</u>

<u>Artigo 59. Rexistro de entrada de documentos .</u>	<u>30</u>
<u>Artigo 60. Rexistro de saída de documentos .</u>	<u>31</u>
<u>Artigo 61. Denegación do rexistro .</u>	<u>31</u>
<u>Artigo 62. Presentación de documentos electrónicos de forma presencial</u>	<u>31</u>
<u>Artigo 63. Presentación de documentos en soporte papel</u>	<u>32</u>
<u>Artigo 64. Presentación de documentos complementarios .</u>	<u>32</u>
<u>Artigo 65. Presentación de documentos por medios alternativos ao rexistro .</u>	<u>32</u>
<u>Artigo 66. Envío de comunicacións por vía electrónica .</u>	<u>32</u>
<u>Artigo 67. Forma de notificación .</u>	<u>33</u>
<u>Artigo 68. Notificacións electrónicas .</u>	<u>33</u>
<u>Artigo 69. Práctica da notificación por medios electrónicos .</u>	<u>33</u>
<u>Artigo 70. Comunicacións internas .</u>	<u>34</u>
<u>Título VII. Tramitación electrónica de procedementos .</u>	<u>34</u>
<u>Artigo 71. Formación de expedientes electrónicos .</u>	<u>34</u>
<u>Artigo 72. Requisitos dos procedementos administrativos electrónicos .</u>	<u>34</u>
<u>Artigo 73. Información aos interesados .</u>	<u>35</u>
<u>Artigo 74. Iniciación de procedementos electrónicos a instancia de parte .</u>	<u>35</u>
<u>Artigo 75. Instrución de procedementos electrónicos modelizados .</u>	<u>35</u>
<u>Artigo 76. Instrución de procedementos electrónicos non modelizados .</u>	<u>36</u>
<u>Artigo 77. Elaboración de notificacións .</u>	<u>36</u>
<u>Artigo 78. Terminación de procedementos electrónicos .</u>	<u>37</u>
<u>Disposicións transitorias .</u>	<u>37</u>
<u>Disposición derogatoria .</u>	<u>37</u>
<u>Disposicións finais .</u>	<u>38</u>



# **Ordenanza Xeral de Administración Electrónica da Deputación Provincial da Coruña**

## **Exposición de motivos**

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, establece o marco xurídico para o desenvolvemento da Administración electrónica. A súa finalidade é a de adecuar a Administración a unha nova realidade social, a chamada sociedade da información, que é produto dos avances tecnolóxicos no campo das comunicacións.

Non só a Lei 11/2007, xa indicada, senón que cada vez máis leis conteñen disposicións que obrigan á utilización das novas tecnoloxías e de novas canles de comunicación.

Nese sentido, a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público; a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio ou as modificacións introducidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conteñen diversas previsións que requiren a posta en marcha da Administración electrónica como vía e canle para a información e participación dos cidadáns.

A Administración provincial non pode quedar á marxe desta realidade, por iso, a Deputación Provincial da Coruña vén abordando a súa conversión en Administración electrónica.

Por todo iso, procede aprobar unha ordenanza que adapte as diversas previsións contidas na lexislación á Administración provincial, dando cobertura normativa para a creación e regulación da sede electrónica – oficina virtual desde a que pode o cidadán relacionarse coa Deputación sen necesidade de comparecer fisicamente –, do rexistro electrónico e doutros contidos necesarios para esa finalidade. En definitiva, recóllense os elementos indispensables para permitir a creación e desenvolvemento dunha Administración provincial adaptada aos novos tempos.

## **Título I. Disposicións xerais**

### ***Capítulo I. Obxecto, ámbito e definicións***

#### **Artigo 1. Obxecto**

A presente ordenanza, en virtude do recoñecemento ao dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos que se consagra no

artigo 1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, fixa as regras xerais para a utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre as administracións públicas, así como nas relacións cos cidadáns, no ámbito da Deputación Provincial da Coruña e as súas entidades instrumentais, coa finalidade de garantir os dereitos dos cidadáns, un tratamento común e a validez da eficacia da actividade administrativa en condicións de seguridade xurídica.

Esta ordenanza desenvolve a precitada Lei 11/2007, no ámbito da Administración da Deputación da Coruña e os organismos públicos e privados vinculados ou dependentes desta, no relativo á transmisión de datos, sedes electrónicas e punto de acceso xeral, identificación e autenticación, rexistros electrónicos, comunicacións e notificacións e documentos electrónicos e copias, así como o procedemento electrónico e o arquivo electrónico.

## **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

A ordenanza será de aplicación á actividade das seguintes entidades:

- Os órganos administrativos da Deputación Provincial da Coruña.
- Os entes de dereito público que estean ou poidan estar no futuro vinculados con ela.
- Os entes de dereito privado que estean ou poidan estar no futuro vinculados con ela.
- As sociedades e as entidades que sexan ou puidesen chegar a ser concesionarias de servizos públicos provinciais, cando así o dispoña o título concesional ou o aproben os seus órganos de goberno, nas súas relacións coa Deputación da Coruña e cos cidadáns, no marco da prestación de servizos públicos e no exercicio de potestades administrativas da súa competencia.
- Os cidadáns, entendendo como tales ás persoas físicas e xurídicas, cando utilicen medios electrónicos nas súas relacións coa Deputación e co resto das entidades referidas anteriormente.
- As relacións entre os órganos e organismos provinciais entre si e con outras Administracións e organismos públicos.

## **Artigo 3. Definicións**

Para os efectos da presente ordenanza, entenderase por:

- **Accesibilidade:** usabilidade dun produto, servizo, contorna ou instalación por persoas co máis amplo rango de capacidades. É a propiedade dun software ou páxina

web de poder ser usada por calquera persoa, independentemente da súa discapacidade. Dito doutra forma, unha aplicación ou páxina web é accesible se pode ser utilizada por persoas con algún tipo de discapacidade.

- **Actividade de servizo:** Calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.
- **Actuación administrativa automatizada:** Actuación administrativa producida por un sistema de información adecuadamente programado sen necesidade de intervención dunha persoa física en cada caso singular. Inclúe a produción de actos de trámite ou resolutorios de procedementos, así como de meros actos de comunicación.
- **Aplicación:** Programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema, procedemento ou proceso, mediante o uso de informática.
- **Aplicación de fontes abertas:** Aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executala, de coñecer o código fonte, de modificala ou melloralala e de redistribuír copias a outros usuarios.
- **Autenticación:** Acreditación por medios electrónicos da identidade dunha persoa ou ente, do contido da vontade expresada nas súas operacións, transaccións e documentos, e da integridade e autoría destes últimos.
- **Canles:** Estructuras ou medios de comunicación e/ou difusión dos contidos e servizos, incluíndo a canle presencial, o telefónico e o electrónico, así como outros que existan na actualidade ou poidan existir no futuro (dispositivos móbiles, TDT, etc.).
- **Certificado electrónico:** Segundo o artigo 6 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, é o “documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de sinatura a un asinante e confirma a súa identidade”.
- **Certificado electrónico recoñecido:** Segundo o artigo 11 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, “son certificados recoñecidos os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta lei, canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e á fiabilidade e as garantías dos servizos de certificación que presten”.
- **Cidadán:** Calquera persoa física ou xurídica, e entes sen personalidade xurídica que se relacionen, ou sexan susceptibles de relacionarse, coas administracións públicas.
- **Dixitalización:** É o proceso tecnolóxico que permite converter un documento que está en soporte papel ou noutro soporte non electrónico, nun ficheiro electrónico que contén a imaxe codificada, fiel e íntegra do documento.

- **Enderezo electrónico:** Identificador dun equipo ou sistema electrónico desde o que se prové de información ou servizos nunha rede de comunicacións.
- **Documento electrónico:** Información de calquera natureza en forma electrónica, almacenada ou arquivada nun soporte electrónico, segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.
- **Espazos comúns ou portelos únicos:** Modelos ou canles (oficinas integradas, atención telefónica, páxinas en internet e outros) aos que os cidadáns poden dirixirse para acceder ás informacións, trámites e servizos públicos determinados por acordo entre varias administracións.
- **Estándar aberto:** Aquel que reúna as seguintes condicións:
  - que sexa público e a súa utilización sexa dispoñible de maneira gratuíta ou a un custo que non supoña unha dificultade de acceso,
  - que o seu uso e aplicación non estea condicionado ao pago dun dereito de propiedade intelectual ou industrial.
- **Expediente electrónico:** conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, calquera que sexa o tipo de información que conteña. O foliado dos expedientes electrónicos levarase a cabo mediante un índice electrónico, asinado polo órgano actuante. Este índice garantirá a integridade do expediente electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso, sendo admisible que un mesmo documento forme parte de distintos expedientes electrónicos.
- **Sinatura electrónica:** Segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, é o “conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante”.
- **Sinatura electrónica avanzada:** Segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, é a "sinatura electrónica que permite identificar o asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control".
- **Sinatura electrónica recoñecida:** Segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, é a “sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura”.
- **Imaxe electrónica:** O resultado de aplicar un proceso de dixitalización a un documento en soporte papel ou noutro soporte que permita a obtención fiel da devandita imaxe.

- **Interoperabilidade:** Capacidade dos sistemas de información, e polo tanto, dos procedementos aos que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.
- **Marca de tempo:** A asignación por medios electrónicos da data e, no seu caso, a hora a un documento electrónico.
- **Medio electrónico:** Mecanismo, instalación, equipo ou sistema que permite producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións; incluíndo calquera rede de comunicación aberta ou restrinxida, como internet, telefonía fixa e móbil ou outras.
- **Metadato:** Calquera tipo de información en forma electrónica asociada aos documentos electrónicos, de carácter instrumental e independente do seu contido, destinada ao coñecemento inmediato e automatizable dalgunha das súas características, coa finalidade de garantir a dispoñibilidade, o acceso, a conservación e a interoperabilidade do propio documento.
- **Prestador de actividade de servizo:** Calquera persoa física ou xurídica que ofrezca ou preste unha actividade de servizo.
- **Punto de acceso electrónico:** Conxunto de páxinas web agrupadas nun dominio de internet cuxo obxectivo é ofrecerlle ao usuario, de forma fácil e integrada, o acceso a unha serie de recursos e de servizos dirixidos a resolver necesidades específicas dun grupo de persoas ou o acceso á información e servizos dunha institución pública.
- **Selado de tempo:** Asignación por medios electrónicos dunha data e hora a un documento electrónico, coa intervención dun prestador de servizos de certificación que asegure a exactitude e integridade da marca de tempo do documento..
- **Sistema de sinatura electrónica:** Conxunto de elementos intervinientes na creación dunha sinatura electrónica. No caso da sinatura electrónica baseada en certificado electrónico, compoñen o sistema, polo menos, o certificado electrónico, o soporte, o lector, a aplicación de sinatura utilizada e o sistema de interpretación e verificación utilizado polo receptor do documento asinado.
- **Usabilidade:** refírese á capacidade dun software de ser comprendido, aprendido, usado e ser atractivo para o usuario, en condicións específicas de uso. Referido a sitios web pódese dicir que a usabilidade se refire á facilidade coa que un usuario se familiariza cun sitio web e pódeo manexar comodamente.

## ***Capítulo II. Principios, dereitos e deberes***

### **Artigo 4. Principios xerais de actuación**

A actuación da Administración provincial en xeral, e a referida ao impulso da Administración electrónica en particular, rexeráse polos principios xerais seguintes:

- O respecto ao dereito á protección de datos de carácter persoal nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, nas demais leis específicas que regulan o tratamento da información e nas súas normas de desenvolvemento, así como aos dereitos á honra e á intimidade persoal e familiar.
- Principio de igualdade, con obxecto de que, en ningún caso, o uso de medios electrónicos poida implicar a existencia de restricións ou discriminacións para os cidadáns que se relacionen coas administracións públicas por medios non electrónicos, tanto respecto ao acceso á prestación de servizos públicos, como respecto de calquera actuación ou procedemento administrativo, sen prexuízo das medidas dirixidas a incentivar a utilización dos medios electrónicos.
- Principio de accesibilidade á información e aos servizos por medios electrónicos nos termos establecidos pola normativa vixente nesta materia, a través de sistemas que permitan obtelos de maneira segura e comprensible, garantindo especialmente a accesibilidade universal e o deseño para todos os soportes, canles e contornas con obxecto de que todas as persoas poidan exercer os seus dereitos en igualdade de condicións, incorporando as características necesarias para garantir a accesibilidade daqueles colectivos que o requiran.
- Principio de legalidade en canto ao mantemento da integridade das garantías xurídicas dos cidadáns ante as administracións públicas establecidas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Principio de cooperación na utilización de medios electrónicos polas administracións públicas para o obxecto de garantir tanto a interoperabilidade dos sistemas e solucións adoptados por cada unha delas como, no seu caso, a prestación conxunta de servizos aos cidadáns. En particular, garantirase o recoñecemento mutuo dos documentos electrónicos e dos medios de identificación e autenticación.
- Principio de seguridade na implantación e utilización dos medios electrónicos polas administracións públicas, en cuxa virtude se esixirá, polo menos, o mesmo nivel de garantías e seguridade que se require para a utilización de medios non electrónicos na actividade administrativa.
- Principio de proporcionalidade, en cuxa virtude, só se esixirán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e circunstancias dos distintos trámites e

actuacións. Así mesmo só se lles requirirán aos cidadáns aqueles datos que sexan estritamente necesarios en atención á finalidade para a que se soliciten.

- Principio de responsabilidade e calidade na veracidade e autenticidade das informacións e servizos ofrecidos polas administracións públicas a través de medios electrónicos.
- Principio de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao progreso das técnicas e sistemas de comunicacións electrónicas garantindo a independencia na elección das alternativas tecnolóxicas polos cidadáns e polas administracións públicas, así como a liberdade de desenvolver e implantar os avances tecnolóxicos nun ámbito de libre mercado. Para estes efectos , as administracións públicas utilizarán estándares abertos, así como, no seu caso e de forma complementaria, estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.
- Principio de simplificación administrativa, polo cal se reduzan de maneira substancial os tempos e prazos dos procedementos administrativos, logrando unha maior eficacia na actividade administrativa.
- Principio de transparencia e publicidade do procedemento, polo cal, o uso de medios electrónicos debe facilitar a máxima difusión, publicidade e transparencia das actuacións administrativas.

#### **Artigo 5. Dereitos dos cidadáns no marco da administración electrónica**

1. Recoñéceselles aos cidadáns, nos termos fixados na lexislación vixente, o dereito a relacionarse coa Administración provincial e os seus organismos públicos, utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos dispostos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, establecer pretensións, efectuar pagos, realizar transaccións e oporse ás resolucións e actos administrativos.
2. Ademais, a cidadanía ten, en relación coa utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa, e nos termos dispostos na presente ordenanza, os seguintes dereitos:
  - A elixir, entre aqueles que en cada momento se atopen dispoñibles, a canle a través da cal relacionarse por medios electrónicos coa administración pública.
  - A non achegar os datos e documentos que consten en poder das administracións públicas, as cales utilizarán medios electrónicos para recabar a dita información sempre que, no caso de datos de carácter persoal, cóntese co consentimento dos interesados nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, ou unha norma con rango de lei así o determine, salvo que existan restricións

conforme a normativa de aplicación aos datos e documentos solicitados. O citado consentimento poderá emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

- Á igualdade no acceso electrónico aos servizos das administracións públicas .
  - A coñecer por medios electrónicos, o estado de tramitación dos procedementos nos que sexan interesados, salvo nos supostos en que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.
  - A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte de procedementos nos que teñan a condición de interesado.
  - Á conservación en formato electrónico polas administracións públicas, dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente.
  - A obter os medios de identificación electrónica necesarios, podendo as persoas físicas utilizar en todo caso os sistemas de sinatura electrónica do documento nacional de identidade para calquera trámite electrónico con calquera administración pública.
  - Á utilización doutros sistemas de sinatura electrónica admitidos no ámbito das administracións públicas .
  - Á garantía da seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas .
  - Á calidade dos servizos públicos prestados por medios electrónicos.
  - A elixir as aplicacións ou sistemas de sinatura electrónica admitidos no ámbito das administracións públicas .
  - A elixir as aplicacións ou sistemas para relacionarse coas administracións públicas a condición de que utilicen estándares abertos ou, no seu caso, aqueloutros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.
3. En particular, nos procedementos relativos ao establecemento de actividades de servizos, os cidadáns teñen dereito a obter a seguinte información a través de medios electrónicos:
- Os procedementos e trámites necesarios para acceder ás actividades de servizo e para o seu exercicio.
  - Os datos das autoridades competentes nas materias relacionadas coas actividades de servizos, así como das asociacións e organizacións profesionais relacionadas con elas.



- Os medios e condicións de acceso aos rexistros e bases de datos públicos relativos a prestadores de actividades de servizos e as vías de recurso en caso de litixio entre calquera autoridade competente, prestador e destinatario.

#### **Artigo 6. Deberes dos cidadáns no marco das relacións administrativas establecidas a través de medios electrónicos**

1. No marco da utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa e nas súas relacións coa Administración provincial, e para garantir o bo funcionamento e xestión da información, as comunicacións, os procesos e as aplicacións da Administración electrónica, a actuación dos cidadáns debe estar presidida polos seguintes deberes:
  - Deber de utilizar os servizos e procedementos da Administración electrónica de boa fe e evitando o seu abuso.
  - Deber de facilitarlle á Administración provincial, no ámbito da Administración electrónica, información veraz, completa e precisa, adecuada aos fins para os que se solicita.
  - Deber de identificarse nas relacións administrativas por medios electrónicos coa Administración provincial, cando estas así o requiran.
  - Deber de custodiar os elementos identificativos persoais e intransferibles utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa Administración provincial.
  - Deber de respectar o dereito á privacidade, confidencialidade e seguridade e o resto dos dereitos en materia de protección de datos.
2. A Administración provincial velará polo cumprimento destes deberes, no marco do disposto na normativa aplicable e nas previsións desta ordenanza.

### **Título II. Servizos electrónicos e actuación administrativa**

#### ***Capítulo I. Sistemas de acceso aos servizos electrónicos***

##### **Artigo 7.–Sistemas de acceso aos servizos electrónicos**

A Administración provincial e os seus organismos públicos garantirán o acceso da cidadanía aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito a través dun sistema de varias canles que conte, polo menos, cos seguintes medios:

- As oficinas de atención presencial que se determinen, as cales porán ao dispor da cidadanía de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos no artigo 5 desta ordenanza, debendo contar con asistencia e

orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se sitúen ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.

- Puntos de acceso electrónico, consistentes en sedes electrónicas creadas e xestionadas polos distintos departamentos e organismos públicos e dispoñibles para a cidadanía a través de redes de comunicación.
- O punto de acceso xeral a través do cal a cidadanía pode, nas súas relacións coa Administración provincial e os seus organismos públicos, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles será o seguinte: [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)
- Servizos de atención telefónica que, na medida en que os criterios de seguridade e as posibilidades técnicas o permitan, facilítenlle á cidadanía o acceso ás informacións e servizos electrónicos aos que se refiren os apartados anteriores.

## ***Capítulo II. A actuación administrativa***

### **Artigo 8. Clases de actuacións**

A Deputación Provincial da Coruña poderá utilizar medios electrónicos para o exercicio daquelas actuacións nas que participe e concretamente para as seguintes:

- Aquelas que xurdan como consecuencia das súas relacións cos cidadáns que teñan carácter xurídico administrativo.
- As orixinadas por consultas por parte dos cidadáns da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder da Administración provincial.
- A realización dos trámites e procedementos administrativos incorporados á tramitación por vía electrónica.
- As derivadas do tratamento da información obtida pola Administración provincial no exercicio das súas potestades.

### **Artigo 9. Selado de tempo**

1. A Deputación Provincial da Coruña disporá de mecanismos que permitan acreditar de forma irrefutable o momento de realización dunha actuación administrativa por medios electrónicos, cando así o esixa a normativa reguladora desta.
2. Para os efectos dispostos no parágrafo anterior poderán utilizarse os selos de tempo emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, así como por calquera outro prestador de servizos de selado de tempo que gocen de fiabilidade suficiente.

3. Co obxecto de garantir a exactitude dos demais rexistros temporais que se incorporen aos datos da Deputación Provincial da Coruña, todos os equipos informáticos e, en particular os servidores, estarán sincronizados cunha fonte de tempo fiable, que será a mesma para toda a Deputación.
4. A data e hora utilizadas pola Deputación da Coruña serán as oficiais españolas correspondentes á península ibérica, fornecidas polo Real Instituto e Observatorio da Armada.

### ***Capítulo III. Coordinación e cooperación interadministrativa***

#### **Artigo 10. Coordinación da actuación realizada por medios electrónicos**

1. Os órganos competentes aprobarán cantas normas e instrucións resulten necesarias para a coordinación e supervisión do cumprimento por parte da Deputación Provincial da Coruña, nas actuacións realizadas por medios electrónicos, dos criterios de legalidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade tecnolóxica e interoperabilidade, así como os de competencia, legalidade, eficacia, transparencia e simplificación.
2. O órgano competente en materia de tecnoloxía participará na implementación dos medios utilizados pola Deputación da Coruña para realizar as súas tarefas por medios electrónicos, e actuará como órgano de coordinación entre todos os órganos e unidades administrativas implicadas na implantación das utilidades de Administración electrónica.

#### **Artigo 11. Catálogo unificado de procedementos**

1. A Deputación Provincial da Coruña elaborará e manterá permanentemente actualizado un catálogo unificado de procedementos, que describirá todos os procedementos que se desenvolvan nel, e será a ferramenta fundamental para a racionalización e simplificación administrativa.
2. O catálogo unificado de procedementos describirá todos os trámites e fases de cada procedemento, así como os documentos e actos de comunicación asociados a eles, de forma que se poidan xerar formularios e modelos para incorporar á plataforma de tramitación electrónica. Ademais, para cada trámite ou documento, o catálogo unificado de procedementos, polo menos, especificará:
  - Se se realiza ou non de forma automatizada.
  - Se é precisa autenticación e, no seu caso, se esta se realiza cun selo electrónico ou cun certificado de persoal.
  - Calquera outro requisito formal do acto, de habelo.
  - O valor que se ha asignar a aqueles metadatos cuxo valor sexa uniforme para todos os documentos da clase e, en particular, a presenza no contido de datos de

carácter persoal e o nivel das medidas de seguridade aplicables a eles, así como se nos documentos desta clase é posible permitir de forma xeral o acceso inmediato ao seu contido dos interesados no expediente, mentres este aínda non finalizou, e o da cidadanía unha vez que o expediente concluíu.

3. Cando a natureza e finalidade dun procedemento garanta que os eventuais interesados se atopen sempre entre os obrigados á utilización de medios electrónicos, farase constar tal circunstancia no catálogo unificado de procedementos, para os efectos de suprimir a posibilidade de iniciar os citados procedementos con documentos en soporte papel, así como a de recibir comunicacións por este medio.

## **Artigo 12. Medios**

1. Cando para unha determinada función existan programas de software libre, considerando como tales os cubertos pola licenza pública xeral de GNU (GPL) ou equivalente, e as súas prestacións non sexan inferiores ás doutros programas baixo licenza privada, utilizaranse preferentemente aqueles.
2. A Deputación Provincial da Coruña, proporcionaralles aos seus cargos e empregados os medios necesarios para a realización das súas funcións utilizando medios electrónicos, de acordo co disposto nesta ordenanza.
3. A Deputación Provincial da Coruña desenvolverá as accións precisas para a formación dos seus cargos e empregados na utilización dos medios mencionados no parágrafo anterior, e disporá dos mecanismos de soporte adecuados, especialmente nas fases de implantación de novas aplicacións.

## **Artigo 13. Colaboración con outras administracións públicas**

Co obxectivo de mellorar os servizos prestados á cidadanía e a eficiencia na xestión dos recursos públicos, a Deputación da Coruña impulsará a sinatura con outras administracións públicas de todos aqueles convenios e pactos que sexan necesarios para facer efectivas as previsións recollidas nesta ordenanza. En particular, favoreceranse as accións que promovan a interoperabilidade dos sistemas, mediante o establecemento de estándares técnicos e o desenvolvemento e posta en explotación de mecanismos para o intercambio de información, aplicacións e metodoloxías entre as administracións públicas.

## **Título III. Sede electrónica**

### ***Capítulo I. Disposicións xerais***

## **Artigo 14. Creación da sede electrónica e subsedes**

1. Mediante a presente ordenanza créase a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, que estará dispoñible no enderezo de internet: [sede.dicoruna.es](http://sede.dicoruna.es)

2. Correspóndelle á Deputación provincial a súa titularidade, xestión e administración, podendo encargar a xestión e administración a outras entidades, públicas ou privadas, mediante o oportuno instrumento xurídico.
3. A través da sede electrónica realizaranse todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación da Deputación ou dos cidadáns por medios electrónicos.
4. A creación doutras sedes dentro do ámbito de organización da Deputación ou para as súas entidades de dereito público dependentes, así como as que se precisen de modo compartido con outras administracións en virtude de convenios de colaboración, requirirá a adopción do acordo correspondente.

### **Artigo 15. Calidade e usabilidade**

1. A Deputación Provincial da Coruña velará pola calidade de toda a información posta a disposición na súa sede electrónica, identificando debidamente e mencionando a orixe da obtida de fontes externas.
2. A Deputación Provincial da Coruña velará por que o deseño da súa sede electrónica e a estrutura dos menús facilite o seu uso pola cidadanía, seguindo as normas e aplicando as metodoloxías definidas para a mellora da usabilidade dos sitios web.
3. Os servizos postos a disposición na sede electrónica estarán operativos en todo momento. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade a eles. A interrupción deberá anunciarse na propia sede coa antelación que, no seu caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe en que se comunique tal circunstancia, indicando, no seu caso, os medios alternativos dispoñibles.

### **Artigo 16. Seguridade**

1. A sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña identificarase e cifrará as súas comunicacións mediante un certificado de dispositivo seguro.
2. Os mecanismos de seguridade deberán estar sempre activados nas conexións para garantir a autenticidade e integridade do contido da sede.

## ***Capítulo II. Contidos***

### **Artigo 17. Ámbito da sede electrónica**

1. A Deputación Provincial da Coruña incluírá na súa sede electrónica todos os contidos directamente relacionados cos servizos públicos prestados á cidadanía e, en particular, a información sobre a natureza destes, os medios e procedementos necesarios para acceder a eles e, no seu caso, os requisitos técnicos e xurídicos esixibles.

2. Así mesmo, a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña incluírá toda aquela información sobre a Deputación e o seu funcionamento que posibilite o exercicio dos dereitos políticos da cidadanía, xa sexa a través dun mellor coñecemento da institución, como potenciando a transparencia do seu funcionamento.
3. A sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña poderá igualmente incluír outra información relacionada cos servizos prestados ou promovidos pola Deputación que resulte de interese para a cidadanía.

### **Artigo 18. Contidos relativos aos dereitos políticos**

1. Entre os contidos da sede electrónica orientados a facilitar o exercicio pola cidadanía dos seus dereitos políticos incluíranse, polo menos, os seguintes:
  - A composición dos órganos de goberno da institución.
  - Información sobre a organización e competencias da Deputación.
  - A normativa propia da Deputación Provincial da Coruña.
  - Os acordos e resolucións dos órganos de goberno provincial.
  - O orzamento provincial e as memorias de xestión da Deputación.
  - Un repositorio de documentación e información administrativa accesible ao público.
  - Unha canle para a formulación de queixas e suxestións.
2. A Deputación publicará na súa sede electrónica calquera outra información que poida potenciar a transparencia sobre a súa actuación, sempre que os seus recursos e as leis o permitan.
3. A Deputación poderá incorporar á sede electrónica mecanismos de participación cidadá, co obxectivo de aproveitar as tecnoloxías da información e a comunicación como medio para potenciar o carácter democrático da actuación provincial.
4. Toda a información á que se refire este artigo e, en particular, a de carácter económico e financeiro, deberá ser publicada de forma que resulte facilmente comprensible para a cidadanía.

### **Artigo 19. Contidos relativos aos servizos provinciais**

Entre os contidos relativos á prestación dos servizos provinciais incluírán, como mínimo, os seguintes:

- Os servizos propios ou asumidos pola Deputación Provincial da Coruña, con indicación da dispoñibilidade de cada un deles e das súas prestacións concretas.
- Os procedementos administrativos tramitados total ou parcialmente por medios electrónicos, con indicación dos requisitos esenciais para a tramitación, os prazos de resolución e notificación e o sentido do silencio, incluíndose así mesmo os impresos e formularios asociados.
- Os colectivos que, segundo o disposto nesta ordenanza, estean obrigados a utilizar medios electrónicos nas súas relacións coa Deputación provincial .
- Os rexistros integrantes do sistema rexistral da Deputación provincial , con expresión dos documentos que neles se poden presentar, o seu réxime de funcionamento, os sistemas de acceso e comunicación, horarios e calquera outra información relevante.
- O enderezo das sedes físicas da Deputación e os seus organismos dependentes ou vinculados e outros datos de localización, tales como os números de teléfono ou os enderezos de correo electrónico habilitados para a atención á cidadanía.
- Os membros do persoal da Deputación habilitados para suplir á cidadanía na identificación e autenticación realizada por medios electrónicos.
- Os medios de identificación e autenticación admitidos nas relacións da Deputación provincial coa cidadanía, incluídas as clases de certificados electrónicos admitidos e os prestadores de servizos de certificación que os emiten.
- Os selos de tempo utilizados pola Deputación provincial, coas súas características principais.
- Os convenios de intercambio de documentos e información asinados con outras Administracións públicas.
- O taboleiro electrónico de edictos e anuncios da Deputación.
- O perfil de contratante regulado no artigo 42 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- O Boletín Oficial da Provincia.
- A oferta de emprego e a información relativa aos procedementos de selección de persoal.
- As convocatorias de subvencións e os actos relacionados cos procedementos de outorgamento.

## **Artigo 20. Outros contidos**

1. A sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña poderá incorporar outros contidos como os seguintes:
  - A presente ordenanza pola que se crea a sede electrónica da Deputación.
  - Información necesaria para a correcta utilización da sede incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles, así como a relacionada con propiedade intelectual.
  - Servizos de asesoramento electrónico ao usuario para a correcta utilización da sede.
  - Indicación da data e hora oficial para os efectos dispostos no artigo 26.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.
  - Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.
  - Carta de servizos e carta de servizos electrónicos.
  - Calquera outra circunstancia que se considere conveniente para a correcta identificación da sede e a súa fiabilidade.
2. O órgano responsable da sede poderá ademais incluír nela outros servizos ou contidos, con suxeición ao disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, do 22 de xuño e nesta ordenanza.

## **Artigo 21. Carpeta cidadán**

1. A sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña disporá dunha zona denominada “carpeta cidadá”, de acceso restrinxido ao seu titular ou titulares, os que deberán identificarse utilizando un certificado electrónico antes de acceder a ela.
2. Sempre que resulte tecnicamente factible, incorporárase á carpeta cidadá toda a información relativa ao seu titular que conste na Deputación Provincial da Coruña, indicando expresamente aquela cuxa utilización por parte da Deputación en novos procedementos ou cuxa cesión a outras administracións públicas sexa consentida, e podéndose modificar esta opción.
3. Como mínimo incluíranse na carpeta cidadá os datos persoais e o estado de tramitación dos expedientes nos que goce da condición de interesado.
4. A práctica das notificacións por medios electrónicos poderán realizarse na carpeta cidadá.



## **Artigo 22. Operatoria para a validación de copias verificables**

A sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña disporá dunha operatoria que, mediante o código de verificación incorporado a unha copia verificable, permitirá acceder ao documento electrónico auténtico do que se obtivo esta, informando sobre a validez da sinatura ou sinaturas electrónicas do citado documento.

## **Artigo 23. Acceso aos contidos da sede electrónica**

1. A Deputación Provincial da Coruña incorporará na súa sede electrónica un mecanismo de procura documental adecuado para a consulta cidadá dos documentos electrónicos relativos a procedementos administrativos xa terminados. Cando, de acordo coa normativa aplicable, un determinado documento non sexa inmediatamente accesible, o cidadán poderá xerar automaticamente unha solicitude de acceso documental que se dirixirá de inmediato á unidade responsable do documento.
2. O acceso dos interesados á información sobre os expedientes non terminados realizarase a través da súa carpeta cidadá. Permitirase o acceso inmediato aos documentos integrantes dos expedientes cando sexa posible de acordo co disposto nesta ordenanza e, en caso contrario, o usuario poderá xerar unha solicitude de acceso que se dirixirá de inmediato ao órgano ou unidade responsable do expediente.
3. O acceso á información da sede electrónica distinta da incluída nos parágrafos anteriores será libre para a cidadanía, sen necesidade de identificación ningunha.
4. A Deputación Provincial da Coruña poderá requirir datos que non teñan carácter persoal nas operatorias de acceso á información da súa sede electrónica, para efectos meramente estatísticos ou para a mellora dos servizos provinciais, sen que en ningún caso a achega destes datos condicione o acceso á información contida na sede.

## **Título IV. Identificación e autenticación**

### ***Capítulo I. Da Deputación provincial***

## **Artigo 24. Medios de identificación e autenticación**

1. A Deputación Provincial da Coruña utilizará certificados de identificación de sitios web e selos electrónicos como medios de identificación e autenticación baseados na sinatura electrónica avanzada.
2. Cando se produza un intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación que reúnan as debidas condicións de seguridade, poderase ter por identificada a entidade provedora da información e recoñecerlle a esta o carácter de auténtica, nos termos dispostos nesta ordenanza.

### **Artigo 25. Identificación de sitios web**

1. A sede electrónica e os demais sitios web da Deputación Provincial da Coruña utilizarán certificados de identificación de sitios web cando deban identificarse perante os usuarios e cifrar as súas comunicacións con estes.
2. A identificación e o cifrado da canle serán obrigatorios en todos os casos nos que se lles solicite aos usuarios datos de carácter persoal e sempre que sexa preciso garantir a autenticidade de orixe e a integridade da información proporcionada na sede electrónica provincial ou nos sitios web distintos desta.
3. A Deputación poderá utilizar os certificados recoñecidos de sede electrónica como sistema para identificar e establecer comunicacións seguras da Deputación Provincial da Coruña e doutros organismos ou entidades vinculadas ou dependentes dela, emitidos por autoridade de certificación recoñecida.
4. A Deputación Provincial da Coruña poderá tamén utilizar certificados de servidor emitidos por prestadores de servizos de certificación cuxos certificados raíz estean incorporados aos sistemas operativos e/ou navegadores xeralmente empregados pola cidadanía.

### **Artigo 26. Selos electrónicos**

1. Os actos administrativos da Deputación da Coruña realizados de forma automatizada autenticaranse mediante unha sinatura electrónica avanzada apoiada por un selo electrónico.
2. O órgano competente establecerá a política e disporá os medios para a xeración e utilización das claves privadas correspondentes aos selos en condicións seguras e de forma que se garanta a eficiencia das operacións de sinatura electrónica.

### **Artigo 27. Contornas cerradas de telecomunicación**

1. A Deputación Provincial da Coruña establecerá os supostos nos que o acceso a datos e documentos a través de contornas cerradas de telecomunicación será válido como medio de identificación e garantía de autenticidade, determinando a información que poderá ser autenticada e a denominación e características básicas da contorna cerrada de telecomunicación polo que poderá accederse a ela.
2. Nos supostos nos que a información posta a disposición nunha contorna cerrada de telecomunicación proceda doutras administracións públicas estarase ao disposto nos correspondentes convenios.
3. Cando se transcriba manualmente a un documento información obtida a través dunha contorna cerrada de telecomunicación farase constar a fonte e a data de obtención e incorporación da citada información.

## ***Capítulo II. Dos cargos electos, dos membros do goberno provincial e do persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña***

### **Artigo 28. Medios de identificación e autenticación**

1. Os medios de identificación e autenticación que han utilizar os cargos electos, os membros do goberno provincial e o persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña basearanse na utilización de sinatura electrónica avanzada.
2. A xeración e conservación das claves privadas correspondentes levarase a cabo en tarxetas criptográficas ou outros dispositivos que ofrezan un nivel de seguridade equivalente ou superior.
3. A Deputación Provincial da Coruña poderá utilizar contrasinais ou outros mecanismos baseados en sinatura electrónica non avanzada para a identificación do seu persoal no acceso aos sistemas de información e a contornas cerradas de telecomunicación.

### **Artigo 29. Utilización dos certificados de persoal ao servizo da Deputación da Coruña e de entidades vinculadas ou dependentes dela**

A Deputación Provincial da Coruña poderalles proporcionar, se fose necesario, aos cargos electos, aos membros do goberno provincial e ao resto de empregados que precise de mecanismos de identificación e autenticación para o exercicio das súas funcións, os oportunos certificados recoñecidos de emprego público emitidos por autoridade de certificación competente.

### **Artigo 30. Utilización doutros certificados de cargo ou representación**

1. Cando a Deputación Provincial da Coruña precise manter relacións por vía electrónica con outras administracións públicas ou entidades que esixan a utilización dunha clase determinada de certificados distinta da referida no artigo anterior, e os devanditos certificados requiran a vinculación dunha persoa física coa Deputación Provincial da Coruña, o órgano competente poderá autorizar a determinados membros do persoal da Deputación a obtención e uso dos devanditos certificados.
2. Nos casos referidos no parágrafo anterior, os certificados unicamente poderán ser utilizados para a finalidade específica para a que foron obtidos, a cal constará expresamente na autorización da solicitude.
3. A obtención dos certificados regulados neste artigo, así como as súas características esenciais, en particular o seu período de validez e a finalidade para a que se obtiveron, incluírase no rexistro correspondente.

### **Artigo 31. Utilización polos empregados de medios persoais de identificación e autenticación**

1. A utilización dos medios de identificación persoais dos empregados da Deputación no exercicio das súas funcións autorizarase unicamente cando resulte imprescindible.
2. Para os efectos dispostos no parágrafo anterior, o órgano competente emitirá a oportuna resolución mencionando expresamente a identidade do empregado ou empregados autorizados, as operacións ás que se estende a autorización e o período da súa validez, que non poderá ser superior a catro anos.
3. As autorizacións reguladas neste artigo incluíranse no rexistro de medios de identificación e autenticación correspondente.

### **Capítulo III. Da cidadanía**

#### **Artigo 32. Utilización de certificados recoñecidos**

1. A utilización de sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido será suficiente para identificar os cidadáns, así como para entender acreditada a súa vontade, cando se presenten por vía electrónica documentos electrónicos relativos a calquera procedemento ou servizo.
2. A Deputación Provincial da Coruña admitirá en todas as súas operatorias e trámites a utilización do documento nacional de identidade electrónico.
3. A Deputación Provincial da Coruña admitirá as sinaturas electrónicas baseadas en certificados recoñecidos emitidos por prestadores de servizos de certificación que exerzan a súa actividade en España xeralmente utilizados pola cidadanía, a condición de que o prestador de servizos de certificación poña á súa disposición a información precisa e, en particular, a relación de certificados revogados, gratuitamente e de acordo cos estándares establecidos para o efecto.

#### **Artigo 33. Outros medios de identificación e autenticación**

Nas súas relacións por medios electrónicos, a Deputación Provincial da Coruña poderá dispor a utilización pola cidadanía de calquera outro medio de sinatura electrónica, sempre que se garanta a seguridade na identificación e, no seu caso, a acreditación da vontade, e tendo en conta os seguintes criterios:

- A proporcionalidade entre o requisito de identificación e autenticación imposto e a transcendencia da relación na esfera xurídica da cidadanía.
- A esixencia formal de sinatura dos documentos intercambiados segundo a normativa reguladora do procedemento administrativo en cuestión.
- O nivel de seguridade técnica e xurídica adecuado aos riscos asociados á relación.

- A dispoñibilidade de tecnoloxía e as prioridades no uso dos recursos da Deputación provincial .

#### **Artigo 34. Identificación e acreditación da vontade da cidadanía por parte dun empregado da Deputación**

1. Nos supostos en que un cidadán non dispoña dos medios electrónicos de identificación ou acreditación da vontade necesarios para a realización dun determinado trámite perante a Deputación Provincial da Coruña, unha persoa funcionaria desta poderá suplir dita carencia utilizando os seus propios medios de identificación e autenticación. Previamente, o cidadán deberá identificarse e prestar o seu consentimento expreso, do que deberá quedar constancia.
2. A Deputación Provincial da Coruña determinará os membros do persoal ao seu servizo que estarán habilitados para suplir á cidadanía nas operacións de identificación e autenticación, de acordo co disposto neste artigo.

#### **Artigo 35. Representación**

1. A acreditación da representación para realizar actuacións por vía electrónica coa Deputación Provincial da Coruña a favor de terceiros poderase levar a cabo por calquera dos seguintes procedementos:
  - Mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido de cargo ou representación, sempre que este sexa dunha clase aceptada pola Deputación.
  - Mediante a declaración do apoderamento por parte do representante e a posterior comprobación da representación no rexistro de representantes da Deputación.
2. A Deputación Provincial da Coruña poderá requirir ao apoderado a xustificación do seu apoderamento en calquera momento.

#### **Artigo 36. Rexistro de representantes**

1. A Deputación Provincial da Coruña disporá dun rexistro de representantes no que constarán as relacións de apoderamento comprobadas e que será utilizado en todos aqueles trámites e procedementos nos que haxa de validarse unha determinada representación. A incorporación destas ao Rexistro farase:
  - Mediante a presentación dos documentos acreditativos do apoderamento, xa sexa en soporte papel ou electrónico.
  - Mediante a declaración do apoderamento por parte do representante e a comprobación da súa condición nos rexistros dispostos para o efecto por calquera outra administración pública ou entidade, sempre que estas proporcionen suficiente fiabilidade e tras a sinatura previa do correspondente instrumento de colaboración.

○ Mediante calquera outro sistema de acreditación da representación habilitado pola Deputación Provincial da Coruña no marco desta ordenanza e da normativa aplicable.

2. O rexistro de representantes conterá información sobre o tipo de cargo ou apoderamento e o seu prazo de vixencia conservándose así mesmo unha copia do documento ou documentos acreditativos da representación, co obxecto de poder valorar a suficiencia desta para cada caso concreto.
3. Cando se lle incorpore unha representación ao rexistro de representantes, advertiráselle ao representante da súa obriga de comunicarlle inmediatamente á Deputación o cesamento da representación.

### **Artigo 37. Emenda de defectos**

De conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Deputación Provincial da Coruña requirirá da cidadanía a emenda de calquera defecto formal ocasionado polo incumprimento dos requisitos de identidade, integridade e autenticidade dispostos nesta ordenanza.

### ***Capítulo IV . Disposicións xerais***

#### **Artigo 38. Requisitos para a autenticación dos actos administrativos**

1. Nas actuacións persoais utilizaranse os medios de autenticación destinados aos cargos electos, membros do goberno provincial e persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña, e nas actuacións automatizadas os destinados á Corporación provincial, en particular os selos electrónicos.
2. O momento da incorporación dunha sinatura electrónica avanzada a un documento electrónico quedará rexistrado de forma irrefutable, para o obxecto de poder comprobar no futuro a vixencia dos certificados no momento da realización da sinatura . Para estes efectos caberá utilizar selos de tempo, ou as respostas obtidas no momento da sinatura ao consultar o directorio de certificados revogados do prestador de servizos de certificación, sempre que ditas respostas estean asinadas con sinatura electrónica avanzada e quede constancia nelas do momento de formulación da consulta.

#### **Artigo 39. Rexistro de medios de identificación e autenticación**

A Deputación Provincial da Coruña manterá un rexistro permanentemente actualizado de todos os medios habilitados para a identificación e autenticación electrónica, os seus cargos electos, os membros do goberno provincial e o persoal da Deputación, sexa cal for o prestador de servizos de certificación que os emitiu.

#### **Artigo 40. Xestión de permisos.**

1. A Deputación Provincial da Coruña disporá dun directorio electrónico do seu persoal para a xestión dos permisos de acceso á información.
2. O directorio conterá a información, sobre o perfil do empregado e a unidade administrativa á que estea adscrito, necesaria para a plataforma de tramitación de expedientes e o arquivo.
3. Cando a identificación se realizou mediante un certificado electrónico de persoal ao servizo da Deputación, poderán utilizarse os datos contidos nel para a xestión dos permisos.
4. Salvo naquelas operatorias expresamente previstas para o libre acceso á información por parte da cidadanía, o inicio de sesión na plataforma de tramitación de expedientes e no arquivo electrónico esixirá sempre a identificación previa, que se realizará utilizando un certificado electrónico, ou ben, mediante un contrasinal, nese caso validarase a pertenza á organización mediante a oportuna consulta ao directorio.

### **Título V. Documentos electrónicos**

#### ***Capítulo I. Clases de documentos***

#### **Artigo 41. Definicións**

1. Enténdese por documento electrónico calquera representación de texto, imaxe, son ou vídeo, ou as combinacións de todos ou algún destes elementos, que sexa codificada mediante o emprego dun programa de tratamento da información e resulte lexible grazas ao mesmo programa usado para a súa xeración ou outro equivalente, sendo susceptible de tratamento individualizado.
2. Enténdese por documento electrónico orixinal todo documento electrónico de nova creación, e por duplicados as copias totalmente idénticas a el, as cales serán equivalentes para todos os efectos.
3. Enténdese por documento electrónico auténtico todo aquel que leva incorporada unha sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, e un selo de tempo ou mecanismo equivalente que dá fe do momento de incorporación da sinatura .
4. Enténdese por copia electrónica auténtica todo aquel documento electrónico auténtico que reproduce o contido dun documento orixinal, electrónico ou en soporte papel, e cuxo carácter de copia se indica nos metadatos.
5. Enténdese por copia verificable dun documento electrónico auténtico todo aquel documento, electrónico ou en soporte papel, que garda plena identidade visual co primeiro e leva incorporado un código de verificación que permite comprobar a súa autenticidade accedendo ao documento electrónico auténtico que conste nun arquivo.
6. Enténdese por documento electrónico preservable todo aquel documento electrónico auténtico destinado á súa conservación no arquivo provincial, e que servirá como referencia para validar as posteriores copias do documento.

7. Enténdese por documento de arquivo aquel que finalizou o seu trámite e que ha de ser conservado mentres manteña a súa vixencia administrativa e, no seu caso, en virtude do seu valor como fonte histórica.

#### **Artigo 42. Metadatos**

1. Cada documento electrónico terá asignados un conxunto de metadatos descritivos do seu contido e doutros aspectos deste.
2. A Deputación provincial disporá dun catálogo de metadatos, que será de uso obrigatorio por todos os seus órganos e unidades e axustarase ao disposto no Esquema Nacional de Interoperabilidade, polo menos nos mínimos preceptivos.
3. Entre os metadatos de cada documento electrónico figurarán necesariamente os seguintes:
  - Un identificador único que será constante ao longo de toda a vida do documento.
  - Descritores indicativos do carácter de orixinal ou copia do documento e, neste último caso, do tipo de copia, do autor ou o seu responsable e da natureza xurídica do documento copiado.
  - A denominación e, no seu caso, o código da unidade administrativa responsable do documento.
  - A posibilidade de acceso inmediato ao seu contido por parte dos interesados no expediente ao que se refire.
  - A posibilidade de libre consulta unha vez terminado o procedemento ao que se refire ou, en caso contrario, as causas aplicables para restrinxir o acceso.
4. Deberá gardarse constancia, durante toda a vida do documento, dos metadatos asignados a el en cada momento.
5. Sen prexuízo dun eventual procedemento de corrección de erros, impedirase a modificación dos seguintes metadatos:
  - Os identificativos do documento.
  - Os relativos á orixinalidade do documento e, no seu caso, ao tipo de copia, ao autor ou responsable dela e á natureza xurídica do documento copiado.
  - Os relativos ás sinaturas do documento.
  - Os asociados á trazabilidade e ao control dos accesos á información esixido pola normativa de protección de datos para os datos aos que se aplica o nivel alto das medidas de seguridade.



### **Artigo 43. Documentos electrónicos auténticos achegados pola cidadanía**

1. A Deputación Provincial da Coruña aceptará a achega pola cidadanía de documentos electrónicos auténticos xerados por terceiros.
2. A validez da sinatura ou sinaturas dos documentos electrónicos auténticos xerados por terceiros e achegados pola cidadanía será verificada no momento da incorporación destes á plataforma de tramitación ou ao arquivo electrónico provincial, facéndose constar nos metadatos a orixe do documento.

### **Artigo 44. Formatos**

1. A Deputación Provincial da Coruña manterá un catálogo actualizado dos formatos admitidos para a presentación de documentos electrónicos, o cal se publicará na sede electrónica e aterase ao disposto no esquema nacional de interoperabilidade.
2. Cando se presente un documento electrónico nun formato non preservable e a súa sinatura se realice a través da operatoria do rexistro electrónico da Deputación Provincial da Coruña, o documento electrónico será obxecto de migración a un formato preservable antes de ser asinado.
3. Entre os formatos admitidos nas relacións coa cidadanía preferiranse aqueles definidos como estándares abertos polos organismos internacionais de normalización, sendo así mesmo admisibles aqueles que sexan xeralmente utilizados pola cidadanía.
4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a Deputación Provincial da Coruña poderá esixir a entrega dos documentos nun único formato de entre os máis utilizados, cando se trate de documentos de carácter técnico xeralmente manexados por determinados colectivos profesionais.
5. Os formatos utilizados no seo da Deputación Provincial da Coruña basearanse en estándares abertos sempre que sexa posible.
6. Na comunicación dos seus documentos electrónicos á cidadanía, a Deputación Provincial da Coruña deberá utilizar formatos para cuxa lectura, comprobación de sinaturas e, no seu caso, descifrado, existan ou sexan facilitadas pola Deputación ou outras administracións públicas, ferramentas ou utilidades gratuítas.

## ***Capítulo II. Realización de copias***

### **Artigo 45. Copias electrónicas auténticas de documentos en soporte papel**

1. Poderá realizarse unha copia electrónica auténtica de calquera documento en soporte papel, xa sexa orixinal ou copia, que sexa xerado ou recibido pola Deputación da Coruña no exercicio das súas competencias.
2. En ningún caso a realización dunha copia electrónica auténtica suporá a modificación dos efectos legais dun documento. Para estes efectos, o autor da copia indicará nos metadatos desta a natureza do documento orixinal en papel e, en particular, o seu carácter de documento auténtico ou de copia simple.

3. Os metadatos conterán tamén información sobre o procedemento manual ou automatizado utilizado para a realización da copia, a identidade do autor ou o seu responsable e, no seu caso, sobre o expediente ou grupo de documentos ao que se asocia a copia.
4. O procedemento para a realización de copias electrónicas auténticas de documentos en soporte papel constará das seguintes fases:
  - a. Obtención dunha imaxe codificada dixitalmente do documento en papel mediante un proceso de dixitalización. Co fin de asegurar a homoxeneidade e calidade deste proceso, os escáneres estarán configurados cos parámetros de calidade técnicos que se determinen para cada tipo de documento, os cales non poderán ser modificados polos operadores.
  - b. Optimización da imaxe dixital obtida mediante procesos automáticos de axuste de contraste e claridade, umbralización, reorientación e eliminación de bordos negros, co fin de garantir a lexibilidade da copia. Para estes efectos utilizaranse programas específicos para asegurar a identidade da imaxe electrónica co documento orixinal en termos de tamaño e proporcións, así como de orientación do texto ou gráfico.
  - c. Cotexo da imaxe dixitalizada co documento orixinal para comprobar a identidade entre ambos e sinatura da copia electrónica por parte do autor desta, utilizando o seu correspondente certificado electrónico.
5. As copias electrónicas auténticas dun conxunto de documentos en papel de natureza xurídica uniforme poderán realizarse de forma automatizada utilizando un conxunto de software e hardware especificamente habilitado para este fin. Neste caso, unha vez verificada a fidelidade da copia e a súa calidade, cada arquivo de imaxe electrónica será asinado cun selo electrónico da Deputación Provincial da Coruña .

#### **Artigo 46. Realización de copias electrónicas auténticas de documentos electrónicos auténticos**

1. A Deputación Provincial da Coruña poderá realizar copias electrónicas auténticas de documentos electrónicos orixinais auténticos ou doutras copias electrónicas auténticas.
2. Poderán realizarse os dous tipos de copias electrónicas auténticas seguintes, sen que en ningún caso se admita ningunha outra modificación sobre o documento copiado:
  - Copias en novo formato, cuxo contido será idéntico ao do documento orixinal pero nas que o formato resultante será distinto do orixinal.
  - Copias anonimizadas, cuxo contido será equivalente ao orixinal salvo pola eliminación dos datos identificativos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, para o proceso de disociación. Estas copias

serán xeradas cando sexan necesarias para remitir un documento fóra do ámbito da Deputación Provincial da Coruña .

3. A sinatura electrónica avanzada incorporada á copia poderá ser un selo da Deputación Provincial da Coruña ou a dun membro do seu persoal, o cal deberá ter competencias para esta función.
4. A copia poderá incluír a sinatura ou sinaturas electrónicas que tivese incorporadas o documento copiado. En caso contrario, a copia acreditará a presenza e validez destas sinaturas incorporando no seu texto os datos principais da sinatura ou sinaturas do documento copiado.
5. Os metadatos informarán o carácter de copia do documento e do tipo de copia de que se trata, facendo así mesmo referencia ao formato de orixe, ao documento orixinal ou copia auténtica que lle serviu de base, así como á finalidade da copia.

#### **Artigo 47. Obtención de copias verificables de documentos electrónicos auténticos**

1. Para a obtención dunha copia verificable dun documento electrónico auténtico xeraranse un ficheiro coa súa imaxe e un código de verificación que permitirá acceder instantaneamente ao documento electrónico auténtico mediante a operatoria dispoñible para o efecto na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña .
2. O código de verificación non poderá deducirse de datos tales como o número de expediente, data do documento e outros similares, de forma que só o posuidor dunha copia verificable poida coñecer o correspondente código e acceder a través del ao documento electrónico auténtico.
3. En cada páxina da copia verificable incluíranse o código de verificación, a data de creación da copia verificable, o número de páxina e o número total de páxinas da copia verificable.
4. A Deputación Provincial da Coruña velará por que unha vez emitidas as copias verificables o documento electrónico auténtico permaneza dispoñible para a ulterior validación daquelas durante todo o tempo no que deban fornecer efectos.
5. Para a realización de copias en papel de documentos electrónicos auténticos imprimírase a copia verificable. Para estes efectos, o código de verificación será garantía suficiente da súa autenticidade, pero poderán engadirse selos en tinta e sinaturas manuais cando se considere oportuno.

#### **Artigo 48. Finalidade das copias e competencia para a súa realización**

1. O persoal do rexistro poderá realizar copias electrónicas auténticas de documentos en soporte papel, as cales estarán en todo caso destinadas á súa utilización pola Deputación provincial .
2. O persoal das respectivas unidades administrativas da Deputación provincial poderá realizar copias electrónicas auténticas e copias verificables dos documentos electrónicos auténticos que consten en expedientes da súa

competencia ou cando as copias sexan precisas para o exercicio das súas funcións, e sempre que a finalidade da copia sexa a súa utilización no seo da Deputación Provincial da Coruña .

3. A Deputación Provincial da Coruña determinará as unidades administrativas e os membros do seu persoal habilitados para a emisión de copias electrónicas auténticas e copias verificables, en formato electrónico ou en soporte papel, de documentos electrónicos auténticos que consten nos seus arquivos, cando o destino daquelas sexa a súa remisión á cidadanía ou a outras Administracións públicas.
4. As tarefas de copiado dun número elevado de documentos poderá ser encomendada a terceiros, debendo os pregos de prescricións técnicas do contrato especificar claramente as garantías técnicas e xurídicas do procedemento que se ha seguir, e sempre que se adopten as medidas adecuadas de supervisión e auditoría para garantir a fiabilidade dos resultados obtidos.

#### **Artigo 49. Destrucción de documentos orixinais en soporte papel**

1. O arquivo provincial, de oficio ou a instancia do órgano administrativo ou entidade correspondente, poderá destruír os documentos orixinais en papel, conforme ao disposto na respectiva normativa reguladora e sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:
  - a. Que se realizou unha copia electrónica auténtica do documento orixinal en papel conforme os procedementos regulados nesta ordenanza.
  - b. Que a copia electrónica auténtica sexa obxecto de conservación conforme o disposto nesta ordenanza.
  - c. Que non exista normativa relativa á necesidade de conservar o documento orixinal en papel por razón do seu valor histórico-artístico.
2. O arquivo provincial controlará o proceso de destrución e documentará a súa realización efectiva mediante acta asinada pola arquiteira con expresión da data, documentación destruída e medio de destrución.
3. A destrución tamén poderá encomendarse a terceiros, nese caso deberá efectuarse conforme as instrucións técnicas establecidas para o efecto , emitindo a entidade colaboradora un certificado no que conste a data de destrución, a cantidade e o tipo de documentación destruída e o compromiso sobre a imposibilidade de reconstrución ou lectura dela. Este certificado, validado pola arquiteira, poderá substituír á evidencia documental prevista no parágrafo anterior.

### ***Capítulo III. Xestión e conservación dos documentos***

#### **Artigo 50. Conservación e destrución dos documentos electrónicos**

1. Os documentos electrónicos xerados pola Deputación provincial, así como aqueles que sexan recibidos orixinariamente en formato electrónico a través do

registro electrónico da Deputación provincial ou sexan achegados por comparecencia persoal, pasarán a formar parte do patrimonio documental provincial, debendo ser obxecto de conservación conforme o disposto na normativa reguladora deste e nesta ordenanza.

2. Serán obxecto de conservación os documentos e a totalidade dos seus metadatos, así como as sinaturas electrónicas orixinais e os selos de tempo, xunto aos elementos de contexto que permitan a súa verificación ulterior. As sinaturas e os seus elementos anexos poderanse conservar separados dos documentos electrónicos, nunha plataforma especificamente destinada para este fin, sempre que se manteña a vinculación entre todos os compoñentes.
3. Os documentos administrativos correspondentes a procedementos non terminados conservaranse na plataforma de tramitación electrónica. Desde a súa incorporación a ela, cada documento terá asociada unha única unidade administrativa responsable del. A unidade administrativa responsable dun expediente serao tamén de todos os documentos integrados nel.
4. Transcorrido un ano desde a terminación do expediente, salvo que no catálogo unificado de procedementos se fixe un prazo distinto para unha determinada clase de procedementos, darase traslado do expediente ao arquivo electrónico, momento a partir do cal lle corresponderán a este as responsabilidades de custodia e conservación documental.
5. A Deputación da Coruña poderá destruír os documentos electrónicos seguindo os procedementos dispostos para a destrución de documentos na normativa reguladora do arquivo provincial e, cando conteñan datos de carácter persoal, coas garantías establecidas no Regulamento de desenvolvemento da lei orgánica de protección de datos aprobado por Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

#### **Artigo 51. Acceso aos expedientes e documentos electrónicos**

1. Os membros da unidade administrativa responsable dun documento ou expediente estarán autorizados para o acceso ao seu contido e serán os únicos habilitados para a realización de operacións sobre eles.
2. Cando os documentos electrónicos pertencen a expedientes non terminados, permitirase o acceso a todas as unidades que poidan intervir na súa tramitación.
3. O acceso dos interesados aos documentos electrónicos correspondentes a expedientes non terminados poderá ser automático cando nos metadatos do documento conste que pode permitirse o acceso inmediato a el. Cando os metadatos correspondentes non sexan cubertos ou indiquen a non procedencia do acceso inmediato ao documento, deberase cursar a oportuna solicitude para a súa resolución por parte do órgano ou unidade responsable do documento.
4. Os documentos electrónicos relativos a procedementos xa terminados, sempre que non se vexan afectados ás limitacións establecidas no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán ser obxecto de libre acceso pola cidadanía. Sempre que os recursos da Deputación o permitan, estableceranse os medios para que os metadatos dos documentos electrónicos

informen da presenza ou ausencia de restricións para o acceso, de modo que no segundo caso a consulta do documento pola cidadanía poida ser inmediata.

5. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, a cidadanía e as demais administracións públicas poderán solicitar o acceso a un documento ou expediente electrónicos á unidade administrativa responsable del. Cando a solicitude sexa aceptada, así como nos casos nos que o mencionado artigo 37 da Lei 30/1992 reserve o acceso ás persoas que cumpran determinadas condicións, poderase pór o documento ou expediente electrónicos a disposición por medios electrónicos, pero requirirase sempre a identificación previa de quen realice o acceso.
6. Os órganos e unidades administrativas con funcións de información á cidadanía e de inspección poderán acceder aos documentos e expedientes na medida en que resulte necesario para o exercicio das súas competencias. Así mesmo, cando medie unha causa lexítima, a unidade responsable poderá permitirlles a outras unidades administrativas da Deputación Provincial da Coruña a consulta do expediente ou documento.
7. Para dar valor por defecto nunha clase de documentos aos metadatos aos que se refiren os parágrafos 3 e 4 deste artigo utilizaranse as cualificacións contidas no catálogo unificado de procedementos, segundo o disposto nesta ordenanza.

#### **Artigo 52. Creación e finalidade do arquivo electrónico**

1. Créase o arquivo electrónico da Deputación Provincial da Coruña , dependente do Arquivo Provincial e co soporte técnico do órgano competente en materia de tecnoloxía.
2. A finalidade do arquivo electrónico da Deputación Provincial da Coruña é a recepción, almacenamento, preservación e consulta de documentos electrónicos, garantindo a autenticidade, integridade, confidencialidade, conservación, dispoñibilidade, trazabilidade e custodia destes, así como a non obsolescencia dos soportes e aplicacións utilizados.
3. O arquivo electrónico da Deputación Provincial da Coruña divídese en dúas unidades:
  1. O arquivo de xestión, que conserva os documentos de arquivo a partir do momento en que son transferidos desde a plataforma de tramitación e mentres manteñen o seu valor para a xestión administrativa.
  2. O arquivo central, que conserva os documentos de arquivo unha vez decaído o seu valor para a xestión administrativa, e encárgase da súa preservación e conservación a longo prazo.

#### **Artigo 53. Sinaturas de custodia**

1. Co fin de garantir a autenticidade e integridade do arquivo caberá realizar sinaturas de custodia sobre os documentos de arquivo, individual ou conxuntamente. Para estender o período de validez das sinaturas de custodia

caberá realizar un reselado periódico destas, mediante a actualización dos selos de tempo.

2. O arquivo electrónico rexistrará nos metadatos a incorporación de sinaturas de custodia e os seus procesos de reselado, identificando as sinaturas electrónicas avanzadas utilizadas e incluíndo a versión da declaración de prácticas de certificación do prestador de servizos de certificación que estivese vixente no momento de sinatura .
3. O Arquivo Provincial utilizará selos electrónicos da Deputación Provincial da Coruña nas operacións descritas no parágrafo 1 deste artigo e para calquera outra función do arquivo electrónico que precise da xeración de sinaturas electrónicas avanzadas en procesos automatizados.
4. As operacións descritas neste artigo realizaranse sen prexuízo das operacións de reselado que se poidan levar a cabo na plataforma destinada á conservación das sinaturas dos documentos electrónicos para preservar a súa validez.

## **Título VI. Actos de comunicación**

### ***Capítulo I. Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña***

#### **Artigo 54. Características e natureza do rexistro electrónico**

1. Configúrase, como rexistro auxiliar do Rexistro Xeral, o Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña .
2. O Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña estará permanentemente dispoñible na sede electrónica deste. Os formularios electrónicos e, no seu caso, as aplicacións informáticas que se faciliten á cidadanía para a iniciación de procedementos da súa competencia poderán enlazar directamente con el, sempre que se respecten todas as garantías e requisitos formais na entrega da documentación e na recepción da correspondente notificación de recibo .
3. O acceso ao Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña realizarase, en todo caso, baixo a cobertura do certificado de identificación de sede electrónica, de forma que resulte suficientemente garantida a confidencialidade dos documentos transmitidos.
4. O Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña estará exclusivamente habilitado para a recepción de documentos electrónicos dirixidos a órganos e unidades administrativos da Deputación Provincial da Coruña , así como para a remisión por estas de documentos electrónicos á cidadanía.
5. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, estableceranse as condicións organizativas e técnicas que posibiliten a interconexión do Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña con outros rexistros administrativos, para dar cumprimento ao establecido respecto do portelo único regulada no artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, así como aos convenios en vigor que a Deputación Provincial da Coruña teña ou poida asinar con outras Administracións públicas.

### **Artigo 55. Xestión do Rexistro electrónico**

A unidade administrativa a cargo do sistema de rexistro será responsable da supervisión dos documentos recibidos no Rexistro electrónico e, no seu caso, da clasificación, asignación de destino, incorporación de metadatos e outras operacións que proceda realizar, co apoio nos aspectos técnicos do órgano competente en materia de tecnoloxía.

### **Artigo 56. Información aos usuarios**

1. Na operatoria para o acceso ao Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña informárase á cidadanía, directamente ou mediante ligazóns a outras zonas da sede electrónica onde se recolla a información, dos seguintes aspectos:
  - a. A data e hora oficial.
  - b. Os requisitos técnicos para o acceso e a utilización do Rexistro electrónico.
  - c. Os sistemas de sinatura electrónica e clases de certificados electrónicos admitidos pola Deputación Provincial da Coruña e os prestadores de servizos de certificación que os expiden.
  - d. A relación actualizada de procedementos e trámites electrónicos dispoñibles, os seus formularios correspondentes e os documentos susceptibles de ser presentados.
  - e. O estado de funcionamento do sistema e, no seu caso, as paradas técnicas previstas. Nos supostos de interrupción non planificada, e sempre que sexa posible, o usuario visualizará unha mensaxe en que se comunique tal circunstancia.
2. Nos casos nos que se lles esixa aos usuarios o emprego de determinados formularios ou programas informáticos, estes estarán accesibles na operatoria de acceso ao Rexistro. En particular, cando se acheguen documentos electrónicos nun formato non preservable proporcionaranse servizos para a súa transformación a un formato preservable de forma previa á entrega.

### **Artigo 57. Requisitos para a admisión dos documentos**

1. En cada presentación ante o Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña deberá figurar polo menos un documento de presentación, que estará asinado mediante unha ou varias sinaturas electrónicas avanzadas, as cales deberán estar apoiadas por certificados que sexan admitidos pola Deputación Provincial da Coruña para o seu emprego nos procedementos administrativos electrónicos da súa competencia, de acordo co disposto nesta ordenanza. A validez destas sinaturas, verificada no momento da recepción, será requisito necesario para a admisión dos documentos presentados.
2. O documento de presentación poderá ir acompañado doutros documentos electrónicos anexos, debéndose facer constar expresamente no documento de



presentación o compromiso sobre a súa autenticidade no caso de que estes non sexan documentos electrónicos auténticos.

3. Cando se acheguen a través do rexistro electrónico documentos cuxo destino sexa un expediente xa iniciado deberá constar no documento de presentación o número de expediente ou, en caso de non coñecerse este, o número de rexistro obtido na presentación que deu inicio ao expediente.

#### **Artigo 58. Cómputo de prazos**

1. Para efectos do cómputo de prazos para o seu cumprimento polos interesados, serán considerados días inhábiles os así declarados para todo o territorio nacional, para a Comunidade Autónoma de Galicia e para o municipio da Coruña.
2. O inicio do cómputo dos prazos que afecten a Deputación Provincial da Coruña virá determinado pola data e hora de presentación de cada documento no Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña .

#### **Artigo 59. Rexistro de entrada de documentos**

1. En cada acto de presentación documental, e tras comprobar a sinatura ou sinaturas electrónicas do documento de presentación e a validez dos certificados que as apoien, o Rexistro electrónico admitirá os documentos practicando o oportuno asento de entrada. A operatoria do rexistro comprobará tamén as sinaturas dos documentos electrónicos auténticos anexos ao documento de presentación, de habelos. Conservaranse todas as sinaturas, xunto aos certificados que as apoien e as dilixencias de validación obtidas na consulta ao directorio de certificados revogados do prestador de servizos de certificación.
2. A seguir xerarase unha notificación de recibo, asinada co selo electrónico do Rexistro, que conterá unha copia do documento de presentación, o número de entrada no Rexistro electrónico, a data e hora da presentación efectiva do documento, os datos de identificación do asinante ou asinantes do documento de presentación e, no seu caso, a relación dos documentos anexos. A notificación de recibo será posta inmediatamente ao dispor do presentador, quen poderá descargarse unha copia verificable desta.
3. Cando na presentación se utilice un formulario, poderase incluír na notificación de recibo a identificación do tipo de documento presentado, a do órgano ou unidade administrativa de destino e a descrición sucinta do procedemento a que se refire. Se o escrito dá inicio a un novo procedemento, poderase dar ademais información sobre os prazos para a tramitación, o sentido do silencio administrativo e, se se asigna no mesmo acto, o número de expediente.
4. Cando o documento poida ser asignado a algunha das categorías predefinidas no catálogo unificado de procedementos, completaranse os metadatos cos valores definidos nel. En caso contrario cubriraos o persoal do rexistro, o cal designará tamén o órgano ou unidade de destino.

5. Unha vez completados os metadatos, automaticamente ou coa intervención do persoal do rexistro, reenviaranse inmediatamente os documentos admitidos aos seus destinatarios.

#### **Artigo 60. Rexistro de saída de documentos**

1. As unidades administrativas da Deputación Provincial da Coruña presentarán no rexistro electrónico os documentos electrónicos auténticos que vaian ser remitidos a outras administracións públicas ou á cidadanía, e aqueloutros que dispoña a normativa administrativa.
2. O rexistro electrónico comprobará as sinaturas electrónicas dos documentos presentados e a validez dos certificados que as apoien, e practicará o oportuno asento de saída.
3. Unha vez posto un documento electrónico ao dispor dos destinatarios, no caso da notificación por medios electrónicos, ou do correspondente servizo de notificacións, nos demais casos, enviaráselle ao remitente un xustificante deste feito, asinado co selo electrónico do Rexistro electrónico e que conterá o número de saída, a data e hora da posta a disposición, a forma de comunicación ou notificación, os datos de identificación do destinatario e do asinante ou asinantes do documento e, no seu caso, a relación dos documentos anexos.

#### **Artigo 61. Denegación do rexistro**

1. O Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña rexeitará toda presentación que non estea apoiada por unha sinatura electrónica válida, segundo os criterios definidos nesta ordenanza, así como aquelas que conteñan ficheiros cuxo formato non se axuste ás especificacións técnicas do Rexistro ou que presumiblemente poidan conter código malicioso ou calquera outro mecanismo que poida provocar anomalías ou fallos no funcionamento de Rexistro, ou supoña un risco para a integridade ou seguridade dos sistemas de información provinciais.
2. Nos casos dispostos no parágrafo anterior, así como cando se detecten anomalías técnicas na transmisión telemática dos documentos electrónicos, o Rexistro Electrónico da Deputación Provincial da Coruña non admitirá ningún dato, pondo dita circunstancia en coñecemento do presentador, mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á emenda do envío, e conservando un rexistro da incidencia nun ficheiro para o efecto .

### ***Capítulo II. Acheга presencial de documentos***

#### **Artigo 62. Presentación de documentos electrónicos de forma presencial**

1. A Deputación Provincial da Coruña poderá admitir a presentación de documentos electrónicos nos rexistros presenciais, sempre que se entreguen nun medio de almacenamento xeralmente utilizado e que sexan facilmente localizables nel. Previamente, tanto o medio de almacenamento como os

proprios documentos electrónicos serán analizados para garantir a ausencia de código malicioso ou susceptible de afectar á integridade ou seguridade dos sistemas de información provinciais.

2. O persoal do rexistro que reciba os documentos procederá á súa presentación utilizando a aplicación do rexistro. Cando sexa precisa a sinatura do documento de presentación, o presentador, se dispón de medios de identificación e autenticación, realizará a presentación por si mesmo utilizando a aplicación do rexistro, en caso contrario poderá ser substituído do modo descrito nesta ordenanza.
3. Cando o presentador achegue a copia electrónica dun documento auténtico e presente o orixinal ou unha copia auténtica en soporte papel para o seu cotexo, o persoal do Rexistro poderá autenticar a copia electrónica achegada e proceder a seguir á súa presentación. No caso de que coa copia electrónica achegada non quedase garantida a calidade e uniformidade esixida para os procedementos de dixitalización de documentos, escanearase o documento orixinal ou copia auténtica en soporte papel.

#### **Artigo 63. Presentación de documentos en soporte papel**

1. Cando se presenten no rexistro documentos en soporte papel, o persoal deste realizará copias electrónicas auténticas deles mediante o procedemento descrito nesta ordenanza, e procederá á súa presentación a través da aplicación do rexistro, seguindo o procedemento disposto no parágrafo 2 do artigo anterior.
2. Neste caso, así como no suposto do parágrafo 3 do artigo anterior, os documentos en soporte papel poderán ser devoltos ao presentador, salvo que a normativa reguladora do procedemento dispoña o contrario.

#### **Artigo 64. Presentación de documentos complementarios**

A achega de documentación relativa a un expediente iniciado a instancia de parte a través do rexistro electrónico e que non poida ser obxecto de presentación nel, por razóns técnicas ou por ser preciso o cotexo co orixinal, poderá realizarse mediante presentación nos rexistros presenciais. Neste caso, terase como data de inicio do procedemento a da presentación inicial no rexistro electrónico, sempre que a presentación dos documentos complementarios se faga dentro do prazo disposto para a admisión do escrito inicial ou no dado para a emenda de defectos.

#### **Artigo 65. Presentación de documentos por medios alternativos ao rexistro**

1. Cando de acordo co disposto no parágrafo 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, preséntense documentos por medios alleos ao Rexistro da Deputación Provincial da Coruña, este procederá no momento da súa recepción de acordo co disposto nos artigos anteriores, adoptando as medidas necesarias para que as datas que se incorporen aos seus sistemas de xestión sexan as correspondentes ás de presentación orixinaria.

2. Os interesados poderán achegar documentos a un expediente xa iniciado directamente ante a unidade responsable del, nas formas establecidas nos artigos 62 e 63, procedendo a persoa empregada da Deputación que os reciba ao seu rexistro mediante a opción prevista para o efecto na plataforma de tramitación.

### ***Capítulo III. Comunicacions e notificacións***

#### **Artigo 66. Envío de comunicacions por vía electrónica**

1. Para a prestación de servizos á cidadanía, a Deputación Provincial da Coruña poderá remitir comunicacions mediante o envío de correos electrónicos ou mensaxes SMS, MMS ou similares ao enderezo ou número de teléfono previamente facilitados.
2. Cando as comunicacions mencionadas no parágrafo anterior se envíen de forma masiva ou periódica, a Deputación Provincial da Coruña deberá solicitar o consentimento para o envío das devanditas mensaxes e facilitar un medio sinxelo e gratuíto para a revogación do devandito consentimento, sobre o que se informará expresamente no caso dos correos electrónicos.
3. Cando as súas características así o aconsellen, as mensaxes poderán ir asinadas cun selo electrónico da Deputación Provincial da Coruña no caso de envíos masivos, ou cun certificado de empregado cando unha persoa física responda especificamente do seu contido.

#### **Artigo 67. Forma de notificación**

1. Os documentos en virtude dos cales se inicie un procedemento a instancia de parte conterán un apartado no que o interesado elixirá expresamente a opción preferida para a práctica das notificacións nese procedemento concreto. Caberá a posibilidade de cambiar esta opción na carpeta cidadá en calquera momento da tramitación do procedemento.
2. A carpeta cidadá permitirá así mesmo optar por unha forma de notificación para a súa aplicación en todos os eventuais procedementos en que o interesado sexa parte.

#### **Artigo 68. Notificacións electrónicas**

1. As notificacións electrónicas son documentos electrónicos auténticos asinados cun selo electrónico da Deputación Provincial da Coruña, sen prexuízo das sinaturas electrónicas que, no seu caso, poidan levar incorporadas os seus documentos anexos.
2. A Deputación Provincial da Coruña conservará as notificacións electrónicas e, cando a súa comunicación ao interesado se realice por medios electrónicos, porá á súa disposición un duplicado, cuxa autenticidade poderá verificarse na propia carpeta cidadá, así como unha copia verificable, que o destinatario poderá descargar, conservar e imprimir. Cando a notificación se practique en soporte

papel, a Deputación Provincial da Coruña remitiralle ao interesado unha copia verificable impresa.

#### **Artigo 69. Práctica da notificación por medios electrónicos**

1. A Deputación Provincial da Coruña remitirá as notificacións por medios electrónicos a quen opte por esta forma de notificación e a quen, segundo o disposto nesta ordenanza, estea obrigado á utilización de medios electrónicos nas súas comunicacións con aquel.
2. Unha vez practicado o asento de saída segundo o disposto no artigo 60 desta ordenanza, a posta a disposición realizarase na carpeta cidadá do destinatario.
3. No momento da posta ao dispor da notificación enviaráselle ao destinatario un aviso a través de, polo menos, un dos sistemas de comunicación dispostos no artigo 66 desta ordenanza. O aviso de notificación conterá unha ligazón á carpeta cidadá do destinatario da notificación. Para os efectos do disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a posta ao dispor da notificación entenderase cumprida co envío deste aviso.
4. Na carpeta cidadá mostrarase de forma destacada a existencia de notificacións pendentes, indicándose así mesmo claramente que o acceso ao documento implica a notificación do seu contido.
5. Como paso previo á visualización do contido da notificación o destinatario deberá asinar unha notificación de recibo cunha sinatura electrónica avanzada. A notificación de recibo será enviada ao órgano administrativo ou entidade remitente da notificación para a súa incorporación ao expediente correspondente. Aos efectos do disposto no parágrafo 3 do artigo 28 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, o acceso ao contido da notificación entenderase producido no momento da sinatura da notificación de recibo.
6. A operatoria de notificacións permitiralle ao destinatario visualizar a notificación e, no seu caso, os documentos adxuntos, verificar as sinaturas electrónicas que os acompañen, e descargar todo iso nun terminal.

#### **Artigo 70. Comunicacións internas**

1. Con carácter xeral, as comunicacións entre órganos e unidades administrativas da Deputación Provincial da Coruña efectuaranse utilizando os medios electrónicos especificamente habilitados para iso e de acordo coas instrucións dadas para o efecto, sen necesidade de intervención do sistema de rexistro da Deputación Provincial da Coruña .
2. O catálogo unificado de procedementos indicará os requisitos formais precisos en cada acto de comunicación asociado a un procedemento, e a plataforma de tramitación electrónica gardará constancia conforme estas especificacións.
3. As comunicacións distintas das contempladas no parágrafo anterior efectuaranse preferentemente a través de notas internas e, cando a xuízo do órgano ou unidade remitente sexa precisa a constancia da recepción da

comunicación polo órgano ou unidade destinataria, solicitarase desta a oportuna notificación de recibo, a cal deberá ser elaborada no acto, asinada cun selo electrónico do órgano ou unidade destinataria ou coa sinatura electrónica avanzada dun dos membros desta, segundo proceda, e enviado ao remitente polo mesmo medio polo que se recibiu a comunicación.

## **Título VII. Tramitación electrónica de procedementos**

### ***Capítulo I. Tramitación electrónica***

#### **Artigo 71. Formación de expedientes electrónicos**

1. Os documentos correspondentes a un determinado procedemento agruparanse nun expediente electrónico, ao que se unirán secuencialmente conforme vaian sendo xerados ou recibidos pola Deputación Provincial da Coruña .
2. Os expedientes electrónicos disporán dun conxunto de metadatos, entre os que se atopará un código identificativo único que será constante ao longo de toda a vida do expediente.
3. Todos os expedientes electrónicos disporán dun índice electrónico, ao que se incorporarán todos os documentos unidos a el por estrita orde de chegada, e cuxa autenticidade e integridade se garantirán mediante unha sinatura electrónica avanzada, realizada cun selo electrónico da Deputación Provincial da Coruña .
4. Unha vez incorporado un documento electrónico auténtico a un expediente electrónico non poderá ser modificado ou eliminado baixo ningún concepto.

#### **Artigo 72. Requisitos dos procedementos administrativos electrónicos**

1. Nos procedementos tramitados en soporte electrónico garantirase a identificación e o exercicio da competencia por parte do órgano recoñecido como competente en cada caso.
2. Os actos administrativos e as resolucións ditadas pola Deputación Provincial da Coruña e as comunicacións coa cidadanía realizadas por medios electrónicos deberán cumprir os requisitos de seguridade, integridade e conservación dispostos no artigo 45.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os dispostos na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
3. A plataforma de tramitación deberá garantir o control dos prazos, a constancia da data e a hora das actuacións e a identificación dos responsables destas, así como o respecto á orde de tramitación dos expedientes.
4. A plataforma de tramitación avisará aos seus usuarios do transcurso dos prazos correspondentes ao procedemento, non podendo realizar ningunha acción de forma automatizada debida ao vencemento destes.
5. A plataforma de tramitación distinguirá os perfís de usuario que sexan precisos para a adecuada ordenación das funcións dos intervinientes na tramitación,

delimitando en función destes as operacións que se han realizar sobre os expedientes.

6. Os órganos administrativos deberán garantir que os dereitos de audiencia aos interesados e de información pública se poidan exercer, cando cumpra, a través de medios electrónicos.

### **Artigo 73. Información aos interesados**

1. Os interesados, despois da identificación, poderán obter información sobre o estado de tramitación dos procedementos administrativos nos que sexan parte. A información sobre o estado de tramitación do procedemento comprenderá, en todo caso, a relación dos actos de trámite realizados, con indicación do seu contido e da data en que se ditaron. Cando os metadatos dos documentos electrónicos do expediente así o indiquen, de acordo co disposto no parágrafo 3 do artigo 51 desta ordenanza, permitírase ademais o acceso ao seu contido.
2. A Deputación poderá remitir-lles aos interesados avisos sobre o estado da tramitación a través dos medios de comunicación dispostos no artigo 66 desta ordenanza.

### **Artigo 74. Iniciación de procedementos electrónicos a instancia de parte**

1. Os procedementos administrativos poderán ser iniciados a instancia de parte mediante a presentación no rexistro electrónico dun documento de iniciación, que poderá ser unha solicitude, comunicación ou declaración responsable. Para ese efecto, a Deputación Provincial da Coruña porá ao dispor dos interesados os formularios correspondentes aos distintos procedementos definidos no catálogo unificado de procedementos, segundo o disposto nos artigos 11 e 56 desta ordenanza, e, para os demais casos, un formulario de carácter xenérico denominado instancia xeral.
2. A instancia xeral deberase asinar sempre cunha sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido. Nos demais formularios caberá utilizar outros medios de identificación e de acreditación da vontade, en función do establecido no catálogo unificado de procedementos, e sempre que se cumpra co disposto no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Artigo 75. Instrución de procedementos electrónicos modelizados**

1. Enténdese por procedementos electrónicos modelizados aqueles cuxa definición se introduciu na plataforma de tramitación de forma que esta contén o fluxo básico do procedemento, con todos os seus trámites e os prazos correspondentes, así como os modelos dos informes e resolucións relativas ao procedemento.
2. O documento de iniciación dun procedemento modelizado requirirá ao presentador a achega de todos os documentos necesarios, aínda que poderá

tramitarse faltando algúns deles, sempre que estes non sexan requisito imprescindible para a admisión. Neste suposto a plataforma avisará os tramitadores da falta de documentos, para o efecto de requirir ao cidadán a correspondente emenda. Así mesmo, poderá incluírse na notificación de recibo que se lle expida ao presentador un aviso coa relación dos documentos que falten, aínda que este non terá efectos de notificación.

3. Unha vez admitido o documento de iniciación, cando o procedemento o permita en función do disposto no catálogo unificado de procedementos, o procedemento iniciarase automaticamente, asignando a plataforma de tramitación un número ao expediente, completando os metadatos que correspondan e remitindo o escrito de iniciación e os documentos que o acompañen ao órgano ou unidade administrativa competente para a instrución. O número de expediente poderá incluírse na notificación de recibo expedido ao presentador, comunicándose en caso contrario aos interesados no primeiro acto de comunicación a que dea lugar o procedemento.
4. O expediente será asignado a un dos membros da unidade administrativa competente, que se encargará da realización do trámite. Unha vez dado por finalizado este, o responsable da unidade ou outro membro dela competente para iso asinará cunha sinatura electrónica avanzada o acto ou resolución correspondente ao trámite, o cal será conservado no expediente, e a tramitación seguirá automaticamente o fluxo previamente definido, comezando o seguinte paso na unidade administrativa correspondente.
5. No caso de que o órgano ou unidade administrativa competente considere preciso engadir algunha tarefa ao procedemento modelizado, poderá facelo a través da propia plataforma de tramitación, quedando constancia nesta de tal circunstancia.

#### **Artigo 76. Instrución de procedementos electrónicos non modelizados**

1. Os procedementos non modelizados son aqueles nos que non existe unha definición previa de trámites, documentos e outros aspectos esenciais destes. Nestes procedementos, o documento de presentación permitirá anexar todos os documentos que o presentador considere oportunos, debendo este etiquetalos cunha descrición expresiva da súa natureza e contido.
2. Una vez recibido o documento de presentación, o persoal do Rexistro examinarao e asignarao á unidade administrativa que, ao seu xuízo, resulte competente.
3. Unha vez cualificada a natureza do procedemento, o órgano ou unidade administrativa competente daralle inicio, asignándolle un número de expediente e completando os metadatos deste. Cando o documento de presentación non dea lugar ao comezo dun procedemento e non proceda realizar ningunha tarefa na súa virtude archivarase directamente. No caso de que proceda a realización dunha ou máis tarefas, executaranse estas e archivarase o seu resultado, indicándose expresamente na plataforma de tramitación a finalización das tarefas derivadas do documento cando esta se produza.



4. Para a tramitación do expediente procederase do modo visto no parágrafo 4 do artigo anterior e unha vez finalizado un trámite definirase manualmente o seguinte.

#### **Artigo 77. Elaboración de notificacións**

1. Cando sexa preciso notificar un acto do procedemento, elaborárase a notificación sobre a base dos modelos contidos na plataforma de tramitación. Dita plataforma incluírá automaticamente como destinatarios da notificación os interesados no procedemento en cuestión, podéndose engadir máis destinatarios se así se considera oportuno.
2. Unha vez elaborada a notificación, esta será enviada ao rexistro pola plataforma de tramitación, e será posta ao dispor dos destinatarios por medios electrónicos ou ben remitida ao correspondente servizo de notificacións, segundo corresponda de acordo co disposto no artigo 69 desta ordenanza.
3. Cando a notificación se practique por vía postal ou de modo presencial, incorporárase ao expediente electrónico a copia electrónica auténtica do documento xustificante en soporte papel, e cando se practique por medios electrónicos unírase a notificación de recibo electrónico asinado polo destinatario.
4. Sen prexuízo do establecido no parágrafo cuarto do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no parágrafo terceiro do artigo 28 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, nos supostos de rexeitamento a notificación caberá recorrer á publicación desta no taboleiro de edictos electrónico da Deputación Provincial da Coruña .
5. Cando a notificación dunha determinada actuación non sexa legalmente esixible, a Deputación Provincial da Coruña poderá comunicarse cos interesados utilizando os medios dispostos no artigo 66 desta ordenanza.

#### **Artigo 78. Terminación de procedementos electrónicos**

1. O procedemento electrónico terminará por resolución que lle poña fin a este, por desistencia ou renuncia do interesado ou por caducidade do expediente. En todo caso, a terminación deberá facerse constar expresamente na plataforma de tramitación e nos metadatos do expediente, para os efectos dispostos nesta ordenanza e, en particular, para a apertura do acceso da cidadanía ao expediente e para o computo do prazo para o traslado del ao arquivo.
2. Cando sexa preceptivo o traslado de documentos do expediente e, en particular, dos que deban figurar nos libros de resolucións e nos libros de actas, este practícarase mediante a remisión de notificacións por medios electrónicos aos órganos, unidades ou administracións públicas destinatarias.

## **Disposicións transitorias**

### ***Primeira. Procedementos en curso***

Esta ordenanza aplicarase unicamente aos procedementos iniciados con posterioridade á súa entrada en vigor.

### ***Segunda. Adaptación de operatorias electrónicas que non se axusten á ordenanza***

Aquelas operatorias electrónicas que no momento de entrada en vigor desta ordenanza estean a realizarse dun modo distinto ao disposto nela deberán adaptarse ás súas disposicións nun prazo non superior a dous anos. O órgano competente elaborará un plan para a adaptación, determinando as medidas necesarias e o prazo estimado para a súa implementación.

## **Disposición derogatoria**

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, queda derogada a normativa anterior referente ao rexistro telemático da Deputación Provincial da Coruña regulado no Capítulo V da ordenanza reguladora dos servizos de rexistro, información administrativa e atención ao cidadán. Así mesmo, quedan derogadas todas as circulares, disposicións e resolucións que fosen ditadas con anterioridade, no que se opoñan ao establecido na presente ordenanza.

## **Disposicións finais**

### ***Primeira. Seguimento e implantación da ordenanza***

***Correspóndelle ao órgano competente en materia de tecnoloxía proporlles aos órganos de goberno da Deputación Provincial da Coruña as accións de desenvolvemento, seguimento e avaliación da aplicación desta ordenanza***

### ***Segunda. Incorporación de novos procedementos e trámites***

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, calquera regulación que se efectúe de novos procedementos e trámites administrativos, ou modificación dos existentes, deberá prever a posibilidade da súa tramitación por medios electrónicos e axustarse ás condicións e aos requisitos dispostos nesta ordenanza.

### ***Terceira. Adaptación da normativa da Deputación***

A Deputación Provincial da Coruña adaptará a súa normativa ás previsións desta ordenanza no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

#### ***Cuarta. Habilitación para determinadas funcións***

Nos supostos de presentación de documentos no Rexistro os empregados da Deputación asignados a el estarán habilitados para suplir cos seus propios medios de identificación e autenticación á cidadanía, segundo o disposto no artigo 34 desta ordenanza, e para a realización de copias electrónicas auténticas. Os demais empregados da Deputación estarán habilitados para as ditas funcións sempre que os documentos teñan como destino expedientes dos que sexa responsable o órgano ou unidade administrativa á que pertencen. “

### **29.-APROBAR A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO BOLETÍN OFICIAL PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5 da Ordenanza reguladora do Boletín Oficial da Provincia da Coruña que queda redactado nos seguintes termos:

#### **Artigo 5.- Características**

1. Cada número do BOP constará de:

- Un sumario do seu contido, en formato pdf e asinado electronicamente, para garantir a integridade e inalterabilidade do conxunto da edición do día, de acordo coa seguinte estrutura:

I.- Administración central

II.- Administración electoral

III.- Administración autonómica

IV.- Administración local

V.- Administración de Xustiza

VI.- Outras entidades e anuncios particulares- Os anuncios relacionados no sumario, que teñen entidade propia e publícanse de forma individual, en formato pdf e asinados electronicamente.

2. En cada páxina dos anuncios, así como do sumario, figurará:

- O número do exemplar, que será correlativo desde o comezo de cada ano.

- A data de publicación.

- O número de páxina correlativo individual de cada documento.

- O código de verificación que permita contrastar a súa autenticidade.

2º.- Abrir un prazo de información pública de trinta días, dándolle audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións.

3º.- Entender que a aprobación inicial é definitiva, no caso de que, transcorrido o período de información pública, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

4º.- Esta modificación da ordenanza, de conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, entrará en vigor aos quince días hábiles contados a partir do día seguinte á súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

### **30.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 2205 SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO Á PEDRA P.Q. 0+000 A 1+560 CEDEIRA (0911100009.1).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora da seguridade viaria na DP 2205 Santo André de Teixido á Pedra p.q. 0+000 ao 1+560 (Adx 18), Cedeira (Código do proxecto reformado 0911100009.1) polo seu orzamento de contrata de 695.970,57 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 114.528,97 euros (IVE 16%) e de 116503,61 euros (IVE 18%)

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, S.A. (A33509282), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo presuposto de adxudicación de 556.776,46 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 91.623,18 euros (IVE 16%) e de 93202,89 euros (IVE 18%)

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.949,28 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 23.998,99 euros.”

### **31.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2011 3ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: PROXECTO ACTUALIZADO DO**

**PROXECTO MODIFICADO DP 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO (SEGUNDA FASE) BERGONDO. CÓDIGO 1111300003.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2011 3ª FASE cun orzamento total de 446.677,00.- euros e que son as que a seguir se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO ACTUALIZADO DO PROXECTO MODIFICADO DP 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO (SEGUNDA FASE), (BERGONDO) 1111300003.0	446.677,00

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

2) Remitir o citado proxecto ao Concello para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

**32.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2011 1ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DP 3801 SIGÜEIRO A SAN MAURO P.Q. 8+040 AO 8+900 (OROSO). CÓDIGO 1111300001.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2011 1ª FASE integrado polos proxectos que a seguir se relacionan, cun orzamento total de 416469,80.- euros e que a seguir se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 3801 SIGÜEIRO A SAN MAURO p.q. 8+040 A 8+900 (OROSO). 1111300001.0	416.469,80

2.- Expor ao público unha vez aprobado provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e o proxecto que o integra no caso de non presentarse reclamacións.”

**33.-CONCESIÓN DUNHA PRÓRROGA AO CONCELLO DE SANTIAGO PARA QUE REMITA A DOCUMENTACIÓN DA BASE 3.2 DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011 PARA O PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO TRAVESÍA NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS P.Q. 3,52 A 4,00. SANTIAGO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder unha prórroga de corenta días para que o Concello de SANTIAGO remita a documentación da base 3.2. DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011 (COMPLEMENTARIO DO PROXECTO TRAVESÍA NA D.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS PQ 3,52 AO 4,00 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)) e que literalmente di:

*A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.*

*A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.*

*Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.*

*B) Certificación do Pleno da corporación municipal na que consten os seguintes acordos:*

*a) Aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*

*b) Conformidade coas presentes bases.*

*c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*

*d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.*

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez cuberto o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.”

**34.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011 TERCEIRA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DP 9302 DE SANTO ADRIÁN A ZAS. ZAS. CÓDIGO 1111700003.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2011 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 149.984,76 .- euros, que a seguir se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DP 9302 DE SANTO ADRIÁN A ZAS (ZAS). 1111700003.0	149.984,76
TOTAL	149.984,76

2) Expor ao público o proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerárase definitivamente aprobado.”

**35.-MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 25 DE FEBREIRO DE 2011, RELATIVO Á APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA P.Q. 31+230 AO 31+510 (TRAMO 1), INCLUÍDO NA 4ª FASE DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de febreiro de 2011 relativo á aprobación do proxecto Reformado da obra de acondicionamento DP 3404 Serra de Outes a Dumbría (Código 09.1110.0005.1) motivado polo incremento ao 18% de IVE no sentido que:

Onde di: “...polo seu orzamento de contrata de 439.603,77 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 67.976,33 euros”

Debe dicir “...polo seu orzamento de contrata de 439.603,77 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 69.148,34 euros”

E

Onde di “...un novo orzamento de adjudicación de 278.440,64 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 43.055,53 euros”

Debe dicir “... Un novo orzamento de adjudicación de 278.440,64 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 43.797,87 euros”

**36.-DAR POR REALIZADA A FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO: ACONDICIONAMENTO DA DP 4904 DAS SOMOZAS A BALOCOS POR MOECHE, P.Q. 7 AO 8 (MOECHE). RATIFICAR A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE EXPROPIACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.Dar por cuberta a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto ACONDICIONAMENTO DA DP 4904 DE SOMOZAS A BALOCOS POR MOECHE PQ 7 AO 8 (MOECHE)

2.Ratificar a solicitude de declaración de urxente "expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

*Con data de hoxe a estrada provincial DP-4904, obxecto do presente proxecto, consta dunha plataforma total de 6 a 7 m. de anchura, composta por mestura asfáltica existente, e gabias laterais en terras.*

*Fixase como obxecto do presente proxecto, a ampliación da plataforma existente na DP-4904, pasando da sección de 6/7 m. a unha sección de 10 m., composta por carrís de 3,50 m, beiravías de 1,00 m. e bermas laterais de 0,50 m.*

*Doutra banda contéplase a mellora do trazado existente en planta, mellorando as curvas existentes no tramo considerado, e executando unha nova glorieta que sirva de acceso ao futuro parque empresarial de Balocos e de igual forma conecte o núcleo de San Ramón de Moeche a través dunha pista municipal existente.*

*Esta nova glorieta terá un diámetro exterior de 34,60 m., e estará formada por dous carrís de 4,00 m. de ancho, beiravía interior de 0,50 m., beiravía exterior de 1,00 m. e berma lateral de 0,50 m.*

*Tanto no tronco da estrada DP-4904, como na nova glorieta que se ha executar, realizouse un exhaustivo estudo de tráfico para o dimensionamento dos novos firmes proxectados, considerando o tráfico inducido na DP-4904 como consecuencia do futuro parque empresarial de Balocos.*

*Proxéctase a execución de novas gabias laterais en terras ou revestidas (en función da pendente do terreo), en forma triangular de 0,40 m. de altura e noiros 3/2 e 1/1, seguindo a tipoloxía de gabias xa executadas en tramos contiguos.*

*No principio da actuación, atópase un paso existente sobre a liña de ferrocarril de FEVE, o cal ten unha sección formada por dous carrís de aproximadamente 3,15 m., beiravías de 0,50 a 0,75 m. e beirarrúas en beiril de aproximadamente 1,00 de anchura.*

*Coa ampliación de firme preténdese crear dous carrís de 3,50 m. e beiravías laterais de 0,50 m., para reducir o efecto parede, o que se consegue retranqueando a bionda existente e colocándoa nas actuais beirarrúas en beiril.*



*Como consecuencia desta ampliación do firme no paso sobre a liña de FEVE, fanse impracticables as beirarrúas actuais, polo que se proxecta a colocación dunha pasarela metálica de 30 m de longo e 1,80 m. de anchura útil, na marxe dereita da ponte actual separado das actuais beirarrúas aproximadamente 0,55 m*

*Como actuacións complementarias contémpase a sinalización horizontal e vertical en todo o ámbito da actuación e a reposición de todos os servizos afectados pola actuación.*

*Ao producirse un aumento no ancho da plataforma do viario, foi necesaria a consideración da construción dun muro de contención na marxe dereita entre os p.q. 0+050 e 0+075.*

*Proxéctase un muro de formigón composto por punteira e talón con alzado medio de 3,00 m. de altura.*

*Na actualidade pola marxe dereita do tramo obxecto do presente proxecto discorre unha condución de auga potable de PVC de 160 mm. de diámetro, a cal se sitúa na actual gabia en terras, polo que é previsible que co novo paquete de firmes sexa afectada en toda a súa lonxitude. Prevese a súa reposición mediante unha tubaxe de polietileno de 160 mm. de diámetro.*

*Considérase tamén a reposición de varios cruzamentos e interseccións existentes que parten da tubaxe mencionada anteriormente, e que están formadas por tubaxes de PVC Ø110 mm. A reposición destas conducións prevese en polietileno de 110 mm. de diámetro.*

*En todos os cruzamentos reforzaranse as novas tubaxes proxectadas mediante unha laxa de formigón en masa de 10 cm. de espesor, tal como se detalla no documento nº 2: planos.*

*Finalmente considéranse novas arquetas de rexistro, para a inspección e mantemento das novas redes proxectadas.*

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

### **37.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E NOVA CAPA DE RODAXE NAS DP 1706, DP 5807 E DP 7507. CAMBRE, OLEIROS E SADA (0911000033.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o proxecto reformado de mellora da seguridade viaria e nova capa de rodaxe nas estradas DP 1706, DP 5807 e DP 7507 Cambre Oleiros e Sada polo seu orzamento de contrata de 418.643,78 euros que non supón incremento ningún respecto ao primitivo.

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L. C.I.F. B15289614 as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 296.702,00 euros, que non representa incremento ningún respecto ao primitivo

3º.- Non existindo alteración do valor do contrato é innecesario o incremento das fianzas constituídas.”

**38.-INFORME FINAL OU RESUMO DE ACTUACIÓNS NA EXECUCIÓN DO PLAN DE AUDITORÍAS PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIONS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO 2009 E PROPOSTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS SUBVENCIONS PAGADAS NO EXERCICIO 2010.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

**“PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento das recomendacións realizadas no informe da Intervención, especialmente aquelas que son novidade con respecto aos exercicios anteriores, como é a conveniencia de que se determine con maior precisión o obxecto subvencionable nas subvencións concedidas para actividades culturais e deportivas.

**SEGUNDO.-** Dándolle cumprimento ao previsto na base 60ª das de execución do orzamento para o exercicio 2011, aprobar un novo Plan de auditorías con respecto ás subvencións aboadas no exercicio 2010, que cos parámetros e criterios previstos no apartado 5º do informe da Intervención, quedará do seguinte xeito:

- **UNIVERSO:** Está formado por todas as subvencións aboadas no exercicio 2010 con cargo aos capítulos 4º e 7º do Estado de gastos, excluíndose unicamente nas que o beneficiario sexa unha entidade pública (o anexo III do informe da Intervención contén unha listaxe das 2.680 entidades beneficiarias de carácter privado, ordenadas de maior a menor importe),
- **ESCOLLA DA MOSTRA:** Sobre o universo definido anteriormente, a escolla realizarase co seguinte detalle:

<b>TRAMO</b>	<b>INTERVALO</b>	<b>Nº EXPEDIENTES DO TRAMO</b>	<b>PORCENTAX DE CONTROL (%)</b>	<b>Nº DE EXPEDIENTES QUE SE HAN CONTROLAR</b>
1º	1-10	10	50	5
2º	11-110	100	25	25
3º	111-1110	1000	10	100
4º	1111-2680	1570	5	78
<b>TOTAL:</b>		2.680		208

A selección dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade estratificada, en

presenza do secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto redactando a correspondente acta.

**TERCEIRO.-** Para o control dos expedientes nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación achegada coma xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención, seguirase o procedemento abreviado previsto no informe-proposta de Intervención, omitíndose a dilixencia de comparecencia e o exame dos libros contables da entidade. Agora ben, se unha vez examinada a documentación achegada non quedase suficientemente acreditada a correcta aplicación dos fondos públicos, completárase o expediente coa realización das actuacións omitidas.

**CUARTO.-** Se con motivo da tramitación dun expediente se constatasen irregularidades que puidesen afectar a outras subvencións concedidas á mesma entidade beneficiaria, o actuario responsable porá de manifesto esta circunstancia e, unha vez emitido o preceptivo informe pola Intervención, mediante resolución da Presidencia poderanse estender as actuacións a todas as subvencións concedidas á mesma entidade sobre as que non se teña producido a prescrición das accións correspondentes.

### **39.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA DO EXERCICIO 2010.**

Toma de coñecemento da liquidación do orzamento do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña do exercicio 2010.

### **40.-DAR CONTA DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2010 DA UNIDADE INSTITUCIONAL QUE CONFORMA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na Unidade Institucional “Deputación Provincial da Coruña” cos datos obtidos das liquidacións dos orzamentos e dos estados financeiros do exercicio 2010, para dar cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

O informe citado pon de manifesto os seguintes resultados:

**CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO TOTAL POR AXENTES**

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	DEPUTACIÓN	CONSORCIO	FAEPAC	AXUSTES (*)	Totais consolidados
INGRESOS NON FINANCEIROS	157.771.872,14	8.951.262,13	248.602,37	-3.765.858,09	163.205.878,55
GASTOS NON FINANCEIROS	199.253.525,47	9.131.971,76	212.003,57	-2.851.713,22	205.745.787,58
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO	-41.481.653,33	-180.709,63	36.598,80	-914.144,87	-42.539.909,03
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
INGRESOS FINANCEIROS	9.704.756,90	0,00	0,00	0,00	9.704.756,90
GASTOS FINANCEIROS	14.199.376,66	0,00	0,00	0,00	14.199.376,66
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO	-4.494.619,76	0,00	0,00	0,00	-4.494.619,76
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO TOTAL	-45.976.273,09	-180.709,63	36.598,80	-914.144,87	-47.034.528,79

(\*) Dedúcese 2.851.713,22 € por transferencias correntes: ao consorcio 2.751.713,22 € e á fundación 100.000,00 €.

(\*) Minórase o importe total en 3.665.858,09 €, dereitos recoñecidos transferencia provincial do exercicio 2010 ao consorcio.

(\*) Minórase o importe total en 100.000,00 €, achega provincial do exercicio 2010 á fundación.

No entanto resulta necesario efectuar tres consideracións relevantes:

Primeira.- A necesidade de financiamento expresado é consecuencia da utilización do remanente de Tesourería positivo do exercicio 2009 como fonte de financiamento de novos gastos que alcanzaron a situación de obrigas recoñecidas durante o exercicio 2010. Se se exclúen do cómputo total as obrigas recoñecidas no exercicio 2010 que se financiaron con remanente de Tesourería do exercicio 2009, o resultado sería dunha capacidade neta de financiamento total de 11.038.113,80 € conforme ao seguinte detalle:

Deputación..... 9.665.377,83 €  
 Consorcio..... 1.336.137,17 €  
 FAEPAC..... 36.598,80 €

Segunda.- A Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local aínda non adoptou o acordo correspondente para a determinación do límite do déficit das entidades locais dentro do que estas non terán que preparar, achegar ou someter a aprobación plans económico-financeiros de reequilibrio como consecuencia da liquidación dos orzamentos xerais das entidades locais do exercicio 2010.

Terceira.- No primeiro trimestre do exercicio 2011 a corporación provincial adoptou distintos acordos de relevancia futura para a estabilidade orzamentaria provincial:

-Substituíuse a apelación ao crédito prevista no orzamento do exercicio 2011 para financiar investimentos, polos recursos propios que implica o remanente de Tesourería do exercicio 2010 ata o seu total importe,

9.000.000,00 €. De tal forma que a Deputación renuncia no presente exercicio a concertar novas operacións de crédito.

-Incrementouse a dotación orzamentaria inicial para a amortización de préstamos concertados, por importe de 1.326.530,60 €.”

**41.-DAR CONTA DOS INFORMES SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS RECIBIDAS CON ANTERIORIDADE AO 1 DE XANEIRO DE 2011, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 3/2004 POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163 DE 6 DE XULLO DE 2010).**

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Se me permiten, quería chamar a atención ás Sras. e Sres. deputados sobre este punto que acabamos de aprobar. Sen dúbida, todos os que aprobamos ata agora teñen unha importancia e unha relevancia fundamental para a provincia, para a calidade de vida dos cidadáns, pero este punto é un punto que me gusta resaltar porque como vostedes saben, desde a aplicación, a entrada en vigor da Lei de morosidade, as administracións públicas teñen fixados uns prazos para pagar as facturas, é obrigatorio desde o último trimestre, desde setembro do ano pasado, informar con regularidade aos Plenos da situación en que se atopa o pago a provedores.

O ano pasado informamos ao final do cuarto trimestre e informámoslles de que estabamos a pagar en 27 días, 27 días naturais desde que entra a factura no Rexistro ata que se materializa efectivamente na conta corrente o pago dese servizo, neste trimestre aumentamos a 32 días, a lei obriga a pagar en 50 días, estamos a pagar en 32. Esta demora de 5 días débese á situación específica que temos todos os primeiros trimestres en calquera administración, que temos que facer o asento de peche, o asento de apertura e incorporación de remanentes, o que xera atrasos no pago das facturas. Hoxe pódolles comunicar aos Sres. e Sras. deputadas, e creo que é unha boa noticia, nun momento en que as empresas teñen dificultades e unha demora nos pagos pode levar a unha situación de concurso, que estamos a pagar entre 12 e 15 días naturais, e que estamos a aplicar o procedemento de facturación electrónica, co cal pretendemos seguir acurtando este prazo. E tamén para satisfacción de todos os deputados e todas as deputadas, nun momento en que acabamos o noso mandato, porque este é o último Pleno ordinario que facemos, é unha satisfacción dicir que isto podémolo facer porque gozamos dunha boa situación de Tesourería e gozamos dunha boa situación financeira, e acabar un mandato podendo dicir isto, creo que é algo que nos enche de orgullo a todos, independentemente de que esteamos no Goberno ou esteamos na oposición.

Era simplemente esta breve reflexión para chamar aos deputados a atención sobre a importancia e a transcendencia que ten para moitas empresas que prestan servizos ou fan obras para a Deputación, este dato.

## ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e a Tesourería provincial en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se publique un anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor das persoas interesadas para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

### **42.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MELIDE EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Melide en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

### **43.-MODIFICAR A ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS, engadindo ao artigo 6 un apartado d) coa seguinte redacción:
  - d) Para os concellos que non teñen delegada a xestión, inspección e recadación dos impostos municipais obrigatorios non serán aplicables as letras anteriores, senón as porcentaxes seguintes:
    - d.1) No caso de que a Deputación asuma a instrución e, a recadación voluntaria e executiva das sancións municipais de tráfico:
      - O **12,5%** do importe recadado en concepto de sanción en período voluntario.
      - O **25%** do importe recadado en concepto de sanción en período executivo.
    - d.2) No caso de que a Deputación asuma a recadación executiva das sancións municipais de tráfico:
      - A totalidade do importe da recarga do período executivo que corresponda (10 ou 20%) relativo ás sancións que foran efectivamente recadadas.
    - d.3) No caso da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais:
      - O **5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
      - O **75%** do importe das recargas de constrinximento recadadas en período executivo.
      - O **50%** do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral, recadadas no período voluntario e executivo. No caso de que os anteriores importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo.
2. O acordo expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o art. 17 do texto refundido da

Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3. Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra da modificación da Ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios.
4. A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo .

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **44.-APROBAR AS BASES SINGULARES PARA A XESTIÓN POR DELEGACIÓN DA RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓN DE TRÁFICO DO CONCELLO DA CORUÑA E ACEPTACIÓN DA DEVANDITA DELEGACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar as bases que se xuntan que regulan singularmente a delegación que o Concello da Coruña realiza na Deputación das facultades en materia de recadación executiva en vía de constrinximento das sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, da Ordenanza municipal de tráfico e demais normativa vixente de aplicación, que sexan instruídas polos órganos competentes do Concello da Coruña e que correspondan a infractores que estean domiciliados noutro termo municipal.

#### **BASES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS DE TRÁFICO AO CONCELLO DA CORUÑA**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN**

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa do Concello da Coruña, as competencias en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, ordenanzas municipais e demais normativa vixente de aplicación,



que sexan instruídas polos órganos competentes do Concello da Coruña, e que correspondan a infractores que estean domiciliados noutro termo municipal.

## **SEGUNDA.- ALCANCE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DELEGADAS**

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias da recadación executiva das sancións municipais de tráfico especificadas na base primeira.

A actuación da Deputación comezará coa notificación das providencias de constrinximento ditadas previamente polo tesoureiro do Concello da Coruña e remitidas por este ao Servizo de Recadación da Deputación. Para estes efectos deberá remitirse á Deputación a documentación e o ficheiro informático que acorden as dúas administracións, que conteña a información necesaria para que poida levar a efecto a xestión obxecto de delegación.

A Deputación da Coruña levará a cabo o desenvolvemento do procedemento de prema en todas as súas fases, de acordo co disposto na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo das especialidades que afecten á normativa específica de tráfico e seguridade viaria.

En particular, será competencia da Deputación:

- A tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pago.
- Declaración de insolvencia e créditos incobrables.
- A suspensión, nos supostos establecidos na normativa de aplicación, do procedemento de constrinximento.
- O desenvolvemento e execución do expediente de constrinximento desde o seu inicio á súa terminación por cobro, insolvencia ou outros motivos establecidos.
- A práctica de embargos.

Corresponderalle á Tesourería do Concello da Coruña:

- Ditar e emitir a providencia de constrinximento.
- Resolver os recursos que se presenten contra a providencia de constrinximento.

## **TERCEIRA.- INFORMACIÓN DA XESTIÓN DA DIPUTACION AO CONCELLO**

O Concello da Coruña terá acceso, en tempo real, a través dos usuarios que determine, tanto ao seguimento e control da xestión global realizada por delegación súa, como aos seus expedientes individuais. Disporá para estes efectos de todas as posibilidades de

consulta que permita a aplicación de xestión da Deputación, dentro do marco establecido pola lexislación xeral sobre protección de datos e a normativa específica que para o seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

Adicionalmente e con carácter anual, dentro do mes natural seguinte á finalización de cada exercicio, a Deputación renderá estado demostrativo da xestión realizada no ano con indicación de: cargos recibidos, pendente de cobro do ano anterior, rectificacións de cargo, cobros e datas, devolucións de ingreso e pendente de cobro ao ano seguinte.

#### **CUARTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DELEGADOS**

A taxa que ha aboar o Concello da Coruña pola xestión realizada obxecto de delegación nestas bases, será o equivalente á totalidade da recarga do período executivo que corresponda relativo ás sancións que sexan efectivamente recadadas.

#### **QUINTA.- LIQUIDACIÓN AO CONCELLO DOS INGRESOS RECADADOS**

A recadación líquida obtida a favor do Concello da Coruña, liquidarase por trimestres. A de cada trimestre será entregada dentro do trimestre inmediatamente seguinte. Na devandita liquidación descontarase a taxa pola prestación do servizo que corresponda, de acordo co establecido na base anterior.

#### **SEXTA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN**

O prazo de vixencia da delegación de competencias regulada nestas bases será de dez anos contados a partir da entrada en vigor desta.

No entanto, a devandita delegación poderá rematar en calquera momento, por mutuo acordo das partes.

#### **SÉTIMA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN**

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación, as competencias e funcións que se detallan nas presentes bases será o seguinte:

- 1) Acordo de delegación de competencias e aprobación destas bases adoptado polo Pleno do Concello.
- 2) Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e traslado deste á Deputación, mediante certificación expedida polo secretario xeral do Concello da Coruña.
- 3) Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, polo que se aproban as bases e aceptan a delegación nos termos destas.
- 4) Publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

## **OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR**

A entrada en vigor da delegación producirase con efectos desde o primeiro día do mes seguinte á última publicación das previstas na base anterior. Poderá afectar á xestión executiva daquelas sancións anteriores á data de entrada en vigor que estando en vía executiva se entreguen á Deputación nun prazo para a prescrición, inferior a seis meses.

## **NOVENA.- NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO**

Habilítase á Presidencia da Deputación para ditar as normas necesarias para o adecuado desenvolvemento das presentes bases e para unha mellor execución das competencias obxecto de delegación.

2. Aceptar a delegación acordada polo Concello da Coruña nas condicións establecidas no devandito acordo e nas bases para a delegación que se achegan.
3. Publicar o seguinte acordo no Boletín Oficial da Coruña e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento.
4. A aplicación efectiva da base cuarta quedará condicionada á entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal número 5 desta Deputación relativa á taxa pola prestación dos servizos tributarios.”

## **45.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS ACORDADA POLO CONCELLO DE CARBALLO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo **CONCELLO DE CARBALLO** en relación coa seguinte materia:

\* Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación de servizos en materia de sancións de tráfico e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos

que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios.

A executividade deste acordo de delegación queda condicionada á entrada en vigor das ditas bases aprobadas inicialmente en sesión plenaria do 25 de marzo de 2011, así como ao acordo de aprobación definitiva da Ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa pola prestación dos servizos tributarios, e ademais á publicación no Boletín Oficial da Provincia e da comunidade autónoma do acordo de aceptación da delegación pola Deputación Provincial da Coruña, conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

**46.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS ACORDADA POLO CONCELLO DE CARBALLO EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo **CONCELLO DE CARBALLO** en relación coa seguinte materia:

\* Recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación de servizos en materia de sancións de tráfico e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios.

A executividade deste acordo de delegación queda condicionada á entrada en vigor das ditas Bases aprobadas inicialmente en sesión plenaria do 25 de marzo de 2011, así como ao acordo de aprobación definitiva da Ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa pola prestación dos servizos tributarios, e ademais á publicación no Boletín Oficial da Provincia e da comunidade autónoma do acordo de aceptación da delegación pola Deputación Provincial da Coruña, conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

**47.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA ACORDADA POLO CONCELLO DE CARBALLO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo **CONCELLO DE CARBALLO**.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación de servizos en materia de sancións de tráfico e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios.

A executividade deste acordo de delegación queda condicionada á entrada en vigor das ditas bases aprobadas inicialmente en sesión plenaria do 25 de marzo de 2011, así como ao acordo de aprobación definitiva da Ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa pola prestación dos servizos tributarios, e ademais á publicación no Boletín Oficial da Provincia e da comunidade autónoma do acordo de aceptación da delegación pola Deputación Provincial da Coruña, conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Bos días a todos. Efectivamente, no punto 41 é de felicitar e felicitarnos o que, en momentos de crise como o actual, estea a pagarse aos provedores en tan pouco tempo e se estea cumprindo tan rigorosamente nese aspecto. Nós o que vimos facer un pouco nesta pregunta é precisamente xa que a Deputación ten esta boa situación de tesourería e financiamento que acaba vostede de destacar, Sr. presidente, como está a demanda que o Concello de Arteixo, aquí tamén está a compañeira deputada e a súa alcaldesa, con respecto á denuncia que queren facerlle por falta de pago nos custos do mantemento dos bombeos do Polígono de Sabón, estamos a ver en prensa, que é un pouco unha contradición, se temos unha boa situación financeira, como acaba vostede de destacar, é unha pena que saian en prensa situacións destas e que se vexan os concellos, neste caso, abocados en Pleno a tomar a decisión de presentar unha demanda, parece que as dúas cousas non encaixan moi ben, son 370.000 euros que, dalgunha maneira, podían estar e debían de estar pagos, algúns mesmo vén a débeda desde o ano 2009, entón queredamos preguntar acerca de como está este tema e se, por alusións, a Sra. Pilar, alcaldesa de Arteixo e tamén deputada provincial, quere tamén dicirnos como está, nós queredamos esa información.

Sr. presidente

Grazas, Sra. deputada, vostede realmente sabe do que está a falar?, porque me dá a impresión de que non, de que improvisa. Hai un problema, é dicir, a Deputación non pode pagarlle a un Concello cando os informes xurídicos e técnicos da Deputación din que o Concello non ten razón, e os informes xurídicos e técnicos do Concello din que o Concello ten razón, ben, pois o Concello en función das súas competencias presentou un recurso contencioso-administrativo e tramitarase. Non lle pagamos porque, eu teño que pór a firma, pero teño que pór a firma debaixo dun documento que diga que hai que pagar, o que non podo pór é unha firma de páguese cando di que non hai por que pagar, é un problema xurídico que non foron capaces de pórse de acordo os técnicos e dilucidarase onde se ten que dilucidar, e non hai nada máis.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.